Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 07/10/2021 01:40:40
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 211
7 de outubro de 2021

Fascículo 1

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.1.2. Regulamento do Parlamento
1.1.1.3. Normas complementarias e acordos interpretativos do Regulamento

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de outubro de 2021, relativo ao artigo 72.4 do Regulamento da Cámara sobre a inclusión de preguntas na primeira sesión dos períodos de sesións do Pleno e das comisións 82779

1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia, do 6 de outubro de 2021, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 [11/PL-000010 (doc. núm. 21016)] 82779

1.4. Procedementos de información
1.4.4. Preguntas
1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a unha comisión e publicación

23179 (11/POC-003993)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e 2 máis
Sobre o horario límite de apertura ao público dos locais de hostalaría e ocio nocturno e os protocolos sanitarios establecidos 82795

23249 (11/POC-003996)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre a decisión da Consellería de Educación de trasladar e modificar o horario de Educación Secundaria para Adultos do Instituto de Educación Secundaria Concepción Arenal en Ferrol 82800

23293 (11/POC-004001)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a prestación do Servicio de transporte sanitario terrestre directamente pola Xunta de Galicia 82803

23305 (11/POC-004003)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre a cobertura da praza de docente de xeografía e historia no Instituto de Educación Secundaria de Poio 82806

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

22642 (11/POC-003935)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre o foro de debate que se vai desenvolver na illa da Toxa 82809

22728 (11/POC-003937)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre os terreos portuarios da Coruña 82814

22735 (11/POC-003938)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis
Sobre o plan de choque aprobado polo Goberno central para mitigar o impacto da escalada do prezo da electricidade 82818

22740 (11/POC-003939)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e 7 máis
Sobre a inclusión do lobo na Listaxe de especies en réxime de protección especial 82820

22746 (11/POC-003940)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento dun docente especialista en Educación Musical a tempo completo no Colexio de Educación Infantil e Primaria Sagrada Familia, da Coruña 82822

22752 (11/POC-003941)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento de dous docentes a tempo completo no Instituto de Educación Secundaria Urbano Lugrís da Coruña 82825

22757 (11/POC-003942)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre a situación e o futuro do sector da automoción en Vigo e Galicia 82829

22762 (11/POC-003943)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre a carta enviada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á Alcaldía de Tomiño en relación coa xestión da auga e das depuradoras 82834

22777 (11/POC-003949)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento dun docente titor a tempo completo no Colexio de Educación Infantil e Primaria Ramón de la Sagra, na Coruña, para o grupo de 1ºA de educación primaria 82837

22783 (11/POC-003950)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Presas Bergantiños, Noa
Sobre a información e a documentación do proxecto mineiro *Alberta I* e o acto de presentación de alegacións contra del 82840

22879 (11/POC-003953)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre o reforzo do Instituto Galego de Consumo para a resolución dos expedientes 82843

22899 (11/POC-003954)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre os horarios e a frecuencia das liñas de autobuses O Barco de Valdeorras-A Gudiña e O Barco de Valdeorras-O Bolo 82846

22922 (11/POC-003955)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre os fondos documentais e bibliográficos da entidade Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña 82850

22935 (11/POC-003956)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as relacións contractuais entre Navantia e as súas subcontratas 82855

22950 (11/POC-003957)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a falta de auga potable e de saneamento nas parroquias do concello de Pantón e noutras zonas do rural galego 82859

22954 (11/POC-003958)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre os compromisos de investimentos do presidente da Xunta de Galicia co alcalde de Viana do Bolo 82862

22962 (11/POC-003959)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre o modelo de xestión do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo, en Pontevedra 82865

22966 (11/POC-003960)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre as necesidades sanitarias no concello de Soutomaior 82868

22971 (11/POC-003961)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre o incumprimento do caudal ecolóxico do río Verdugo na ponte do Inferno 82871

22975 (11/POC-003962)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a apertura ao público e a realización do inventario dos bens da casa Cornide, na Coruña 82874

22978 (11/POC-003963)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a desafectación e o novo uso do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Baamonde, en Begonte 82878

22988 (11/POC-003964)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra 82880

22994 (11/POC-003965)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a reversión da titularidade e da xestión do servizo de transporte sanitario terrestre e a mellora das condicións do seu persoal 82882

22996 (11/POC-003966)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as residencias de titularidade pública xestionadas polo grupo empresarial DomusVi en Galicia 82884

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

23000 (11/POC-003967)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre o incumprimento da toponimia oficial no foro de debate que se está a desenvolver na illa da Toxa 82886

23003 (11/POC-003968)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis
Sobre a reindustrialización da Mariña lucense 82888

23022 (11/POC-003969)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre o mantemento dos postos de traballo na factoría de Vestas, en Viveiro, e a industrialización na comarca da Mariña lucense 82890

23026 (11/POC-003970)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a construción dunha ruta de sendeirismo polo río Mendo no concello de Oza-Cesuras 82893

23032 (11/POC-003971)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a prestación de servizos sanitarios na localidade de Baamonde, en Begonte 82897

23040 (11/POC-003972)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as concesións a empresas privadas da xestión das residencias de titularidade pública 82900

23045 (11/POC-003973)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a evolución da economía galega 82904

23053 (11/POC-003974)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre a construción de novas residencias de maiores 82907

23070 (11/POC-003975)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre os parques eólicos proxectados nos concellos de Ferrol e Narón e a protección do patrimonio paisaxístico e histórico 82910

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

23076 (11/POC-003976)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre o pechamento do consultorio do barrio de Ferrol Vello, no concello de Ferrol 82914

23105 (11/POC-003977)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa 82917

23113 (11/POC-003979)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre o mapa dos xeodestinos turísticos de Galicia e o seu marco normativo 82919

23132 (11/POC-003980)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre a presenza da lingua galega nas redes sociais e aplicacións de intelixencia artificial 82922

23135 (11/POC-003981)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 6 máis
Sobre a evolución e a reactivación do sector turístico 82925

23137 (11/POC-003982)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 6 máis
Sobre a promoción do Xacobeo 82927

23138 (11/POC-003983)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 6 máis
Sobre o Plan director 2021-2023 Galicia destino seguro 82929

23139 (11/POC-003984)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 6 máis
Sobre a posta en marcha do seguro covid para garantir a seguridade dos viaxeiros que visiten Galicia 82931

23140 (11/POC-003985)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 6 máis
Sobre as medidas previstas no Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021 82933

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

23145 (11/POC-003986)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre a situación da fábrica de Alu Ibérica na Coruña 82935

23150 (11/POC-003987)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as liñas de actuación da Axencia Galega das Industrias Culturais 82938

23153 (11/POC-003988)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a protección e a conservación dos bens de interese cultural da Ribeira Sacra, en particular do conxunto monumental de San Salvador de Asma, no concello de Chantada 82940

23157 (11/POC-003989)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre os avances no impulso do proxecto do *Hub* audiovisual da industria cultural 82943

23161 (11/POC-003990)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actividades na illa de San Simón e o seu valor simbólico 82945

23168 (11/POC-003991)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o cumprimento das condicións da concesión das illas de San Simón e San Antón, a regulación das actividades permitidas e a elaboración dun plan de protección 82949

23174 (11/POC-003992)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a contaminación nos ríos Deza e Asneiros 82952

22770 (11/POC-003944)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a redacción do estatuto profesional da Corporación Radio e Televisión de Galicia e a creación do consello de informativos 82955

22771 (11/POC-003945)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a presenza do deporte feminino nos espazos informativos e na programación da Corporación Radio e Televisión de Galicia 82957

22772 (11/POC-003946)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a situación de acoso laboral denunciada por un traballador da Corporación Radio e Televisión de Galicia 82959

22773 (11/POC-003947)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a precariedade laboral e a contratación de persoal na Corporación Radio e Televisión de Galicia 82961

22774 (11/POC-003948)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a denuncia interposta pola plataforma Defende a Galega ante a Valedora do Pobo por incumprimento da Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, por parte da Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia 82963

23112 (11/POC-003978)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre o deseño e a distribución en franxas horarias da programación da Televisión de Galicia 82965

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

22637 (11/PRE-007009)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre o uso gratuíto do transporte escolar por parte do alumnado de formación profesional básica 82968

22643 (11/PRE-007010)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre o foro de debate que se vai desenvolver na illa da Toxa 82971

22653 (11/PRE-007011)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre os problemas do transporte escolar en Galicia 82976

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

22729 (11/PRE-007012)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre os terreos portuarios da Coruña 82979

22747 (11/PRE-007013)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento dun docente especialista en Educación Musical a tempo completo no Colexio de Educación Infantil e Primaria Sagrada Familia, da Coruña 82983

22753 (11/PRE-007014)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento de dous docentes a tempo completo no Instituto de Educación Secundaria Urbano Lugrís da Coruña 82986

22758 (11/PRE-007015)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre a situación e o futuro do sector da automoción en Vigo e Galicia 82990

22764 (11/PRE-007016)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre a carta enviada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á alcaldía de Tomiño en relación coa xestión da auga e das depuradoras 82995

22778 (11/PRE-007017)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento dun docente titor a tempo completo no Colexio de Educación Infantil e Primaria Ramón de la Sagra, na Coruña, para o grupo de 1ºA de educación primaria 82998

22782 (11/PRE-007018)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Presas Bergantiños, Noa
Sobre a información e a documentación do proxecto mineiro *Alberta I* e o acto de presentación de alegacións contra del 83001

22848 (11/PRE-007019)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP-9 83004

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

22872 (11/PRE-007020)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a atención á saúde mental 83008

22880 (11/PRE-007021)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre o reforzo do Instituto Galego de Consumo para a resolución dos expedientes 83013

22900 (11/PRE-007022)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre os horarios e a frecuencia das liñas de autobuses O Barco de Valdeorras-A Gudiña e O Barco de Valdeorras-O Bolo 83016

22923 (11/PRE-007023)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre os fondos documentais e bibliográficos da entidade Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña 83020

22936 (11/PRE-007024)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as relacións contractuais entre Navantia e as súas subcontratas 83025

22951 (11/PRE-007025)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a falta de auga potable e de saneamento nas parroquias do concello de Pantón e noutras zonas do rural galego 83029

22955 (11/PRE-007026)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre os compromisos de investimentos do presidente da Xunta de Galicia co alcalde de Viana do Bolo 83032

22963 (11/PRE-007027)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre o modelo de xestión do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo, en Pontevedra 83035

22967 (11/PRE-007028)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre as necesidades sanitarias no concello de Soutomaior 83038

22972 (11/PRE-007029)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre o incumprimento do caudal ecolóxico do río Verdugo na ponte do Inferno 83041

22976 (11/PRE-007030)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a apertura ao público e a realización do inventario dos bens da casa Cornide, na Coruña 83044

22980 (11/PRE-007031)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a desafectación e o novo uso do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Baamonde, en Begonte 83048

22989 (11/PRE-007032)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra 83050

22995 (11/PRE-007033)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a reversión da titularidade e da xestión do servizo de transporte sanitario terrestre e a mellora das condicións do seu persoal 83052

22998 (11/PRE-007034)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as residencias de titularidade pública xestionadas polo grupo empresarial DomusVi en Galicia 83054

23002 (11/PRE-007035)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre o incumprimento da toponimia oficial no foro de debate que se está a desenvolver na illa da Toxa 83056

23005 (11/PRE-007036)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis
Sobre a reindustrialización da Mariña lucense 83058

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

23023 (11/PRE-007037)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre o mantemento dos postos de traballo na factoría de Vestas, en Viveiro, e a industrialización na comarca da Mariña lucense 83060

23027 (11/PRE-007038)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a construción dunha ruta de sendeirismo polo río Mendo no concello de Oza-Cesuras 83063

23033 (11/PRE-007039)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a prestación de servizos sanitarios no Consultorio de Baamonde, en Begonte 83067

23042 (11/PRE-007040)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as concesións a empresas privadas da xestión das residencias de titularidade pública 83070

23046 (11/PRE-007041)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a evolución da economía galega 83074

23052 (11/PRE-007042)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre a construción de novas residencias de maiores 83077

23072 (11/PRE-007043)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre os parques eólicos proxectados nos concellos de Ferrol e Narón e a protección do patrimonio paisaxístico e histórico 83080

23075 (11/PRE-007044)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre o pechamento do consultorio do barrio de Ferrol Vello, no concello de Ferrol 83084

23106 (11/PRE-007045)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa 83087

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

23115 (11/PRE-007046)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre o mapa dos xeodestinos turísticos de Galicia e o seu marco normativo 83089

23117 (11/PRE-007047)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre o deseño e a distribución en franxas horarias da programación da Televisión de Galicia 83092

23133 (11/PRE-007048)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre a presenza da lingua galega nas redes sociais e aplicacións de intelixencia artificial 83095

23146 (11/PRE-007049)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre a situación da fábrica de Alu Ibérica na Coruña 83098

23154 (11/PRE-007050)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a protección e a conservación dos bens de interese cultural da Ribeira Sacra, en particular do conxunto monumental de San Salvador de Asma, no concello de Chantada 83101

23162 (11/PRE-007051)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actividades na illa de San Simón e o seu valor simbólico 83104

23170 (11/PRE-007052)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o cumprimento das condicións da concesión das illas de San Simón e San Antón, a regulación das actividades permitidas e a elaboración dun plan de protección 83108

23175 (11/PRE-007053)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a contaminación nos ríos Deza e Asneiros 83111

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1.2. Regulamento do Parlamento

1.1.1.3. Normas complementarias e acordos interpretativos do Regulamento

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de outubro de 2021, relativo ao artigo 72.4 do Regulamento da Cámara sobre a inclusión de preguntas na primeira sesión dos períodos de sesións do Pleno e das comisións

A experiencia da práctica parlamentaria das pasadas lexislaturas pon de manifesto a dificultade de confeccionar as ordes do día dos órganos parlamentarios no referido á inclusión das preguntas orais ao comezo de cada período ordinario de sesións.

As previsións regulamentarias dos artigos 155 e 156 respecto da publicidade de 4 días exixida para a inclusión das preguntas orais en pleno e en comisión aconsellan a necesidade de modificar o *modus operandi* que facilite a plena efectividade dos dereitos dos parlamentarios e parlamentarias a formular preguntas en pleno e en comisión ao comezo de cada período de sesións.

Por todo o antedito, a Mesa, oída a Xunta de Portavoces, na sesión do 5 de outubro de 2021, adopta o seguinte ACORDO:

As preguntas parlamentarias cualificadas e admitidas a trámite estarán en disposición de seren incluídas na orde do día da primeira sesión do período ordinario de sesións do Pleno e das comisión competentes para o seu debate, aínda que non se cumpriran os prazos de publicidade previstos nos artigos 155 e 156 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia, do 6 de outubro de 2021, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 [11/PL-000010 (doc. núm. 21016)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 23351, o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 [11/PL-000010 (doc. núm. 21016)].

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 23351, presentado polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

2º. Ampliar, por cuarta vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 [11/PL-000010 (doc. núm. 21016)] ata o día 14 de outubro de 2021, ás 18:30 horas.

3º. Dar conta desta resolución á Mesa e á Xunta de Portavoces.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de outubro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información
1.4.4. Preguntas
1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a unha comisión e publicación

- 23179 (11/POC-003993)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e 2 máis
Sobre o horario límite de apertura ao público dos locais de hostalaría e ocio nocturno e os protocolos sanitarios establecidos
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23249 (11/POC-003996)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre a decisión da Consellería de Educación de trasladar e modificar o horario de Educación Secundaria para Adultos do Instituto de Educación Secundaria Concepción Arenal en Ferrol
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 23293 (11/POC-004001)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a prestación do Servicio de transporte sanitario terrestre directamente pola Xunta de Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 23305 (11/POC-004003)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre a cobertura da praza de docente de xeografía e historia no Instituto de Educación Secundaria de Poio
Comisión 4ª, Educación e Cultura

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 22642 (11/POC-003935)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre o foro de debate que se vai desenvolver na illa da Toxa
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22728 (11/POC-003937)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre os terreos portuarios da Coruña
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22735 (11/POC-003938)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis
Sobre o plan de choque aprobado polo Goberno central para mitigar o impacto da escalada do prezo da electricidade
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 22740 (11/POC-003939)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e 7 máis
Sobre a inclusión do lobo na Listaxe de especies en réxime de protección especial
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22746 (11/POC-003940)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento dun docente especialista en Educación Musical a tempo completo no Colexio de Educación Infantil e Primaria Sagrada Familia, da Coruña
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22752 (11/POC-003941)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento de dous docentes a tempo completo no Instituto de Educación Secundaria Urbano Lugrís da Coruña
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 22757 (11/POC-003942)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre a situación e o futuro do sector da automoción en Vigo e Galicia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 22762 (11/POC-003943)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre a carta enviada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á Alcaldía de Tomiño en relación coa xestión da auga e das depuradoras
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22777 (11/POC-003949)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento dun docente titor a tempo completo no Colexio de Educación Infantil e Primaria Ramón de la Sagra, na Coruña, para o grupo de 1ºA de educación primaria
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22783 (11/POC-003950)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Presas Bergantiños, Noa
Sobre a información e a documentación do proxecto mineiro *Alberta I* e o acto de presentación de alegacións contra del
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22879 (11/POC-003953)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre o reforzo do Instituto Galego de Consumo para a resolución dos expedientes
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 22899 (11/POC-003954)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre os horarios e a frecuencia das liñas de autobuses O Barco de Valdeorras-A Gudiña e O Barco de Valdeorras-O Bolo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22922 (11/POC-003955)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre os fondos documentais e bibliográficos da entidade Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 22935 (11/POC-003956)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as relacións contractuais entre Navantia e as súas subcontratas
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 22950 (11/POC-003957)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a falta de auga potable e de saneamento nas parroquias do concello de Pantón e noutras zonas do rural galego
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22954 (11/POC-003958)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre os compromisos de investimentos do presidente da Xunta de Galicia co alcalde de Viana do Bolo
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 22962 (11/POC-003959)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre o modelo de xestión do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo, en Pontevedra
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22966 (11/POC-003960)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre as necesidades sanitarias no concello de Soutomaior
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22971 (11/POC-003961)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre o incumprimento do caudal ecolóxico do río Verdugo na ponte do Inferno
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos
- 22975 (11/POC-003962)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a apertura ao público e a realización do inventario dos bens da casa Cornide, na Coruña
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22978 (11/POC-003963)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a desafectación e o novo uso do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Baamonde, en Begonte
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22988 (11/POC-003964)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22994 (11/POC-003965)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a reversión da titularidade e da xestión do servizo de transporte sanitario terrestre e a mellora das condicións do seu persoal
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22996 (11/POC-003966)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as residencias de titularidade pública xestionadas polo grupo empresarial DomusVi en Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 23000 (11/POC-003967)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre o incumprimento da toponimia oficial no foro de debate que se está a desenvolver na illa da Toxa
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 23003 (11/POC-003968)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis
Sobre a reindustrialización da Mariña lucense
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23022 (11/POC-003969)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre o mantemento dos postos de traballo na factoría de Vestas, en Viveiro, e a industrialización na comarca da Mariña lucense
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23026 (11/POC-003970)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a construción dunha ruta de sendeirismo polo río Mendo no concello de Oza-Cesuras
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 23032 (11/POC-003971)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a prestación de servizos sanitarios na localidade de Baamonde, en Begonte
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 23040 (11/POC-003972)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as concesións a empresas privadas da xestión das residencias de titularidade pública
Comisión 5º, Sanidade, Política Social e Emprego

- 23045 (11/POC-003973)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a evolución da economía galega
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 23053 (11/POC-003974)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre a construción de novas residencias de maiores
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 23070 (11/POC-003975)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre os parques eólicos proxectados nos concellos de Ferrol e Narón e a protección do patrimonio paisaxístico e histórico
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23076 (11/POC-003976)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre o pechamento do consultorio do barrio de Ferrol Vello, no concello de Ferrol
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 23105 (11/POC-003977)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 23113 (11/POC-003979)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre o mapa dos xeodestinos turísticos de Galicia e o seu marco normativo
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23132 (11/POC-003980)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre a presenza da lingua galega nas redes sociais e aplicacións de intelixencia artificial
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 23135 (11/POC-003981)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 6 máis
Sobre a evolución e a reactivación do sector turístico
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23137 (11/POC-003982)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 6 máis
Sobre a promoción do Xacobeo
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23138 (11/POC-003983)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 6 máis
Sobre o Plan director 2021-2023 Galicia destino seguro
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23139 (11/POC-003984)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 6 máis
Sobre a posta en marcha do seguro covid para garantir a seguridade dos viaxeiros que visiten Galicia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23140 (11/POC-003985)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 6 máis
Sobre as medidas previstas no Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23145 (11/POC-003986)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a situación da fábrica de Alu Ibérica na Coruña
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23150 (11/POC-003987)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as liñas de actuación da Axencia Galega das Industrias Culturais
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 23153 (11/POC-003988)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a protección e a conservación dos bens de interese cultural da Ribeira Sacra, en particular do conxunto monumental de San Salvador de Asma, no concello de Chantada
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 23157 (11/POC-003989)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre os avances no impulso do proxecto do *Hub* audiovisual da industria cultural
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 23161 (11/POC-003990)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actividades na illa de San Simón e o seu valor simbólico
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 23168 (11/POC-003991)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o cumprimento das condicións da concesión das illas de San Simón e San Antón, a regulación das actividades permitidas e a elaboración dun plan de protección
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 23174 (11/POC-003992)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a contaminación nos ríos Deza e Asneiros
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22770 (11/POC-003944)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a redacción do estatuto profesional da Corporación Radio e Televisión de Galicia e a creación do consello de informativos
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 22771 (11/POC-003945)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a presenza do deporte feminino nos espazos informativos e na programación da Corporación Radio e Televisión de Galicia
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 22772 (11/POC-003946)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a situación de acoso laboral denunciada por un traballador da Corporación Radio e Televisión de Galicia
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 22773 (11/POC-003947)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a precariedade laboral e a contratación de persoal na Corporación Radio e Televisión de Galicia
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 22774 (11/POC-003948)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a denuncia interposta pola plataforma Defende a Galega ante a Valedora do Pobo por incumprimento da Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, por parte da Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 23112 (11/POC-003978)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre o deseño e a distribución en franxas horarias da programación da Televisión de Galicia
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 22637 (11/PRE-007009)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre o uso gratuíto do transporte escolar por parte do alumnado de formación profesional básica

- 22643 (11/PRE-007010)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre o foro de debate que se vai desenvolver na illa da Toxa

- 22653 (11/PRE-007011)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre os problemas do transporte escolar en Galicia

- 22729 (11/PRE-007012)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre os terreos portuarios da Coruña

- 22747 (11/PRE-007013)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento dun docente especialista en Educación Musical a tempo completo no Colexio de Educación Infantil e Primaria Sagrada Familia, da Coruña

- 22753 (11/PRE-007014)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento de dous docentes a tempo completo no Instituto de Educación Secundaria Urbano Lugrís da Coruña

- 22758 (11/PRE-007015)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre a situación e o futuro do sector da automoción en Vigo e Galicia

- 22764 (11/PRE-007016)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre a carta enviada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á alcaldía de Tomiño en relación coa xestión da auga e das depuradoras

- 22778 (11/PRE-007017)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento dun docente titor a tempo completo no Colexio de Educación Infantil e Primaria Ramón de la Sagra, na Coruña, para o grupo de 1ºA de educación primaria

- 22782 (11/PRE-007018)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Presas Bergantiños, Noa

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a información e a documentación do proxecto mineiro *Alberta I* e o acto de presentación de alegacións contra del

- 22848 (11/PRE-007019)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP-9

- 22872 (11/PRE-007020)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a atención á saúde mental

- 22880 (11/PRE-007021)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre o reforzo do Instituto Galego de Consumo para a resolución dos expedientes

- 22900 (11/PRE-007022)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre os horarios e a frecuencia das liñas de autobuses O Barco de Valdeorras-A Gudiña e O Barco de Valdeorras-O Bolo

- 22923 (11/PRE-007023)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre os fondos documentais e bibliográficos da entidade Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña

- 22936 (11/PRE-007024)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as relacións contractuais entre Navantia e as súas subcontratas

- 22951 (11/PRE-007025)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a falta de auga potable e de saneamento nas parroquias do concello de Pantón e noutras zonas do rural galego

- 22955 (11/PRE-007026)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os compromisos de investimentos do presidente da Xunta de Galicia co alcalde de Viana do Bolo

- 22963 (11/PRE-007027)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre o modelo de xestión do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo, en Pontevedra

- 22967 (11/PRE-007028)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre as necesidades sanitarias no concello de Soutomaior

- 22972 (11/PRE-007029)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre o incumprimento do caudal ecolóxico do río Verdugo na ponte do Inferno

- 22976 (11/PRE-007030)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a apertura ao público e a realización do inventario dos bens da casa Cornide, na Coruña

- 22980 (11/PRE-007031)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a desafectación e o novo uso do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Baamonde, en Begonte

- 22989 (11/PRE-007032)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra

- 22995 (11/PRE-007033)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a reversión da titularidade e da xestión do servizo de transporte sanitario terrestre e a mellora das condicións do seu persoal

- 22998 (11/PRE-007034)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as residencias de titularidade pública xestionadas polo grupo empresarial DomusVi en Galicia

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 23002 (11/PRE-007035)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre o incumprimento da toponimia oficial no foro de debate que se está a desenvolver na illa da Toxa

- 23005 (11/PRE-007036)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis
Sobre a reindustrialización da Mariña lucense

- 23023 (11/PRE-007037)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre o mantemento dos postos de traballo na factoría de Vestas, en Viveiro, e a industrialización na comarca da Mariña lucense

- 23027 (11/PRE-007038)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a construción dunha ruta de sendeirismo polo río Mendo no concello de Oza-Cesuras

- 23033 (11/PRE-007039)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a prestación de servizos sanitarios no Consultorio de Baamonde, en Begonte

- 23042 (11/PRE-007040)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as concesións a empresas privadas da xestión das residencias de titularidade pública

- 23046 (11/PRE-007041)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a evolución da economía galega

- 23052 (11/PRE-007042)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre a construción de novas residencias de maiores

- 23072 (11/PRE-007043)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os parques eólicos proxectados nos concellos de Ferrol e Narón e a protección do patrimonio paisaxístico e histórico

- 23075 (11/PRE-007044)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre o pechamento do consultorio do barrio de Ferrol Vello, no concello de Ferrol

- 23106 (11/PRE-007045)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa

- 23115 (11/PRE-007046)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre o mapa dos xeodestinos turísticos de Galicia e o seu marco normativo

- 23117 (11/PRE-007047)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre o deseño e a distribución en franxas horarias da programación da Televisión de Galicia

- 23133 (11/PRE-007048)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre a presenza da lingua galega nas redes sociais e aplicacións de intelixencia artificial

- 23146 (11/PRE-007049)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre a situación da fábrica de Alu Ibérica na Coruña

- 23154 (11/PRE-007050)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a protección e a conservación dos bens de interese cultural da Ribeira Sacra, en particular do conxunto monumental de San Salvador de Asma, no concello de Chantada

- 23162 (11/PRE-007051)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actividades na illa de San Simón e o seu valor simbólico

- 23170 (11/PRE-007052)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o cumprimento das condicións da concesión das illas de San Simón e San Antón, a regulación das actividades permitidas e a elaboración dun plan de protección

- 23175 (11/PRE-007053)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a contaminación nos ríos Deza e Asneiros

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 09:51:56
Nº Rexistro: 23179
Data envio: 01/10/2021 09:51:56.131

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e **Carme González Iglesias,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, sobre a ampliación do horario de apertura ao público dos locais de hostalaría e ocio nocturno.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e adoptar un acordo no Parlamento sobre a ampliación do horario de apertura ao público dos locais de hostalaría e ocio nocturno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Covid-19 marcou un antes e un despois en termos sociais e económicos. O impacto da pandemia afectou á maior parte dos sectores produtivos do noso país, aínda que de forma asimétrica.

Un dos sectores máis prexudicados foi, sen dúbida, o da hostalaría; e dentro del, e de xeito especial, o ocio nocturno.

Por parte das administracións autonómica e estatal adoptáronse dende o primeiro momento necesarias medidas sanitarias tendentes a controlar a propagación do virus. En concreto, o sector da hostalaría e o ocio nocturno foi o primeiro en ver como se adoptaban para os seus negocios diferentes medidas restritivas de actividade, aforo

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 09:51:56
Nº Rexistro: 23179
Data envio: 01/10/2021 09:51:56.131

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou horario, que non foron acompañadas durante meses de axudas directas tendentes a compensar as perdas ocasionadas pola implantación de aquelas.

Isto provocou o peche de miles de negocios ao longo do noso país e deixou a gran parte do sector nunha situación case agónica.

Se ben é censurable esa falta de acompañamento (durante meses) por parte das administracións, non é menos certo que a adopción desas medidas estaba plenamente xustificada pola evolución da situación epidemiolóxica e a virulencia das diferentes vagas. A salvagarda da vida debe prevalecer sobre todo o demais.

Así, sucedéronse diferentes ordes da Consellería de Sanidade, nas que, e atendendo á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, se ían modificando determinados aspectos das medidas sanitarias coa finalidade de adaptalas á realidade do momento.

O 14 de setembro do presente ano publicouse a Orde pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura de Galiza, nos que se establece un protocolo que contempla para a hostalaría e restauración dous niveis. Cada nivel permite un aforo distinto e o uso das barras ou non; dependendo o estar nun ou outro nivel, da propietaria ou propietario do negocio e das medidas sanitarias que cumpra.

Esta orde contén medidas que poden ser máis ou menos discutibles, que provocaron no sector diferentes reaccións.

Unha das medidas máis contestadas foi a da limitación horaria: independentemente do nivel no que se atope o local, a hora de peche ao público será ás 1:00 horas (agás no nivel de seguridade, que sería ás 23:00 horas).

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 09:51:56
Nº Rexistro: 23179
Data envio: 01/10/2021 09:51:56.131

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que a Xunta debe valorar que nos atopamos ante un novo escenario. Unha nova realidade marcada polo feito que, a día de hoxe, os niveis de transmisión do virus atópanse en números similares aos acadados despois do confinamento e próximos aos que existían a comezos do verán do 2020. Pero coa diferencia (positiva) que os índices de vacinación son moi altos, cunha maioría da poboación galega coa pauta completa.

Por iso, dende o BNG consideramos que esa limitación horaria, que obriga a pechar ás 1.00 horas, carece de sentido. Se os locais cumpren nun ou noutro nivel coas medidas sanitarias que garanten que eses negocios son espazos seguros, non parece moi lóxico non permitirlles traballar ata a hora de peche fixada nas súas licenzas.

Se son teñen unha cunchiña ou dúas, son, segundo o Orde da Xunta, locais seguros. Pero igual de seguros serán pechando ás 1:00 horas coma ás 2:30 horas, coa diferencia que sen esa restrición horaria, poderían facturar durante unhas horas máis. O cal non é unha cuestión menor atendendo á delicada situación económica pola que están a pasar moitos destes negocios.

Algo que tamén sería extrapolable ao ocio nocturno, unha vez que se acorde o protocolo que, no momento de redactar esta iniciativa, se estaba a negociar entre a Xunta de Galiza e a representación dunha parte do sector.

Por todo isto entendemos que o horario límite de peche ao público, tanto no sector da hostalaría como no do ocio nocturno, debe estenderse ata a hora de peche fixada nas licenzas de apertura dos locais, sempre e cando os locais cumpran coas medidas fixadas no protocolo contido na orde de 14 de setembro de 2021, polo que se aproba o novo Plan de hostalaría segura de Galiza, e coas que se fixen no seu momento para o ocio nocturno.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 09:51:56
Nº Rexistro: 23179
Data envio: 01/10/2021 09:51:56.131

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

. Cal é razón pola que no protocolo sanitario da Orde de 14 de setembro 2021, que aproba o novo Plan de hostalaría segura de Galiza se fixa un horario límite de apertura ao público, que obriga a pechar antes da hora de peche fixada na licenza de apertura do local?

. Considera o goberno galego que un local que cumpra cos protocolos sanitarios fixados é un espazo seguro para evitar a propagación do virus?

. Considera o goberno galego que, coa aplicación destes protocolos polos locais de hostalaría e ocio nocturno, evítanse aglomeracións e garántese o mantemento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico o a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 09:51:56
Nº Rexistro: 23179
Data envio: 01/10/2021 09:51:56.131

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 01/10/2021 09:46:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 01/10/2021 09:46:49

María do Carme González Iglesias na data 01/10/2021 09:46:58

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23249
Data envio: 01/10/2021 14:02:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Daniel Castro García**, **Mercedes Queixas Zas** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre a supresión da ESA no IES Concepción Arenal do concello de Ferrol.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola contestación social diante da decisión da Consellaría de eliminar unha oferta formativa que ven impartíndose desde hai 50 anos na cidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No transcurso de esta semana, e xa unha vez iniciado o curso, a Consellaría de Educación ven de comunicar o "traslado" da educación secundaria para adultos (ESA) que ven impartíndose no IES Concepción Arenal á EPAU de Caranza.

Esta decisión contravén a normativa de aplicación, que fixa en 15 as persoas matriculadas necesarias para impartir esa modalidade de ensino, existindo no momento no que se comunica a decisión un número amplamente superior, que ademais, historicamente, medra unha vez avanza o curso.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23249
Data envio: 01/10/2021 14:02:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta modalidade de ensino, coñecida en Ferrol como "o nocturno", leva impartíndose no centro Concepción Arenal desde hai 50 anos, sendo sempre moi demandada.

A decisión do traslado en realidade significa a supresión da modalidade, porque ademais de cambiar o centro de ensino, elimina o horario de 18h a 22h.

O traslado de centro xa supón un prexuízo en si mesmo, xa que o Concepción Arenal está cabo da Estación de autobuses, o que facilita a matricula de moitas persoas de diferentes lugares da comarca.

A supresión do horario "nocturno" implica a retirada dun servizo moi específico e amplamente demandado por colectivos de persoas que teñen que compatibilizar traballo e/ou obrigas familiares cos estudos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

1. Que consideracións tivo en conta a Consellaría de educación para tomar a decisión de trasladar a ESA do Concello de Ferrol?

2. Considera a Xunta de Galiza que o centro de Caranza está mellor comunicado que o Concepción Arenal e polo tanto facilitará as matriculacións? Non é a situación un criterio importante á hora de situar un centro de ensino? Non será un problema engadido para as persoas das zonas rurais da comarca de Ferrol?

3. Que valoración fai a Xunta de Galiza do horario nocturno como oferta para as persoas que non poden asistir en outro horario? Non é discriminatorio que as persoas con obrigas laborais e/ou familiares carezan de oferta formativa oficial e regulada?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23249
Data envio: 01/10/2021 14:02:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Como é posíbel que unha decisión coma esta se tome unha vez iniciado o curso? Non representa un desprezo do traballo realizado polo equipo directivo previo ao inicio de curso para organizar horarios, espazos e equipos?

5. Como cre a Xunta que afectará esta decisión ás persoas que estaban matriculadas? Como podería evitar os prexuízos causados?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 01/10/2021 13:55:56

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/10/2021 13:55:59

Mercedes Queixas Zas na data 01/10/2021 13:56:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 01/10/2021 13:56:15

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2021 11:50:25
Nº Rexistro: 23293
Data envio: 04/10/2021 11:50:25.676

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa á necesidade de prestar de xeito directo pola Xunta de Galiza do Servizo de Transporte Sanitario Terrestre.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e adoptar un acordo en sede parlamentar canto antes a respecto da necesidade de prestar de xeito directo pola Xunta de Galiza do Servizo de Transporte Sanitario Terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG ten presentado múltiple iniciativas no Parlamento Galego referidas á situación do servizo de transporte sanitario terrestre, tanto no referido á insuficiencia dos recursos existentes, tanto técnicos como de vehículos e persoal, como ás deficiencias na prestación ou á situación laboral dos/as traballadores/as.

Dentro do sistema sanitario o Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes, tanto urxente como programado, ten un papel esencial, e como tal, debería estar perfectamente inserido no mesmo e contar cos recursos e persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade, mais esa non é a realidade.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2021 11:50:25
Nº Rexistro: 23293
Data envio: 04/10/2021 11:50:25.676

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debería ser un obxectivo prioritario, para o Goberno galego e para a consellaría de sanidade, mais a realidade vai na dirección contraria, a Xunta de Galiza opta por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación e nas condicións laborais dos/as traballadores/as. Foi deteriorando o servizo, con todas as decisións que foi tomando, de xeito que son habituais as denuncias de irregularidades na prestación do servizo.

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

Na actualidade a prestación do servizo de transporte sanitario terrestre está privatizado, a través de diferentes concursos. O BNG considera que como servizo esencial non pode estar en mans de empresas privadas, que teñen como obxectivo acadar beneficios, defendemos a necesidade de que o mesmo se realice mediante a prestación directa por parte da Xunta, na xestión, na provisión e na titularidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

. Vai o Goberno galego asumir a súa responsabilidade de prestar unha atención de calidade e iniciar o proceso para prestar o servizo de Transporte Sanitario Terrestre de forma directa na xestión, na provisión e na titularidade?

. Que modelo de transporte sanitario terrestre defende o Goberno galego?

. Considera a Xunta de Galiza que nas condicións actuais do servizo de transporte sanitario terrestre lle está prestando unha atención de calidade as/os galegas/os?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2021 11:50:25
Nº Rexistro: 23293
Data envio: 04/10/2021 11:50:25.676

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas vai tomar para mellorar a prestación do servizo?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2021 11:44:15

Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2021 11:44:19

Iria Carreira Pazos na data 04/10/2021 11:44:28

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2021 12:26:22
Nº Rexistro: 23305
Data envio: 04/10/2021 12:26:22.188

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do IES de Poio iniciou no día de hoxe, luns 4 de outubro, mobilizacións para demandarlle a consellaría de educación que cubra de maneira inmediata a praza de docente de xeografía e historia con destino definitivo no centro. Esta praza está vacante desde o inicio do curso porque a persoa titular está ocupando un posto nun organismo da Xunta e a consellaría non enviou outra docente para substituíla.

Estas mobilizacións veñen despois de que a Xunta se negase a atender as peticións da dirección do centro, que xustificou a demanda por medio dun informe, con datos do profesorado e do alumnado deste curso.

Consideramos que estamos diante dun novo exemplo de racanería miserábel e inxusta por parte da Xunta do PP, que está a privar dos seus dereitos ao alumnado de 1º de ESO e 2º de Bacharelato do centro, que en lugar de recibir as clases con normalidade ten que ser atendido por profesorado de garda.

Trátase dunha situación insostíbel e absurda, causada por un erro da consellaría e que debe ser resolta de xeito inmediato. Unha situación inxusta, que

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2021 12:26:22
Nº Rexistro: 23305
Data envio: 04/10/2021 12:26:22.188

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se pode resolver de hoxe para mañá xa que hai docentes nas listas de substitucións que poderían incorporarse ao centro en cuestión de horas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

Por que razón a consellaría de educación se nega a cubrir a praza de docente de xeografía e historia do IES de Poio que quedou vacante porque a persoa que ten destino definitivo no centro está ocupando un posto nun organismo dependente da consellaría?

Por que a consellaría de educación non atendeu as reiteradas demandas da dirección do centro para que se cubrise esta praza, petición avalada por un informe con datos de profesorado e alumnado do presente curso?

Como valora a Xunta o trato discriminatorio e inxusto que sofre o alumnado de 1º de ESO e 2º de Bacharelato que non está a recibir as clase de xeografía e historia?

Considera a Xunta normal que se teña que recorrer a mobilizacións do profesorado para resolver unha situación situación absurda que só se explica pola racanería e falta de sensibilidade da consellaría?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2021 12:26:22
Nº Rexistro: 23305
Data envio: 04/10/2021 12:26:22.188

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 04/10/2021 12:23:48

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/10/2021 12:23:52

Mercedes Queixas Zas na data 04/10/2021 12:23:59

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2021 12:24:09

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 10:10:21
Nº Rexistro: 22642
Data envio: 24/09/2021 10:10:21.026

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e **Daniel Castro García**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ás actuacións a realizar diante da celebración dun foro que vulnera a Lei de Normalizacion Lingüística e branquea o capital depredador.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os días 29 e 30 de setembro e o 1 de outubro vai celebrarse na Illa da Toxa, no concello de O Grove o "III Foro La Toja", un evento no que van participar entre outros o presidente da Xunta de Galiza, o presidente do Goberno español, expresidentes do Goberno español, como Felipe González e Mariano Rajoy, Felipe VI e representantes do mundo da empresa ou das finanzas.

Baixo a beatífica imanxen dun "foro de debate intelectual e académico para fomentar o intercambio de ideas e experiencias" o que agocha é a intención de deseñar e decidir o noso futuro.

Durante tres días reúnense representantes da elite política, económica e intelectual, banqueiros, xefes de goberno presentes e pasados, afinando as súas estratexias de dominación e explotación da maioría ao servizo do poder dominante que representan, responsábeis do proceso acelerado da degradación das condicións de vida da maioría da poboación, empobrecemento e precariedade da clase traballadora e desmantelamento dos servizos públicos.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 10:10:21
Nº Rexistro: 22642
Data envio: 24/09/2021 10:10:21.026

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non ten xustificación o apoio da Xunta de Galiza e do Goberno español a un Foro creado para promover e divulgar a ideoloxía neoliberal en materia de doutrina económica, social e política internacional.

Un foro creado para amparar e branquear ao poder económico máis agresivo contra o pobo como son a banca ou as eléctricas, e anular o país no que se celebra, Galiza, eliminando o galego, e mesmo vulnerando abertamente a Lei de Normalización Lingüística.

Con todo o que está acontecendo en Galiza é unha provocación o papel relevante que lle dan neste encontro aos presidentes de Abanca e Iberdrola, máximos expoñentes da estafa bancaria, peche de oficinas e perda de postos de traballo por un lado, e do espolio enerxético polo outro.

O que tería que facer o Presidente da Xunta é deixar de estar abrazado ao gran capital e reclamar nese Foro, o fin da estafa bancaria, do espolio enerxético aos que nos están sometendo @s galeg@s e rematar co deterioro dos servizos públicos, na vez de apoiar eses comportamentos empresariais.

Este foro ao denominarse “Foro La Toja” incumpre co seu nome a lexislación que recoñece a oficialidade única dos topónimos galegos, a empezar pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

Representa un exercicio de ostentación e de desprezo pola toponimia propia de Galiza, e polo tanto d@s galeg@s, unha agresión á nosa máis grande sinal de identidade como é a lingua que non se pode consentir.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 10:10:21
Nº Rexistro: 22642
Data envio: 24/09/2021 10:10:21.026

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non ten ningunha xustificación que responsábeis políticos, que deberían ser os máximos garantes tanto do cumprimento da lexislación como da protección e promoción da nosa , participen en eventos que a deturpan, sen solicitar a rectificación precisa.

Esta deturpación súmase á que se realiza de xeito permanente, por exemplo, tanto no monólito que hai na entrada da Illa ou no nome do hotel no que se realizou o foro, que non respectan a toponimia oficial.

Temos que sumar que a Xunta, en resolución do 13 de agosto de 2021, declara como de "interese galego" a "Fundación La Toja", constituída en Barcelona, e presidida por Amancio López Seijas, presidente do grupo hoteleiro HOTUSA, sen que teña feito nada para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, a pesares de que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo.

A todo o anterior hai que engadir o escaso papel de mulleres entre as persoas relatores, e polo tanto mostra o pouco interese deste “selecto clube” polas reflexións e análises que poidamos facer as mulleres en temas de tanta relevancia.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Cales son as razóns do evidente apoio político e institucional por parte da Xunta de Galiza a un Foro que responde ás premisas ideolóxicas e lingüísticas tan marcadas ?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 10:10:21
Nº Rexistro: 22642
Data envio: 24/09/2021 10:10:21.026

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Presta a Xunta de Galiza algún apoio económico a este foro? Si é positiva a resposta, cal é a contía e en concepto de que?

. Que accións vai realizar a Xunta de Galiza para esixir o uso legal do topónimo A Toxa?

. Non considera que é obriga do Goberno galego velar, como mínimo, polo cumprimento da lexislación que protexe a lingua e a toponimia galega?

. Coida que o Presidente da Xunta pode asistir a un evento onde non se respecta o topónimo de A Toxa e non esixir que se rectifique?

. Que xestións ten realizado a Xunta de Galiza para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, toda vez que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo ?

. Ten previsto o Presidente da Xunta reclamar nese Foro, atendo á presenza dos presidentes de Abanca e Iberdrola, o fin da estafa bancaria á que está sometendo @s galeg@s? ou pola contra adulará eses comportamentos empresariais. concibíndoos como modelo económico a promover?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 10:10:21
Nº Rexistro: 22642
Data envio: 24/09/2021 10:10:21.026

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2021 10:04:44

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 10:04:48

Daniel Castro García na data 24/09/2021 10:04:57

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/09/2021 10:05:05

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 13:50:56
Nº Rexistro: 22728
Data envio: 24/09/2021 13:50:56.464

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a intervención pública no futuro dos terreos portuarios da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Porto da Coruña ten unha débeda de 330 millóns de Euros contraída para financiar a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira, dos cales 200 millóns corresponden a un préstamo concedido ao Porto da Coruña por Portos do Estado e o resto, a un empréstito do Banco Europeo de Investimentos.

Esta débeda e as condicións de pagamento establecidas representan unha grave hipoteca para o futuro do Porto e da propia cidade da Coruña.

Dunha banda, as condicións de pagamento do préstamo concedido por Portos do Estado son totalmente abusivas, pois inda que o montante total da débeda segue sendo de 200 millóns, só en intereses o porto xa leva pagados 39, 5 millóns. Unha lousa que ademais repercute no importe das taxas portuarias, restando competitividade ao noso porto respecto doutros portos de interese xeral.

Ademais, en virtude do establecido no Convenio de 2004 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galiza e Concello da Coruña, preténdese facer fronte ao pago desta débeda coa venda de activos do propio porto nos terreos que fiquen liberados de actividades portuarias no porto interior.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 13:50:56
Nº Rexistro: 22728
Data envio: 24/09/2021 13:50:56.464

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fronte a esta situación, os Orzamentos Xerais do Estado actualmente en vigor inclúen unha disposición adicional na que a Administración Xeral do Estado condona unha débeda de aprox. 400 millóns de euros do Porto de Valencia, froito da súa adecuación para albergar a Copa América de Vela.

É inaudito que, mentres o Estado asume unha débeda xerada por unha actuación que nada ten a ver coas actividades produtivas, se pretenda hipotecar o futuro da fachada litoral da Coruña pola débeda xerada pola construción dunha infraestrutura produtiva como é Porto Exterior.

Cómpre lembrar que a construción do porto exterior de Punta Langosteira foi unha decisión de Estado, anunciada polo Goberno Aznar como unha compensación a Galiza polo desastre do Prestige. Por esa razón os custos da súa construción non poden representar unha hipoteca para o futuro da cidade. Se os terreos sobre os que se asenta o porto interior foron gañados ao mar para o desenvolvemento de actividades portuarias, o razóabel é que os espazos que resulten desafectados desas actividades sexan devoltos á cidade.

Por estas razóns o Parlamento Galego e o Concello da Coruña pronunciáronse por unanimidade en distintas ocasións esixindo a condonación da débeda do Porto da Coruña con Portos do Estado ou a asignación, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, dunha cantidade equivalente, co obxecto de acometer a transformación da fachada marítima da Coruña (en colaboración co Concello e outras administracións) asegurando o mantemento da titularidade e usos públicos dos terreos.

Porén, pese a estes pronunciamentos unánimes, tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña parecen asumir o criterio de que se debe pagar por uns terreos que xa son públicos e levan semanas negociando a cantidade de diñeiro que debe achegar

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 13:50:56
Nº Rexistro: 22728
Data envio: 24/09/2021 13:50:56.464

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cada administración por facerse coa titularidade dos peiraos de Calvo Sotelo e Batería e proceder á súa urbanización, comprometéndose, ademais, a asignar unha cantidade que supera claramente o prezo de taxación destes terreos.

Os convenios de 2004 non poden determinar o deseño da nova fachada marítima da cidade, que marcará un punto de inflexión no trazado do seu desenvolvemento ad futurum, polo que tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña deberían estar xa a constituír unha fronte común para pedir a condonación da débeda do porto da Coruña.

Porque se o Goberno do Estado condonou a débeda do porto de Valéncia, non hai ningunha razón para non facer o propio coa da Coruña.

O futuro do porto da Coruña transcende o ámbito local para se converter nun asunto prioritario de país, polo que cómpre esixir un trato xusto e actuar con firme vontade política fronte a unha nova discriminación con Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª :

Que actuacións compromete a Xunta de Galiza para asegurar un proxecto de futuro para os terreos portuarios da Coruña que non supoña unha carga económica para a cidadanía e impida un trato discriminatorio?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 13:50:56
Nº Rexistro: 22728
Data envio: 24/09/2021 13:50:56.464

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 13:47:25

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2021 13:47:33

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22735
Data envio: 24/09/2021 16:00:49.989

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, , Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e**,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que ata agora, todas as medidas aprobadas polo Goberno central para atallar a escalada do prezo da electricidade, non só chegan tarde, senón que son insuficientes, a pesares de que levamos cinco meses advertindo da necesidade dunha reforma do sistema eléctrico pola vía da fiscalidade, así como a revisión da nova factura eléctrica.

Falamos dun problema que afecta de maneira especial ás familias máis vulnerables, pero que ao mesmo tempo pon en perigo a competitividade do tecido empresarial e a xeración de oportunidades laborais. Polo tanto, estamos ante unha situación que está a provocar unha máxima preocupación que comparten toda a sociedade, as pemes, os autónomos e a industria, que o Goberno non é capaz de solucionar.

De feito, o Goberno ten regulado o sistema eléctrico no RDL 17/2021, o pasado 14 de setembro, sen ter en conta os efectos colaterais da súa reforma, con propostas que supoñen un parche para mitigar o prezo hoxe, pero sen explicar cales serán as consecuencias a partir do mes de abril do próximo ano nos petos dos consumidores domésticos e empresas.

Por iso, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno

Que opinión ten a Xunta de Galicia sobre o Plan de Choque aprobado polo Goberno para mitigar o impacto da escalada do prezo da electricidade?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Marta Nóvoa Iglesias na data 24/09/2021 15:58:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22735
Data envio: 24/09/2021 16:00:49.989

grupo parlamentario popular de galicia

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/09/2021 15:58:50

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/09/2021 15:59:00

Borja Verea Fraiz na data 24/09/2021 15:59:32

José Antonio Armada Pérez na data 24/09/2021 15:59:41

Ovidio Rodeiro Tato na data 24/09/2021 15:59:53

Cristina Sanz Arias na data 24/09/2021 16:00:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 16:42:17
Nº Rexistro: 22740
Data envio: 24/09/2021 16:42:17.083

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

María Sol Díaz Mouteira, Maria Elena Candia López, José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez e Marta Nóvoa Iglesias deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O pasado 21 de setembro saíu publicada no Boletín Oficial do Estado a Orde Ministerial pola que o lobo pasa a estar incluído no listado de especies en réxime de protección especial, o listado LESPRE.

Esta inclusión vén a supoñer na práctica que, a partir de agora, o lobo deixe de ter a consideración de especie cinexética, polo que o seu control queda prohibido. A consecuencia non é outra que cando se produzan danos, aínda que estean constatados, non se poderá autorizar ningún tipo de batida, espera ou acción de control similar.

Por outra banda, esta inclusión determina que o Plan de xestión do lobo de Galicia deixa de estar en vigor, así como as axudas de prevención e danos que estaban contempladas no mesmo.

En todo caso, e tal como sinala e establece a Orde Ministerial, para que os gandeiros poidan ter dereito a algún tipo de axudas deberán contar cun plan de prevención axustado ás medidas establecidas polo propio Ministerio de Transición Ecolóxica. Medidas incluídas nun catálogo tanto para o gando bovino como para o caprino e ovino, que fan na práctica inviable a meirande maioría das explotacións galegas.

Tendo en conta a importancia desta cuestión, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Cales son os seguintes pasos que vai dar a Xunta de Galicia ante a decisión do Goberno central de incluír ao lobo no listado de especies en réxime de protección especial?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 16:42:17
Nº Rexistro: 22740
Data envio: 24/09/2021 16:42:17.083

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 24/09/2021 16:38:39

María Elena Candia López na data 24/09/2021 16:38:59

José Manuel Balseiro Orol na data 24/09/2021 16:39:09

Carmen María Pomar Tojo na data 24/09/2021 16:39:26

Ramón Carballo Páez na data 24/09/2021 16:39:36

Diego Calvo Pouso na data 24/09/2021 16:39:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 24/09/2021 16:40:05

Marta Nóvoa Iglesias na data 24/09/2021 16:40:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22746
Data envio: 27/09/2021 09:29:29.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o nomeamento dun docente especialista en Educación Musical para o CEIP Sagrada Familia da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O terceiro curso escolar vivido en pandemia acaba de comezar da peor maneira posíbel por parte do goberno galego ao se confirmar a importante redución de profesorado na conformación dos claustros docentes no ensino público.

Reitéranse por toda Galiza as demandas e reclamacións das comunidades educativas en demanda dunha atención educativa de calidade e en equidade.

O Consello Escolar xunto co Claustro de profesorado do CEIP Sagrada Familia da Coruña é un bo exemplo.

Neste centro educativo, que conta con 18 unidades de Educación Primaria e 6 de Educación Infantil, estase a incumprir o catálogo de postos de traballo publicado no DOG do 6 de agosto de 2021 onde se adxudican dúas prazas de profesorado especialista en música para o curso 2020-2021 e das que finalmente só se cubriu unha no comezo do presente curso.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22746
Data envio: 27/09/2021 09:29:29.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con data de 1 de setembro o director do centro comunicou á inspección educativa que non fora cuberta a segunda praza de Educación Musical, tal e como figuraba recollida na Orde do 22 de xullo de 2021.

Esta deficiente atención educativa ao alumnado deste centro vese acrecentada polo feito de ser o actual director o único especialista de Educación Musical, o que está a imposibilitar o desenvolvemento do horario completo que lle corresponde ás súas funcións directivas. Unha eiva especialmente importante en tempos de pandemia en que se multiplican as dificultades engadidas á xa habitual xestión académica.

Recentemente, acaba de ser nomeada pola consellería unha docente para impartir Educación Musical en primaria que non posúe esta especialidade, xa que é especialista en Lingua Estranxeira (Inglés), que ademais non ten dedicación horaria completa no CEIP Sagrada Familia da Coruña, senón que ten que compartir a docencia neste centro co CEIP Vales Villamarín (Betanzos).

Unha decisión que en absoluto se pode entender como definitiva para resolver as carencias educativas do centro provocadas pola irregular xestión da consellería.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Vai nomear de urxencia o goberno un docente especialista de Educación Musical a tempo completo para o CEIP Sagrada Familia da Coruña, tal e como está a demandar a comunidade educativa, para garantirlle ao alumnado o dereito a unha educación de calidade?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22746
Data envio: 27/09/2021 09:29:29.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2021 09:22:36

Daniel Castro García na data 27/09/2021 09:22:39

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 09:22:47

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:48:40
Nº Rexistro: 22752
Data envio: 27/09/2021 09:48:40.507

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de dotar de máis persoal docente o IES Urbano Lugrís da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Comeza o terceiro curso escolar en tempo de pandemia como se para os responsábeis educativos do goberno da Xunta de Galiza nada tivese acontecido na nosa sociedade.

Tras 16 meses de pandemia, que obrigou a un sobreesforzo a toda a comunidade educativa galega, a resposta do Executivo está a ser, como se prevía, un curso 2021-2022 con menos persoal nas aulas, en particular nos centros de secundaria, a través dunha redución sen precedentes que mesmo vai impedir en moitos casos que se poidan cumprir os protocolos COVID decretados pola Xunta.

Xusto no momento en que máis reforzos se precisan, o que temos por parte da Xunta é un recorte de profesorado sen precedentes, algo máis de 500, no momento de comezar o curso.

A esta situación de precariedade que obriga aos centros a facer axustes imposíbeis para evitar minimizar a afectación negativa sobre a calidade e equidade

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:48:40
Nº Rexistro: 22752
Data envio: 27/09/2021 09:48:40.507

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educativa, súmase unha nova estratexia de eliminación de prazas de profesorado nos propios cadros de persoal.

Isto é o que está a acontecer no IES Urbano Lugrís (A Coruña).

No mes de xullo comunícaselle ao equipo directivo, por parte da inspección educativa, que manteñen para o presente curso o mesmo cadro de persoal dos dous cursos anteriores.

Esta decisión unilateral desatende que nestes dous últimos cursos o centro aumentou un curso de FPdual, un de FPBásica, unha completa sección bilingüe (e E-Dixgal).

Neste período de tempo tamén aumentou o alumnado, sobre todo nos primeiros cursos da ESO, que, debido á contorna sociocultural e económica, se caracteriza por ser alumnado maioritariamente de procedencia inmigrante, é dicir, alumnado vulnerable e que precisa elevada atención á diversidade

Malia os reiterados intentos do equipo directivo de revisar a decisión da consellería e se dirixir por escrito tanto á Inspección de Educación como ao Servizo de Persoal Docente, unha e outra vez desde xullo ata o día de hoxe, os correos enviados seguen sen resposta, o mesmo que as peticións de citas para fixar unha reunión para negociar opcións alternativas e máis acaídas ao centro.

No entanto, nesta altura en que o curso xa está en andamento, si recibiu a dirección a orde por correo electrónico (non instrución formal) de proporcionar do profesorado actual do IES Urbano Lugrís (A Coruña) ao CIFP Paseo das Pontes dous docentes completos para impartir os módulos de Comunicación e sociedade e Ciencias aplicadas.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:48:40
Nº Rexistro: 22752
Data envio: 27/09/2021 09:48:40.507

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un mandato que chega sen consulta previa nin diálogo e que implica que no IES Urbano Lugrís teñan que anular o traballo organizativo realizado para comezar o curso puntualmente, para refacer todos os horarios de Ensino Medio, volver facer reparto de horas por departamento, sacar os horarios e demais de Xade, volver metelos, cambiar horarios de profesorado e alumnado. Ademais de non poder ter en tempo a documentación requirida pola consellería: programacións, cursos de aula virtual, DOC etc.

Esta improvisación implica tamén cambios nos horarios no CIFP Paseo das Pontes.

A actividade académica do IES Urbano Lugrís medra ano tras ano e a comparativa actual neste curso 2021-2022, a respecto dos dous anteriores, é a seguinte:

- Aumento da matrícula de alumnado (sobre todo na ESO).

- Aumento de varios tipos de ensinanzas (FP dual, 2º FPB Informática, sección bilingüe en historia) e tamén E-Dixgal en 1º ESO.

- Continuidade dos proxectos de participación en PLAMBE, Club de lectura, Club de Ciencia, PFPP, varios Contratos-progama, Skills, Erasmus +…

Unha realidade de potenciación educativa que contrasta coa redución de profesorado ano tras ano.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:48:40
Nº Rexistro: 22752
Data envio: 27/09/2021 09:48:40.507

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai nomear de urxencia o goberno os dous docentes a tempo completo que precisa o IES Urbano Lugrís da Coruña para satisfacer as necesidades do CIFP Paseo das Pontes sen prexudicar o centro de referencia?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2021 09:46:53

Daniel Castro García na data 27/09/2021 09:46:57

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 09:47:06

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:09:04
Nº Rexistro: 22757
Data envio: 27/09/2021 10:09:04.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á situación e ao futuro do sector da automoción en Vigo e Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A automoción constitúe un sector estratéxico e fundamental para a industria de Vigo, e por extensión do conxunto de Galiza, que está a enfrontar importantes complexidades, onde aos retos estruturais que se derivan da transición no modelo produtivo e no cambio tecnolóxico e de vector enerxético, engádese tamén a retracción no propio mercado e, máis recentemente, a crise de aprovisionamento de microchips e outros compoñentes.

Compre subliñar, ademais, que neste sector existe unha crecente precariedade laboral que se expresa nunha elevadísima taxa de temporalidade, o aumento nos contratos a tempo parcial, o empobrecemento salariais e mais o empeoramento das condicións laborais, para alén dos efectos da aplicación arbitraria e inxusta dos ERTE que acabaron por transferir os custos da crise ás traballadoras e traballadores.

A inestabilidade produtiva derivada da falla de garantías de subministro de algúns insumos ten colocado nunha situación de risco e incerteza un número moi relevante de postos de traballo, directos e indirectos. Neste sentido, é moi significativo, que as paradas produtivas teñan afectado, dunha ou doutra maneira, a preto de 20 mil

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:09:04
Nº Rexistro: 22757
Data envio: 27/09/2021 10:09:04.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empregos. O Clúster de Empresas da Automoción de Galiza ten analizado na súa prospectiva que a crise de semicondutores pode prolongar os seus efectos até o 2023 e no caso da planta de *Stellantis* en Vigo estima nun mínimo de 80 mil unidades menos o impacto da mesma na produción deste 2021. Aliás, o encarecemento e falla de subministros en materiais como aceiro, aluminio ou complementos plásticos a nivel global está a agravar aínda máis esta situación.

Grandes fabricantes de microchips seguen anunciando investimentos millonarios noutras partes do mundo, como no caso de Alemaña, Italia ou Holanda, mais tanto o Goberno español como a propia Xunta de Galicia, continúan sen despregar ningún tipo de acción efectiva para blindar a competitividade e capacidade produtiva do sector da automoción non noso país.

É claro que a mellor maneira de asegurar o futuro do sector da automoción na área de Vigo e no conxunto de Galiza pasa por promover, de maneira activa, a instalación de fábricas de compoñentes nas proximidades da factoría principal. No entanto, a resposta por parte do Goberno español tense reducido a comprometer a instalación dunha fábrica de baterías en Barcelona e apoiar outra en Valencia, mais sen ningún tipo de compromiso concreto e verificable no relativo á área de Vigo e ao conxunto de Galiza, para alén da propaganda oca de que ten participado con entusiasmo o propio alcalde de Vigo nun ronsel de anuncios sen respaldo real. Ao tempo, Portugal vén de confirmar a instalación de plantas de compoñentes no seu territorio despois e que fose deslocalizada unha parte da produción sediada en Galiza. Tal e como están a denunciar organizacións sindicais, como a CIG, que Galiza non conte cunha planta de fabricación de batería suporía excluír, na práctica, o sector galego da automoción do taboleiro da fabricación do coche eléctrico.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:09:04
Nº Rexistro: 22757
Data envio: 27/09/2021 10:09:04.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario tamén actuar con decisión fronte a ameaza grave e real que representan a deslocalización produtiva para o sector do automóbil e que se materializa no feito de que nos últimos 8 anos non se teña constituído ningunha nova empresa do sector na área de Vigo e en que a produción estea equiparada á do ano 2007, antes da crise, mais soportada por un 40% menos de postos de traballo.

Como exemplo concreto e claro desta problemática está a compañía *Borgwarner*, na que mentres a planta de Vigo fica baixo a ameaza de peche a mesma multinacional anuncia a apertura dunha nova factoría de motores eléctricos en Viana do Castelo.

En definitiva, Vigo non estaría nesta altura incluída dentro do itinerario de cidades industriais para os fabricantes de coches europeos, como resultado dunha política industrial baleira onde unicamente se posta polo sector servizos e o turismo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

.Ten previsto o goberno galego, xunto co goberno español, no exercicio das súas competencias e de maneira coordinada, promover a instalación na área de Vigo dunha fábrica de baterías e poñer en marcha un plan para a atracción de plantas de fabricación para a súa instalación en Galiza dos novos compoñentes dos coches eléctricos, como motores de tracción, cargadores de a bordo, novos sistemas de tracción, inversores e portos de carga?

. Considera o goberno galego necesario impulsar un Plan Galego pola Automoción, que promova a instalación na Galiza de novos actores e actividades

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:09:04
Nº Rexistro: 22757
Data envio: 27/09/2021 10:09:04.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

industriais relacionados co sector, que rachen coa excesiva dependencia actual dun único gran fabricante, e que garantan a produción na Galiza de aqueles compoñentes críticos de máis valor engadido?

. Ten pensado goberno galego desenvolver unha política industrial que faga posible fabricar en Galiza calquera novo compoñente derivado da transición ao automóbil non contaminante tanto para eléctrico, gas ou hidróxeno?

. Vai o goberno galego constituír unha Mesa Galega da Automoción na que estean presentes a Xunta de Galiza, o clúster empresarial, as tres centrais sindicais máis representativas de Galiza e as tres universidades?

. Cre o goberno galego necesario poñer en marcha unha Tarifa Eléctrica Galega competitiva que reverta no sector industrial do país os beneficios de sermos produtores de electricidade?

. Vai o goberno galego despregar medidas concretas para garantir a protección da saúde, o rexuvenecemento dos cadros de persoal, a contratación por xornadas completas, a aplicación do convenio provincial do metal para empresas sen convenio propio como chan salarial, así como a adaptación da formación profesional pública á nova realidade tecnolóxica?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:09:04
Nº Rexistro: 22757
Data envio: 27/09/2021 10:09:04.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 27/09/2021 10:04:14

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/09/2021 10:04:17

Daniel Pérez López na data 27/09/2021 10:04:27

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:41:49
Nº Rexistro: 22762
Data envio: 27/09/2021 10:41:49.040

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de setembro, a conselleira de Infraestruturas enviou unha carta á alcaldesa de Tomiño, como resposta a unhas declaracións da rexedora críticas co anteproxecto de lei de mellora do ciclo integral da auga.

Para o BNG é absolutamente rexeitábel o ton conminatorio e de intimidación no que está redactada a carta, impropio dunha relación institucional normalizada. E consideramos absolutamente fóra de lugar que esta sexa a reacción dun cargo público da Xunta diante das declaracións feitas pola alcaldesa nun encontro de gobernos municipais organizado polo BNG.

Temos interese en saber se por parte da conselleira de infraestruturas se enviou unha carta semellante ás demais alcaldías que contan con estación de depuración xestionadas pola Xunta, ou se a carta intimidatoria só se dirixiu a un cargo público que exerceu o seu dereito lexítimo á crítica a unha norma que está a tramitar o goberno galego. Semella que a intención da administración autonómica é impoñer unha especie de lei mordaza ou lei do silencio, con efectos claramente disuasorios.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:41:49
Nº Rexistro: 22762
Data envio: 27/09/2021 10:41:49.040

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, parécenos absolutamente fóra de lugar a advertencia que fai a representante do goberno galego a respecto da necesidade de que o concello de Tomiño solucione de xeito "inmediato" as infiltracións de augas brancas na rede de colectores.

Ademais, consideramos improcedente que inste ao concello de Tomiño a iniciar o expediente administrativo correspondente para asumir a explotación depuradora "de xeito inmediato". Unha actitude claramente intimidatoria e que non ten sentido ningún, dado que foi a Xunta de Galiza quen construíu a depuradora en 2003 e quen asumiu a súa xestión desde o inicio, como fai con outras 27 EDAR.

Por último, chama poderosamente a atención que o contido da carta, que ten data do 23 de setembro, apareza publicado nun medio de comunicación o día 24 de setembro. Un feito que deixa ben ás claras o *modus operandi* da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2º:

- Considera normal a Xunta o envío dunha carta intimidatoria á alcaldesa de Tomiño, como reacción polas súas críticas ao anteproxecto de lei de mellora do ciclo da auga?

- A cantas alcaldías enviou a conselleira de infraestruturas unha carta escrita neste ton?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:41:49
Nº Rexistro: 22762
Data envio: 27/09/2021 10:41:49.040

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Esixiu a conselleira a outras alcaldías a solucionar de forma inmediata as infiltracións de augas brancas na rede de colectores?

- Demandou a conselleira de infraestruturas a outras alcaldías a asunción de xeito inmediato da xestión de depuradoras explotadas por Augas de Galicia?

- Comparte o goberno galego que o dereito á crítica e á discrepancia son piares esenciais dun sistema democrático?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2021 10:33:21

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 10:33:25

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:35:56
Nº Rexistro: 22777
Data envio: 27/09/2021 11:35:56.413

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de cubrir o catálogo docente do CEIP Ramón de la Sagra (A Coruña) cun mestre de Educación Musical.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As familias de 1ºA de Educación Primaria do CEIP Ramón de la Sagra da Coruña son informadas a comezos do mes de setembro de que os seus fillos e fillas non poden contar cunha persoa titora para os primeiros días de clase, xa que a praza docente non foi adxudicada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, malia se tratar dun mestre de catálogo, ao que ten dereito o colexio segundo a *Orde do 12 de agosto de 2010 pola que se establecen o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.*

Este grupo de alumnado, que está a comezar unha nova etapa educativa como é a Educación Primaria, inicia o curso sen profesor/profesora titor/a de referencia, sendo atendido de forma alterna polo profesorado de centro en función das súas gardas.

Unha vez iniciado o curso académico actual nestas circunstancias de atención educativa precaria cun nivel educativo tan sensíbel, as familias, en comunicación coa dirección do colexio e coa inspección educativa, reciben a confirmación de que esta

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:35:56
Nº Rexistro: 22777
Data envio: 27/09/2021 11:35:56.413

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

praza docente non se vai cubrir definitivamente e que, polo tanto, a titoría de 1º A deberá ser cuberta con horas de profesores especialistas do centro.

Finalmente, a dirección do centro resolve adxudicar esta titoría de 1º A de Educación Primaria á mestra especialista de Educación Física.

Esta decisión, á parte de non dar cumprimento á boa atención educativa do grupo de 1º A garantindo o seu dereito a ter un docente titor, desencadea máis prexuízos no conxunto do centro:

- A especialista de Educación Física que será titora de 1º A abandona a cotitoría de 2º que xa tiña adscrita, co cal este grupo fica con medio titor.

- Todos os nenos e nenas de Educación Infantil deixan de ter psicomotricidade por falta de docente.

- Non haberá horas de apoio docente porque o horario do profesorado está ao límite do seu horario lectivo.

A situación provocada no grupo de 1º A está impedindo a correcta integración do grupo na dinámica escolar e imposibilita o seguimento do alumnado, retrasando a detección de posibles dificultades de aprendizaxe e a resposta educativa axeitada.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Vai a Xunta nomear de urxencia o docente a tempo completo no CEIP Ramón de la Sagra (A Coruña) que por catálogo lle corresponde, para poder atender como titor/a o

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:35:56
Nº Rexistro: 22777
Data envio: 27/09/2021 11:35:56.413

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

grupo de 1º A, tal e como está a demandar a comunidade educativa, e así garantirlle ao alumnado o dereito a unha educación de calidade?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2021 11:32:45

Daniel Castro García na data 27/09/2021 11:32:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 11:32:58

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:44:55
Nº Rexistro: 22783
Data envio: 27/09/2021 11:44:55.249

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de agosto unha integrante da plataforma SOS Suído Seixo, colectivo que loita contra a creación da mina Alberta I na zona de Doade (Beariz) e os demais proxectos mineiros asociados que afectan aos concellos de Beariz, Avión, A Lama, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, recibiu a notificación do "inicio dun procedemento sancionador" por parte do Concello da Lama pola participación nunha concentración de arredor de 30 persoas diante do concello "portando pancartas co lema "Non á mina".

O deputado que subscribe esta iniciativa tamén participou nese acto, que tivo lugar o 16 de outubro de 2016 e que consistiu na presentación de alegacións no rexistro do concello contra o proxecto mineiro. En todo momento respectáronse as normas sanitarias vixentes, xa que as persoas participantes agardaron a súa vez nunha fileira, mentres o resto de participantes agardaban no exterior do concello. No lugar estivo presente unha patrulla da garda civil, que en ningún momento advertiu nin da ilegalidade do acto nin do incumprimento das normas sanitarias.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:44:55
Nº Rexistro: 22783
Data envio: 27/09/2021 11:44:55.249

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As persoas participantes nesta presentación de alegacións exercitaron un dereito fundamental, presentando escritos de alegacións e protestando contra un proxecto mineiro lesivo para os seus intereses e os do medio.

A actuación do concello da Lama, case un ano despois, denunciando a unha integrante da plataforma e propoñendo unha sanción de 100 euros, só pode entenderse como un intento de intimidación e de castigo ao movemento social de defensa do territorio, así como un exemplo de persecución dos máis elementais dereitos democráticos.

Cómpre ter en conta que se produce esta situación mentres a Xunta de Galiza segue sen aclarar cal é a situación do proxecto mineiro Alberta I, un proxecto que non cumpre coas garantías ambientais e que conta cun informe desfavorábel da Confederación Hidrográfica Miño Sil. A estas alturas, máis de dez meses despois da presentación das correspondentes preguntas e peticións de documentación por parte do grupo parlamentar do BNG sobre o estado de tramitación do proxecto mineiro, aínda non recibimos resposta por parte da Xunta de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Comparte a Xunta a actuación do Concello da Lama, que abriu un procedemento sancionador contra unha integrante da Plataforma SOS Suído Seixo, por participar nun acto de presentación de alegacións contra o proxecto mineiro Alberta I no que se respectaron as normas sanitarias en vigor?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:44:55
Nº Rexistro: 22783
Data envio: 27/09/2021 11:44:55.249

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comparte o goberno galego este tipo de procedementos que supoñen un intento de intimidación e de castigo ao movemento social que loita contra o proxecto mineiro Alberta I e en defensa do territorio?

Por que a Xunta de Galiza oculta a documentación e a información sobre o estado de tramitación do proxecto mineiro Alberta I?

Cando ten previsto o goberno galego dar resposta ás demandas de información e documentación presentadas polo grupo parlamentar do BNG o 16 de novembro de 2020?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2021 11:42:28

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2021 11:42:31

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 10:14:45
Nº Rexistro: 22879
Data envio: 28/09/2021 10:14:45.578

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, créase o Instituto Galego do Consumo e da Competencia no que veñen reguladas, como funcións do mesmo as seguintes:

a) Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles aos cales poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.

b) Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de persoas consumidoras e usuarias.

c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.

d) Elaborar e difundir información para facilitar ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis adecuados ás súas necesidades.

e) Impulsar a formación da cidadanía, como persoas consumidoras e usuarias, propoñendo aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a devandita formación sexa permanente.

f) Cooperar e colaborar coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 10:14:45
Nº Rexistro: 22879
Data envio: 28/09/2021 10:14:45.578

g) Potenciar a mediación e a arbitraxe para a resolución dos conflitos en materia de consumo, organizando e xestionando o funcionamento da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

h) Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.
i) Velar para que os produtos e servizos postos á disposición das persoas consumidores/as e usuarias incorporen a información e os niveis de seguridade legalmente exixibles, e realizar campañas de control nos diferentes sectores do mercado galego, de maneira especial as dirixidas a evitar a fraude, a publicidade enganosa ou a utilización de cláusulas abusivas.

j) Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do instituto.

k) As que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, corresponden ao Instituto Galego de Consumo.

l) A aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

m) Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia

Desde o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que se reforce o Instituto Galego de Consumo para que poda levar a cabo tódalas funcións para as que foi creado dito ente. Neste momento ante a multitude de reclamacións interpostas, non están a tramitar tódolos expedientes pendentes.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 10:14:45
Nº Rexistro: 22879
Data envio: 28/09/2021 10:14:45.578

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia reforzar o Instituto Galego de Consumo con máis persoal e con medidas concretas para facilitar a resolución dos expedientes o antes posible?
2. Cal é o número de reclamacións presentada ante este organismo por anos dende o 2016 ata a actualidade e de todas elas cantas foron resoltas?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/09/2021 09:45:41

Martín Seco García na data 28/09/2021 09:45:49

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:37:49
Nº Rexistro: 22899
Data envio: 28/09/2021 12:37:49.196

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Luis Bará Torres e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as frecuencias e liñas de autobuses das liñas O Barco de Valdeorras – A Gudiña e a súa conexión co tren de alta velocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de xuño de 2021 a Xunta de Galiza introduciu mudanzas nos horarios das liñas de autobuses que dentro das liñas de transporte público de Galiza comunican as comarcas de Valdeorras e Viana e nomeadamente as que servían para comunicar á comarca valdeorresa coas liñas de alta velocidade de ferrocarril que fan parada na estación da Gudiña.

Así no día 9 de xuño a rede de transporte público dependente da Xunta fixo públicos os cambios en dúas das liñas de autobús que percorren a zona que mencionamos.

- Para a liña O Barco-A Gudiña as saídas pasaron a ser ás 9:30 e ás 17:15 horas (O Barco de Valdeorras-A Gudiña) e ás 7:00 e ás 18:00 horas no sentido A Gudiña-O Barco.

- Para a liña O Barco de Valdeorras - O Bolo as saídas son agora ás 6:30 e ás 12:00 horas (7:15 e 18 horas O Bolo-O Barco).

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:37:49
Nº Rexistro: 22899
Data envio: 28/09/2021 12:37:49.196

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe lembrar que Valdeorras ten sido unha das grandes damnificadas nas últimas décadas das decisións tomadas polos sucesivos gobernos centrais no referido á conectividade por ferrocarril. Así, a pesares de ter sido a comarca un importante foco de viaxeiras e viaxeiros a través do tren entre outras cuestións polo seu afastamento aos núcleos urbanos do país e do Estado.

A pesares diso no deseño das novas liñas de comunicación de alta velocidade foi a entrada sur a Galiza, a través da Gudiña, a que finalmente foi decidida e promovida polo Estado central ao tempo que ese mesmo goberno central, independentemente das siglas das que estivera vestido en cada momento, foi paulatinamente pechando estacións, eliminando frecuencias e en definitiva depauperando até deixar practicamente inane o servizo na liña Palencia – A Coruña.

Así, na práctica, unha viaxeira valdeorresa que queira desprazarse até Madrid obrigatoriamente ten que facelo a través da liña que ten parada na Gudiña co que resulta fundamental que as frecuencias de autobuses que comunican O Barco de Valdeorras e A Gudiña sexan complementares ás liñas de ALVIA.

Iso deixou de ser así en xullo e agora se queres ir desde Valdeorras en tren a Madrid só poderás subir á Gudiña no bus que sae do Barco ás 5:45 e chega á Gudiña ás 6:45. O tren chega ás 8:24 horas polo que a espera será de 1:39 horas.

A outra posibilidade é coller o autobús que sae do Barco ás 9:30 horas e chega á Gudiña ás 10:30. Aquí o tren xa saíu ás 9:58 horas (é dicir, 32 minutos antes) polo que podes gardar ao tren das 13:42 horas (3 horas e 12 minutos máis tarde) no que non se pode cualificar máis que de despropósito.

O mesmo acontece ao regreso da capital do reino. Os trens da tarde chegan á Gudiña ás 17:40 e as 21:00 horas respectivamente mentres que o único autobús que sae

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:37:49
Nº Rexistro: 22899
Data envio: 28/09/2021 12:37:49.196

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da localidade cara Valdeorras faino ás 19:00 horas. De novo, inútil. E dobremente inútil o bus da mañá que arranca da localidade ás 7:00 horas mentres que os trens chegan ás 10:01h.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Cales foron os motivos que levaron a modificar os horarios das liñas de autobuses A Gudiña-O Barco de Valdeorras e O Barco de Valdeorras-O Bolo?

. Tiveron en consideración ao facer esa mudanza horaria a compatibilidade cos horarios do tren ALVIA da Gudiña?

. Que funcionalidade buscaban para a veciñanza das comarcas de Viana e Valdeorras ao facer eses cambios horarios?

. Teñen detectado unha baixada no número de pasaxeiros e pasaxeiras deses autobuses após o cambio horario?

. Teñen previsto rectificar e tornar os autobuses a uns horarios compatíbeis cos horarios do ALVIA da Gudiña e polo tanto útiles para a cidadanía da zona?

. Cando teñen previsto realizar ese cambio?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:37:49
Nº Rexistro: 22899
Data envio: 28/09/2021 12:37:49.196

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **María González Albert**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 28/09/2021 12:34:39

Paulo Ríos Santomé na data 28/09/2021 12:34:42

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2021 12:34:48

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:03:52
Nº Rexistro: 22922
Data envio: 28/09/2021 13:03:52.539

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A "Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos" da Coruña, coñecida popularmente como “Circo de Artesáns”, é unha entidade cultural e social, tamén benéfica, e sen fins lucrativos, que foi fundada en 1847 e que no vindeiro 2022 cumprirá o seu 175 aniversario.

O Circo de Artesáns é unha entidade que naceu cunha vontade cultural, instrutiva e benfeitora decidida, e coa inspiración dos principios emancipatorios da Ilustración.

A historia desta verdadeira “casa do pobo coruñés” converteuna nunha institución emblemática e fundamental da Coruña, mais tamén con moita influencia no resto da Galiza. Por iso mesmo algúns, seguindo a Uxío Carré Aldao, a denominaron como o “Ateneo da Galiza”.

Permanecen na memoria do Circo de Artesáns as palestras dalgunhas das figuras máis relevantes da cultura galega e española: Manuel Murguía, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Ortega y Gasset, Miguel de Unamuno, Santiago Casares Quiroga, Castelao, Durán Loriga, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Lugrís Freire, Manuel Portela

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:03:52
Nº Rexistro: 22922
Data envio: 28/09/2021 13:03:52.539

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valladares, Basilio Álvarez, Ramón Suárez Picallo, Armando Cotarelo, Valentín Paz-Andrade, Ramón Pérez Costales, o "Médico Rodríguez", Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Alexandre Bóveda, Benito Vicetto, Tettamancy, Ángel del Castillo, Eladio Rodríguez González, Gonzalo Abente, Wenceslao Fernández Flórez, María Barbeito, Roberto Novoa Santos, Rafael González Villar, Sofía Casanova, Pi i Margall, etc.

Tamén participaron nela intelectuais internacionais da talla do francés Georges Duhamel e da chilena Gabriela Mistral.

Pola súa iniciativa criáronse institucións benéficas, como a "Cociña Económica" ou as "Escolas Populares Gratuítas". Nel desenvolvéronse importantes actividades benéficas que lle valeu recibir a Medalla de Ouro da Cruz Vermella Española.

Alén de todo iso, a popular Sociedade do Circo de Artesáns nos seus 174 anos existencia organizou numerosas e relevantes exposicións de pintura, representacións teatrais, proxeccións cinematográficas, debates, concertos, recitais de poesía, xogos florais, cursos, viaxes, banquetes, bailes sociais e festas populares. O Circo destacou polos seus grandes xogadores de xadrez e de billar e polos torneos que organizaba.

O Circo ten que ver cos comezos do feminismo. Pioneiras e precursoras do feminismo como Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, María Vinyals ("A Marquesa Vermella"), Amparo López-Jean, María Barbeito, Celia Brañas, Filomena Dato, Sofía Casanova, Carmen de Burgos e María de Maeztu interviron no seu Salón de Actos.

Tamén Portugal e a súa cultura non foron alleos á actividade do Circo, porque por aquí estivo Bernardino Machado, o ex-presidente da República Portuguesa e no seu exilio, e falou o filósofo Leonardo Coimbra e recitou o grande poeta Eugénio de Castro.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:03:52
Nº Rexistro: 22922
Data envio: 28/09/2021 13:03:52.539

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Circo formouse a primeira orquestra sinfónica da Galiza. Nel desenvolveron actividades musicais destacados músicos e compositores como Canuto Berea, Pablo Sarasate, Pascual Veiga, Xosé Baldomir, Castro Chané e un longo etcétera.

No seo desta vedraia Sociedade deu os primeiros pasos o teatro independente e profesional galego nos anos setenta do século pasado co grupo Teatro-Circo de Artesáns de Manuel Lourenzo e mais naceu na Galiza a primeira Universidade Popular, para formar á xente humilde e traballadora da cidade.

Aquí naceu a Academia Galega, a Asociación da Prensa da Coruña -a máis antiga das galegas-, as Irmandades da Fala e a Agrupación Cultural “O Facho”.

Varios monumentos da Coruña e comarca existen grazas aos recursos económicos dos socios do Circo, por exemplo, o de Concepción Arenal, o de Eduardo Pondal, o de Daniel Carballo e o dos “Mártires” na vila de Carral.

O Circo de Artesáns conta cunhas fermosas instalacións de 2.300 m2, en propiedade, situadas no centro da cidade da Coruña, onde destaca unha única, grande e valioso tesouro: a Biblioteca.

A Biblioteca conta cuns 15.000 volumes, moitos deles do século XIX e anteriores, para alén de moita documentación histórica de interese. Biblioteca e documentación están en estado de abandono e deteriorándose, precisando da intervención dalgunha institución para o seu ordenamento, catalogación informática e posta en valor.

Segundo os Estatutos da Sociedade os seus fondos non poden saír da súa sede e deben ser propiedade da Sociedade. Mais o Circo está aberto a que persoas que non son socias accedan á súa consulta e ás instalacións da Biblioteca.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:03:52
Nº Rexistro: 22922
Data envio: 28/09/2021 13:03:52.539

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Historiadores imprescindíbeis, como o recentemente falecido Xosé Ramón Barreiro Fernández, refírense nos seus libros ao Circo como unha entidade esencial da Galiza nos tres últimos séculos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedora a Xunta de Galiza da importancia dos fondos bibliográficos e documentas históricos da biblioteca da "Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos" da Coruña? É consciente do seu delicado estado de conservación?

. Que participación activa compromete o goberno galego de cara á celebración do 175 aniversario desta institución cultural, social e benéfica transcendental?

. Que medidas vai activar a Xunta de Galiza para asegurar a conservación e catalogación dixital dos fondos documentais e bibliográficos desta biblioteca relevante a nivel galego, así como accesíbel publicamente?

. Que recursos económicos compromete o goberno galego para este fin?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:03:52
Nº Rexistro: 22922
Data envio: 28/09/2021 13:03:52.539

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/09/2021 13:01:57

Daniel Castro García na data 28/09/2021 13:02:00

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 13:02:09

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:47:39
Nº Rexistro: 22935
Data envio: 28/09/2021 13:47:39.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a adxudicación de contratos e as relacións contractuais entre Navantia e as súas subcontratas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As manifestacións públicas a respecto da lexislación sobre contratos públicos, realizadas por representantes gobernativos, representantes de sociedades mercantís de propiedade pública e de entes públicos, sempre son reiterativas da necesidade de aproveitar a enorme capacidade económica da contratación pública para promover obxectivos de carácter político ou estratéxico, entre eles tamén sempre están presentes a participación das PEMES, obxectivos sociais, e mesmo territoriais.

Nas actuais circunstancias, de crise económica e de emprego, de crise social, e no marco da execución das medidas para a recuperación, eses obxectivos veñen de ser refrendados en xeral para toda a política orzamentaria e de investimentos dos fondos públicos.

Mais as manifestacións públicas, e a declaración de obxectivos, por unha banda, e a realidade dos feitos por outra, diverxen profundamente, sendo a comarca de Ferrol un claro exemplo disto.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:47:39
Nº Rexistro: 22935
Data envio: 28/09/2021 13:47:39.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha comarca que sofre un gravísimo declive económico, social e demográfico, por causa das restricións impostas ao centro produtivo de Navantia na ría de Ferrol. Unha empresa pública de grandes dimensións e posibilidades, mais que co seu deseño actual resulta absolutamente incapaz de garantir ocupación estábel ao persoal de industria auxiliar, e mesmo totalmente incapaz de promover e consolidar unha industria complementaria local merecente de tal nome.

A empresa Electro Rayma, unha empresa comarcal especializada na montaxe eléctrica e de compoñentes electrónicos, e con unha prolongada experiencia no sector naval, ven de denunciar publicamente que mantén un contencioso económico coa empresa pública a respecto do resultado económico da execución dos últimos contratos realizados nos AOR para a armada australiana.

A negativa de Navantia a facilitar unha solución áxil e negociada, derivou na presentación dunha demanda xudicial por parte de ELECTRO RAYMA, e a partir da presentación da demanda, a subcontratista denuncia comportamentos por parte da dirección de Navantia dirixidos a deixala fora das novas contratacións.

A demora na solución do conflito económico, e a imposibilidade de optar a novos contratos afoga a viabilidade de ELECTRO RAYMA, colocándoa nunha situación insostíbel segundo denuncia a propia empresa.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Coñece a Xunta de Galiza cal é o impacto da actividade económica de Navantia na comarca de Ferrol e na Galiza?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:47:39
Nº Rexistro: 22935
Data envio: 28/09/2021 13:47:39.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que a Xunta de Galiza incumpre reiteradamente a Lei de fomento do sector naval de Galiza, o propio Estatuto de autonomía de Galiza, así como numerosas declaracións do Parlamento Galego a favor de participar no Consello de administración de Navantia?

. Coñece a Xunta de Galiza cal é o censo de empresas subcontratistas de Navantia na ría de Ferrol? Sabe cantas son da propia comarca? Sabe cantas empresas comarcais habituais subcontratistas de Navantia pecharon nos últimos 20 anos?

. Coñece a Xunta de Galiza como se resolven as discrepancias contractuais entre Navantia e as empresas subcontratistas? Coñece a Xunta de Galiza os problemas das PEMES para promover contenciosos xudiciais contra unha empresa principal? Conta a Xunta de Galiza con mecanismos para facilitar o financiamento das PEMES nestas circunstancias?

. Ten realizado a Xunta de Galiza algunha xestión ao respeito de esta nova crise empresarial na comarca de Ferrol para darlle unha solución que evite a perda de máis emprego?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:47:39
Nº Rexistro: 22935
Data envio: 28/09/2021 13:47:39.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/09/2021 13:43:49

Daniel Pérez López na data 28/09/2021 13:43:52

María do Carme González Iglesias na data 28/09/2021 13:44:00

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22950
Data envio: 28/09/2021 16:16:44.368

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As parroquias de Santo Estevo do Mato, San Vicente e Santiago de Castillón, sitúanse no Concello de Pantón, contan cun número de habitantes aproximado de máis de 200 habitantes habituais e que no verán supera e non contan cunha traída de augas, e por suposto, tampouco contan con saneamento.

Os mananciais sitos nestas parroquias sofren de contaminación das augas o que os invalida para o consumo con seguridade sanitaria.

En marzo do ano do ano 2017 aprobouse, por unanimidade, no Pleno do Concello seguinte moción proposta polo grupo municipal do BNG:

"A Redacción dun proxecto, así coma a súa execución para que á maior brevidade posible as persoas e os negocios destes territorios conten cun servizo de augas axeitado á normas de salubridade e sanitarias actuais, que contemple tamén as bases para un futuro saneamento."

Ante a inacción do goberno municipal levouse adiante unha queixa ante a valeduría do pobo, dada a imperiosa necesidade de que estas tres parroquias puideran contar con auga potable.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22950
Data envio: 28/09/2021 16:16:44.368

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debemos dicir que desgrazadamente esta denuncia tivo un efecto ben limitado xa que non conduciu a conseguir ningunha solución para este problema, sendo a súa resposta o traslado da resposta da alcaldía onde o Alcalde aseguraba recoñecer a necesidade pero que se faría seguindo unhas prioridades e segundo disposición orzamentaria.

Interpelado a posteriori, o Alcalde responde que ten solicitado o proxecto a Augas de Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Vai o goberno da Xunta, a través de Augas de Galiza, ou a través de calquera outro modo, resolver, o problema de falta de auga corrente potable nas parroquias sinaladas, á maior brevidade?

. Consideran vostedes que é asumible que na altura dos anos 20 do século XXI existan parrroquias sen auga corrente e potable e practicamente non haxa saneamento na maioría dos núcleos rurais?

. Ten efectivamente Augas de Galiza proxectada a traída de augas para estas parroquias e para cando?

. De non ter o proxecto considera a Xunta necesaria a súa intervención para garantir un servizo á cidadanía que dende a alcaldía non se da?

. Vai tomar algunha medida o goberno da Xunta para abordar a falta de auga potable corrente nos núcleos habitados do rural galego?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22950
Data envio: 28/09/2021 16:16:44.368

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai tomar algunha medida o goberno da Xunta para abordar a falta de saneamento na maioría dos núcleos de poboación do rural galego?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 28/09/2021 16:10:24

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2021 16:10:37

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:32:10
Nº Rexistro: 22954
Data envio: 28/09/2021 16:32:10.477

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa aos compromisos do Presidente da Xunta co alcalde tránsfuga de Viana do Bolo e aos seus orzamentos e prazos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de setembro de 2021 era coñecido a través da prensa un encontro entre o actual alcalde de Viana do Bolo, o tránsfuga Abelardo Carballo, e o Presidente da Xunta para abordar diversos investimentos para o concello.

Entre outras cuestións, a través da información facilitada polos medios de comunicación coñeceuse que entre eses compromisos estarían a rehabilitación da praza de abastos, a construción dun novo centro de día, dunha casa do maior ou a rehabilitación do campo da feira.

En concreto, presuntamente o señor Feijóo tería trasladado o compromiso de financiar a construción dun novo centro de día mediante fondos europeos, presuntamente pendente dun novo informe técnico.

Segundo a prensa estaría tamén enriba da mesa o compromiso, aínda para 2022, do Plan Básico municipal e Feijóo tamén tería anunciado a previsión de licitar a execución das obras do firme da OU-553 tamén para 2022, malia ser unha demanda histórica da zona e sempre condicionada a “dispoñibilidade orzamentaria”. Este último

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:32:10
Nº Rexistro: 22954
Data envio: 28/09/2021 16:32:10.477

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anuncio sorprende despois de que a Conselleira Vázquez anunciase publicamente en febreiro de 2021 que esta sería unha demanda ao goberno central, malia ser sobre unha estrada de xestión galega.

Á vista dos incumprimentos pretéritos con Viana do Bolo é necesario fiscalizar a folla de ruta da Xunta de Galiza e a existencia real de compromisos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

. Cales son as datas e contías orzamentarias comprometidas realmente para os investimentos que o Presidente da Xunta comprometeu con Viana do Bolo?

. Cal é a previsión de orzamento e prazos para a reforma da praza de abastos de Viana do Bolo?

. Cal é a previsión de orzamento e prazos para a creación dunha casa do maior?

. Cal é a previsión de orzamento e prazos para a construción dun centro de día en Viana do Bolo? É posíbel co actual marco urbanístico? Están escollidos os terreos definitivamente e a Xunta dá o seu visto e prace? Cal vai ser a porcentaxe de financiamento da Xunta? E o modelo de xestión? Financiarase con fondos propios se non é posíbel facelo con fondos europeos? Foi remitida esta solicitude no marco dos proxectos solicitados ao Estado?

. Cal é a previsión de orzamento e prazos para a mellora do firme da OU-533? Que quilometraxe vai abranguer?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:32:10
Nº Rexistro: 22954
Data envio: 28/09/2021 16:32:10.477

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2021 16:29:16

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/09/2021 16:29:38

Daniel Pérez López na data 28/09/2021 16:29:48

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:40:48
Nº Rexistro: 22962
Data envio: 28/09/2021 16:40:48.435

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias así como que dende o Sergas se corrixan as carencias existentes nos centros hospitalarios existentes na actualidade.

Este verán, tras máis dunha década de atraso no Hospital de Montecelo, iniciáronse as tan esperadas obras de ampliación, pero aínda non se ten acadado ningún acordo en relación á xestión e funcionamento do aparcadoiro.

No ano 2016 asinouse un convenio entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e o Concello de Pontevedra, no que se habilita á Xunta de Galicia para a inclusión e xestión dun posible aparcadoiro.

No Plan funcional do Gran Montecelo aprobado pola Xunta de Galicia no ano 2017, se establece que o Plan funcional do aparcadoiro será dimensionado polo Sergas posteriormente.

No proxecto de execución establécese que na 2ª fase do mesmo, investiranse 25 millóns de euros, que se destinarán a reformas no actual edificio e á creación dun aparcadoiro cuberto que dea servizo a persoas usuarias, familiares e persoal do centro.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:40:48
Nº Rexistro: 22962
Data envio: 28/09/2021 16:40:48.435

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A día de hoxe existen numerosas dúbidas sobre varios aspectos do novo Montecelo, que son sistematicamente ninguneadas pola Xunta de Galicia sen ofrecer respostas concretas.

Unha destas é o aparcadoiro, anunciado de ata 1400 prazas. Mais aínda non foi concretado o sistema de xestión, sobre o que existe a percepción de que será privado (como está sendo habitual nos casos en que o actual goberno da Xunta de Galicia reordena os aparcamentos anexos aos centros hospitalarios, co paradigmático caso do Álvaro Cunqueiro no que tivo que intervir o Concello de Vigo para remedialo) ou se utilizará outro tipo de modelo, pensado na necesidade de utilización por parte da cidadanía.

Esta situación de indefinición e ambigüidade está a provocar moito malestar e preocupación entre sindicatos, asociacións do eido sanitario, así como entre á cidadanía, potencial usuaria deste centro.

Ao Grupo Socialista como xa ten manifestado en diversas ocasións parécenos inadmisible e intolerable que este aparcadoiro poida ser de pago, xa que entendemos que é un servizo público vinculado estreitamente a unha asistencia sanitaria de calidade, e por isto reclamamos a gratuidade do mesmo para persoas usuarias, familiares e persoal do centro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que, a día de hoxe, o Goberno galego non delimitou, o modelo de xestión do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo?
2. Ten previsto o Goberno galego un modelo de xestión gratuíto do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo?
3. Entende o Goberno galego o aparcadoiro dun centro de saúde, como é o Gran Montecelo, como un servizo vinculado ao dereito a unha atención sanitaria pública de calidade?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:40:48
Nº Rexistro: 22962
Data envio: 28/09/2021 16:40:48.435

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/09/2021 16:34:16

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2021 16:34:23

Marina Ortega Otero na data 28/09/2021 16:34:30

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:00:02
Nº Rexistro: 22966
Data envio: 28/09/2021 17:00:02.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as necesidades sanitarias no concello de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Soutomaior leva anos asistindo a un desmantelamento sistemático da súa sanidade pública. Un desmantelamento que se traduce nun número de facultativos insuficiente e con cupos disparatados, na non cobertura das ausencias dos profesionais, no peche do consultorio de Romariz ou na falta de persoal de enfermaría, técnico e administrativo.

Esta situación, que leva anos afectando á veciñanza, non fai senón ir a peor. Namentres, tanto a Xunta de Galiza como o goberno municipal de Soutomaior, no canto de traballar para que se dote de inmediato o noso concello de máis médicos, adícanse a dar bandazos e crear cortinas de fume. Cortinas de fume e bandazos como anunciar unha ampliación do centro de saúde de Arcade e despois paralizala, o que implicou unha modificación puntual do PXOM co conseguinte custe económico para as arcas municipais. Ou como, despois deste fracaso, sumarse á proposta do BNG de construír un novo centro de saúde, mais nuns terreos que tal e como está a denunciar a veciñanza poden traer graves problemas para a atención sanitaria no municipio.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:00:02
Nº Rexistro: 22966
Data envio: 28/09/2021 17:00:02.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, o proxecto deste novo centro de saúde iniciouse de maneira unilateral e sen diálogo algún, nin coa veciñanza nin cun grupo político como é o do BNG que representa a metade da veciñanza, para avaliar as posíbeis ubicacións.

A veciñanza de Soutomaior non precisa nin de sectarismo nin de unilateralidade. Moi pola contra, precisa de acordos e do diálogo permanente coa veciñanza e cos seus representantes públicos para acadar unha sanidade pública de Soutomaior que responda ás necesidades reais do noso concello. Necesidades que deben cristalizar nun proxecto ambicioso que garanta servizos que precisa o noso concello e que representantes sanitarios cuantifican en cando menos: 4 médicos a xornada completa, 5 enfermeirxs a xornada completa, servizo de Odontoloxía (en días alternos), servizo de xineconoloxía (en días alternos), servizo de fisioterapia (en días alternos), 2 traballadorexs de servizos xerais (administración), servizo de raios X e estudar e consensuar a posibilidade de unificación do servizo de urxencias con Pontesampaio e Vilaboa para atender as urxencias e non ter que desprazarse ao PAC da Parda.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª :

Vai o goberno galego dotar o futuro centro de saúde de Arcade de 5 enfermeirxs a xornada completa, servizo de Odontoloxía (en días alternos), servizo de xinecoloxía (en días alternos), servizo de fisioterapia (en días alternos), 2 traballadorexs de servizos xerais (administración), servizo de raios X e estudar e consensuar a posibilidade de unificación do servizo de urxencias con Pontesampaio e Vilaboa para atender as urxencias e non ter que desprazarse ao PAC da Parda?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:00:02
Nº Rexistro: 22966
Data envio: 28/09/2021 17:00:02.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 16:56:35

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2021 16:56:38

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2021 16:56:47

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:17:21
Nº Rexistro: 22971
Data envio: 28/09/2021 17:17:21.196

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o incumprimento do caudal ecolóxico do río Verdugo no CH da Ponte do Inferno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai tempo que a empresa enerxética Naturgy está a facer un aproveitamento ilexítimo da explotación hidroeléctrica que, pese a caducidade da concesión, mantén no río Verdugo dende hai anos.

Esta empresa provocou nos últimos tempos unha nova agresión ao río Verdugo. Unha agresión motivada por unha modificación do caudal ecolóxico que someteu o ecosistema do Verdugo a unha seca forzada pola falla de caudal.

A seca, que afectou un metro en cada beira na franxa de vexetación de ribeira, motivou unha perda de auga de 1,71 hm³ así como o estreitamento do leito do río; poñendo en risco especies de flora e fauna que precisan dos caudais superiores.

Mais pese a esta agresión cometida pola empresa, o expediente sancionador de Augas de Galiza contra Naturgy Wind, SL. polos incumprimentos do réxime de caudais ecolóxicos resolveuse cunha sanción de tan só 7000 €. Unha contía que organizacións como *Ecoloxistas en Acción* cualifican de irrisoria e amparada nunha estimación infravalorada dos danos causados.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:17:21
Nº Rexistro: 22971
Data envio: 28/09/2021 17:17:21.196

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal e como denuncia *Ecoloxistas en Acción*, esta sanción foi catalogada incomprensibelmente como leve, non está sustentada en ningún informe de Augas de e podería ser tipificada como infracción grave segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Vai o goberno galego revisar o expediente sancionador contra Naturgy Wind, SL. polos incumprimentos do réxime de caudais ecolóxicos fixados para o Salto de Ponte Inferno e valorar a aplicación de sancións polo incumprimentos das diferentes normativas?

. Vai a Xunta de Galiza modificar a Lei de pesca continental no seu capítulo de infraccións e Sancións, incrementando a gravidade deste tipo de infraccións e aumentando sensibelmente a contía das sancións cando se trate de empresas obteñan beneficios millonarios?

. Vai o goberno galego iniciar os trámites para executar a caducidade da concesión da CH da Ponte do Inferno para o seu aproveitamento público e estudar a posibilidade de recuperar o caudal natural do río Verdugo?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:17:21
Nº Rexistro: 22971
Data envio: 28/09/2021 17:17:21.196

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 17:13:36

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2021 17:13:43

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:27:58
Nº Rexistro: 22975
Data envio: 28/09/2021 17:27:58.180

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o desenvolvemento da resolución pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de novembro de 2020 o Parlamento galego acordaba por unanimidade, a instancias dunha proposición non de lei defendida polo grupo parlamentario do BNG, instar a Xunta de Galiza a axilizar o expediente para incoar o expediente BIC para a Casa Cornide da Coruña.

Un acordo recollido no DOG na Resolución do 14 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide na Coruña.

Na resolución da incoación do procedemento para declarar BIC a Casa Cornide estabelécese o réxime de protección que supón o inicio da incoación.

Neste sentido, *a resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural o inmoble determinará a aplicación inmediata, aínda que provisoria, do réxime de protección previsto na LPCG para os bens xa declarados, segundo o seu artigo 17.4 e 17.5.d) e, complementariamente, o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE).*

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:27:58
Nº Rexistro: 22975
Data envio: 28/09/2021 17:27:58.180

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorridos catro meses, no grupo parlamentario do BNG verificamos que hai aspectos aquí regulados de suma importancia que se están a incumprir como é a normativa referida ás visitas públicas:

Visita pública: as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre o ben permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.

De momento, o réxime de visitas públicas non existe e descoñecemos que estratexias e accións está a desenvolver a Xunta de Galiza para que se resolva de inmediato este incumprimento por parte da familia Franco, actual propietaria.

Por outra banda, nesta resolución tamén se regula a respecto da protección dos bens inventariábeis da Casa Cornide:

• *Traslado: calquera traslado deberá ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural con indicación da orixe e destino, carácter temporal ou definitivo e condicións de conservación, seguridade, transporte e, se é o caso, aseguramento.*

Con anterioridade a esta resolución, fíxose pública nos medios de comunicación a través de denuncias veciñais a retirada en furgonetas de bens do interior da Casa Cornide por parte da familia Franco, co prexuízo que isto puido ocasionar no inventario completo do patrimonio cultural colectivo que continuamos descoñecendo se a Xunta de Galiza ten realizado definitivamente.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:27:58
Nº Rexistro: 22975
Data envio: 28/09/2021 17:27:58.180

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. É coñecedora a Xunta de Galiza do incumprimento da súa propia resolución a respecto da apertura da Casa Cornide ás visitas públicas?

. Que medidas ten activado o goberno para dar cumprimento á súa resolución?

. Como vai garantir a Xunta a inmediata apertura ao público da Casa Cornide?

. Teñen accedido os técnicos da Xunta á Casa Cornide para realizar o inventario dos bens mobles? Realizou a Xunta xa o necesario inventario?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/09/2021 17:25:01

Daniel Castro García na data 28/09/2021 17:25:10

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:27:58
Nº Rexistro: 22975
Data envio: 28/09/2021 17:27:58.180

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 17:25:21

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:41:09
Nº Rexistro: 22978
Data envio: 28/09/2021 17:41:09.094

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Durante os primeiros meses deste ano tivo lugar unha intensa mobilización social no concello de Begonte tras coñecer a intención da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de proceder á unificación dos CEIP de Baamonde e CEIP Virxe do Corpiño nun único centro, trasladando o alumnado do CEIP de Baamonde ao CEIP Virxe do Corpiño e empregar as instalacións do CEIP de Baamonde para un futuro conservatorio de música de incerta titularidade.

Este asunto tamén foi obxecto de preocupación deste grupo parlamentario que presentou diversas iniciativas, tanto preguntas ao Sr. conselleiro como de proposicións non de lei nas que se pedía que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade mantivese en funcionamento o CEIP de Baamonde, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro, dado que o número de alumnos se situaba seis veces por enriba do criterio establecido para pechar un centro educativo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Todas as iniciativas encamiñadas a manter o centro en funcionamento foron rexeitadas cos votos do Grupo Parlamentario do Partido Popular, que deste xeito deu cobertura a unha proposta que partiu do alcalde deste municipio que sempre consideramos, xunto coas nais e pais do alumnado do CEIP de Baamonde e veciños, fondamente carente de fundamento.

O certo é que o CEIP de Baamonde foi pechado e o seu alumnado trasladado ao CEIP Virxe do Corpiño.

Neste momento, xa iniciado o curso, non semella que exista ningún avance coñecido sobre o futuro uso das instalacións do centro.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten solicitado o Concello de Begonte a desafectación parcial ou completa do CEIP de Baamonde?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:41:09
Nº Rexistro: 22978
Data envio: 28/09/2021 17:41:09.094

2ª) Ten trasladado o Concello de Begonte algunha solicitude para a autorización dun conservatorio profesional de música nas instalacións do CEIP de Baamonde?

3ª) Se a ten trasladado, quen sería o titular dese conservatorio profesional de música?

4ª) Ten trasladado o Concello de Begonte á Consellería de Cultura, Educación e Universidade algún proxecto ou planificación sobre os usos das instalacións do CEIP de Baamonde?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/09/2021 17:33:51

Noa Susana Díaz Varela na data 28/09/2021 17:34:07

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:55:07
Nº Rexistro: 22988
Data envio: 28/09/2021 17:55:07.039

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital Provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias así como que dende o Sergas se corrixan as carencias existentes nos centros hospitalarios existentes na actualidade.

Este verán, tras máis dunha década de atraso no Hospital de Montecelo, iniciáronse as tan esperadas obras de ampliación, pero aínda non se ten acadado ningún acordo en relación aos futuros usos do hospital provincial.

Os sindicatos e asociacións máis representativas do persoal sanitario veñen reclamando dende hai anos un plan de usos deste centro, e que o destino do mesmo sexa sanitario ou socio-sanitario.

No ano 2017 aprobouse o Plan funcional do Gran Montecelo, e no mesmo establecíanse a estrutura e os servizos que ían desenvolverse no hospital de Montecelo e no hospital do Salnés pero non se definía o uso que ía a ter no futuro o actual hospital provincial nin o Centro de Especialidades de Mollabao.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos ao goberno da Xunta de Galicia que o futuro deste centro se decida de forma consensuada cos sindicatos e asociacións máis representativas e se comprometa a un uso sanitario ou socio-sanitario público do hospital provincial, convocando con carácter urxente unha mesa de traballo co fin de estar rematado este plan de usos antes de que finalicen as obras do gran Montecelo, e así poder facelo efectivo no menor tempo posible.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:55:07
Nº Rexistro: 22988
Data envio: 28/09/2021 17:55:07.039

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que no Plan de Usos do Hospital Montecelo, aprobado pola Xunta de Galicia no 2017, non se prevé o futuro uso do hospital provincial?

2. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia que o futuro uso do hospital provincial sexa de carácter público?

3. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia limitar o uso do hospital provincial a actividades de carácter sanitario ou socio-sanitario?

3.Vai o goberno da Xunta de Galicia a reunirse con representantes do sindicatos e asociacións sanitarias máis representativas co fin de chegar a un consenso sobre os futuros usos do hospital provincial?

4. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia ter delimitado estes usos do hospital provincial antes de que rematen as obras do Gran Montecelo?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/09/2021 17:52:34

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2021 17:52:40

Marina Ortega Otero na data 28/09/2021 17:52:46

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 18:05:35
Nº Rexistro: 22994
Data envio: 28/09/2021 18:05:35.663

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación do transporte sanitario terrestre en Galicia vén acumulando, case sistemáticamente, problemas derivados dunha ineficiente xestión e unha desatención do servizo por parte da Xunta de Galicia. O modelo de concesión do servizo tivo asociado, neste caso, problemas de carácter legal coa concesión dun dos últimos concursos (por valor de máis de 120 millóns de euros), xudicializado tras denuncias sobre favorecemento a determinadas empresas. Encontrouse despois con un continuo problema na relación laboral d traballadores coas empresas concesionarias, contando estas coa complicidade da Xunta de Galicia que evitou asumir a súa responsabilidade no control da prestación dos servizos públicos.

No plano asistencial, a necesidade de ambulancias medicalizadas é unha demanda insistente de usuarios e, moi sinaladamente, dos profesionais que prestan os seus servizos no propio transporte sanitario e nos centros sanitarios, especialmente aqueles que o fan nos servizos de urxencias. A pesares disto, a Xunta de Galicia racaneou esta dotación, o que deixou nunha dotación inferior á necesaria a moitas zonas que precisan destas ambulancias.

A capacidade asistencial do servizo de transporte sanitario ven sendo obxecto de situacións de notorio estrés e risco para os profesionais e para a cidadanía. O persoal que traballa neste servizo, mediante concesión, sostén a eficacia da asistencia a pesares dunhas condicións laborais difíciles e dunha dotación moi escasa de medios materiais e humanos. Estas circunstancias provocan algúns episodios de fatais desenlaces nos que os profesionais advirten da limitación destes recursos, e da imposibilidade de responder en moitas ocasións ás necesidades que aparecen con toda a eficiencia que o sistema merece.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 18:05:35
Nº Rexistro: 22994
Data envio: 28/09/2021 18:05:35.663

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o goberno da Xunta de Galicia que é posible iniciar o proceso de reversión ao sistema público, en titularidade e xestión directa, do sistema de transporte sanitario terrestre?

2. Ten algunha previsión o goberno da Xunta de Galicia de iniciar o proceso de reversión ao sistema público, en titularidade e xestión directa, do sistema de transporte sanitario terrestre programado? E no caso do urxente?

3. Considera o goberno da Xunta de Galicia que debe interceder para garantir as mellores condicións posibles para os profesionais do servizo concesionado de transporte sanitario debido á repercusión que ten para a calidade asistencia da cidadanía de Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2021 18:03:09

Marina Ortega Otero na data 28/09/2021 18:03:15

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 18:28:10
Nº Rexistro: 22996
Data envio: 28/09/2021 18:28:10.508

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a actualización dos datos do RUEPSS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o grupo DomusVI, que abrangue as empresas Geriatros S.A. e Quavitae S.A., a entidade xestiona doce residencias de maiores de titularidade pública en réxime de concesión. Porén, segundo os datos publicados no RUEPSS esta compañía xestiona oito centros.

As catro residencias nas que a información pública da Consellaría de Política Social e DomusVI non coincide son:

- Residencia de maiores de Vimianzo

- Residencia de maiores de Monforte

- Residencia de maiores de Viveiro

- Residencia de maiores de Ourense-centro

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 18:28:10
Nº Rexistro: 22996
Data envio: 28/09/2021 18:28:10.508

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que residencias de titularidade pública están xestionadas polo grupo DomusVI en Galiza?

. A que responde esta distorsión entre a información do RUEPSS e a empresa?

. Que medidas vai tomar o Goberno galego ao respecto?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2021 18:24:05

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2021 18:24:13

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2021 18:24:23

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23000
Data envio: 28/09/2021 18:31:23.501

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 10:

1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.
2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.
3. Estas denominacións son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en tódolos casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

Un ano máis tarde, no Decreto 132/1984, do 6 de setembro, establecíase o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia, que na súa exposición de motivos afirmaba que "a toponimia forma parte esencial do patrimonio dun pobo ao tempo que fai patente a orixe ou as vicisitudes do decorrer histórico dos seus asentamentos humanos".

Diante desta declaración de principios que compartimos, sorprende a celebración en Galicia dun conclave que se presenta como "espazo de diálogo entre ambas beiras do Atlántico" e que, por terceiro ano consecutivo, leva por título 'Foro La Toja', en clara alusión ao lugar onde se desenvolve: a illa pontevedresa de A Toxa.

Certo que ese foro de debate, no que participan destacados representantes políticos e do eido económico mundial cun inaceptable desequilibrio de xénero entre as persoas intervenientes, ten carácter privado, pero non é menos certo que dada a relevancia dos oradores terá unha transcendencia internacional que porá o noso país, e máis concretamente a illa de A Toxa, na axenda de moitos medios de comunicación.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23000
Data envio: 28/09/2021 18:31:23.501

É por iso que ao Grupo Parlamentario Socialista lle preocupa que un ano máis este foro adopte unha denominación que non se corresponde coa toponimia oficial de A Toxa que figura no Decreto 219/1998, do 2 de xullo, do nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra. Resulta inaceptable esa deturpación da toponimia oficial, que conta coa unanimidade de todas as forzas políticas galegas, e que por conseguinte tamén deturpa o noso propio patrimonio cultural.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a denominación do 'Foro La Toja' que se desenvolve na illa de A Toxa?

2ª) Entende o Goberno galego que a denominación dese evento, de pretendida proxección internacional, afecta de maneira negativa a difusión do noso patrimonio cultural inmaterial?

3ª) Realizou a Xunta de Galicia algunha xestión para que, apelando ao cumprimento da toponimia oficial, os organizadores mudasen o nome do evento?

4ª) Valora o Goberno galego ampliar as funcións da Comisión de Toponimia a tarefas de control do cumprimento da normativa?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/09/2021 18:18:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/09/2021 18:18:35

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23003
Data envio: 28/09/2021 18:55:52.822

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Álvarez Martínez, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O anuncio da empresa Vestas de pechar as súas instalacións en Chavín (Viveiro) supón, por desgraza, un novo revés para a Mariña de Lugo, unha comarca que leva xa varios anos sufrindo as consecuencias da inacción e a falta de política industrial da Xunta de Galicia. A pesares de que o artigo 30.1 do noso Estatuto de autonomía atribúe ao Goberno galego a competencia exclusiva en "fomento e planificación da actividade económica de Galicia", o Partido Popular non fixo absolutamente nada ao respecto nos 12 anos ao fronte da Xunta de Galicia.

Ante a pasividade do Goberno da Xunta, o sector industrial galego perdeu arredor de 12.000 empregos nos anos anteriores á pandemia, e o seu peso no conxunto do PIB, o cal leva en caída moitos anos, redúcese a apenas un 16 %. Mentres, países da fachada atlántica como Irlanda, cunha cultura que garda moitos puntos de contacto coa galega, o peso da industria no PIB acada o 33 %.

Co Partido Popular, en Galicia pechan industrias e a Xunta de Galicia non promove as políticas necesarias para atraer empresas novas. Os dous millóns de metros cadrados de parcelas baleiras que suma Xestur son a mellor testemuña visual do fracaso da política industrial do Goberno autonómico. Mentres, os noso veciños do norte de Portugal atraen non só empresas estranxeiras senón que ofertan a empresas galegas condicións máis vantaxosas das que estas atopan por parte da Xunta de Galicia.

A Mariña lucense, que leva tempo inmersa na preocupación xerada pola multinacional Alcoa, suma agora a ameaza de peche dunha nova industria importante, para a comarca e a súa provincia, sen que chegue dende o Goberno galego un só proxecto, un só plan pensado para reactivar a economía lucense.

O PsdeG reclamou en varias ocasións ao Goberno da Xunta de Galicia un plan de industrialización para a Mariña lucense e para o conxunto da provincia de Lugo, sen obter outro resultado que o silencio. E cómpre lembrar que xunto coas competencias mencionadas no punto 1, do artigo 30 do noso Estatuto recolle competencias en industria (punto 2), así como os " programas xenéricos para Galicia estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas" (punto7b) e os " programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise".

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23003
Data envio: 28/09/2021 18:55:52.822

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A Mariña lucense está a sufrir unha crise industrial de perda de emprego e de proxectos de futuro, motivada porque a Xunta de Galicia non cumpre coas súas competencias nin fai o seu traballo.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, formulan a seguinte pregunta:

Ten pensado a Xunta de Galicia levar a cabo un plan de reindustrialización para a Mariña lucense, con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 28/09/2021 17:21:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/09/2021 17:21:30

Martín Seco García na data 28/09/2021 17:21:48

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/09/2021 17:22:06

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:22:08
Nº Rexistro: 23022
Data envio: 29/09/2021 10:22:08.419

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza leve a cabo as medidas necesarias para garantir o mantemento do traballo na factoría de Vestas en Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Mariña leva moitos anos sufrindo unha constante desertización do sector industrial que daba e aínda dá traballo a moitos e moitas mariñás. Esta situación acelerouse na última década, tendo unhas graves consecuencias como o regueiro de desempregadas e desempregados dunha punta a outra da Mariña. Estes desempregados e desempregadas non son outra cousa que a consecuencia de peches e EREs de empresas referentes na comarca coma Ecar, Mobles Hermida, Sargadelos, Gres Burela, Construcións Mon e un longo etcétera que pecharon ou reduciron notablemente os seus planteis, xerando soamente en empregos directos unha perda duns 1000 traballadores.

A este inmenso baleirado empresarial temos que engadirlle a grave situación que seguimos a vivir coa factoría de Alcoa San Cibrao e máis recentemente coa fábrica de Vestas en Viveiro. Esta última ten enriba a ameaza dun peche que conlevaría a perda doutros 115 traballadores e traballadoras.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:22:08
Nº Rexistro: 23022
Data envio: 29/09/2021 10:22:08.419

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo isto provoca que a situación da comarca sexa aínda peor e para moitos e moitas menos entendible, xa que en pleno boom eólico como o que está a sufrir o noso país asistimos ao peche de fábricas de aeroxeradores coma Vestas.

Non é casualidade que todo o dito anteriormente ocorrese na década de goberno do Partido Popular en Galiza e que supuxo un golpe moi duro para a industria mariñá e galega levando a que a situación acadase un niveis de urxencia coma nunca antes se vivira.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Que medidas ten pensado facer a Xunta de Galiza para garantir que se manteñan os 115 postos de traballo da factoría de Vestas en Viveiro?

. Como explica a Xunta de Galiza que en pleno boom eólico no noso país se estean a pechar empresas de construción de aeroxeradores?

. Está disposta a Xunta de Galiza a levar a cabo un Plan de Emprego e Industrialización na comarca da Mariña?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:22:08
Nº Rexistro: 23022
Data envio: 29/09/2021 10:22:08.419

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 29/09/2021 10:16:13

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/09/2021 10:16:18

María do Carme González Iglesias na data 29/09/2021 10:16:28

Daniel Pérez López na data 29/09/2021 10:16:35

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:32:45
Nº Rexistro: 23026
Data envio: 29/09/2021 10:32:45.826

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a construción ilegal dunha ruta polo río Mendo no concello de Oza-Cesuras (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entidade Fragas do Mandeo e a Sociedade Galega de Historia Natural acaba de denunciar o que cualificou como atentado ecolóxico no río Mendo en senllos escritos dirixidos á Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, á Consellería de Medio Rural e mais á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Esta última respondeu á denuncia Sociedade Galega de Historia Natural dando conta da incoación do expediente sancionador de referencia contra o Concello de Oza-Cesuras por obras sen autorización.

A denuncia está referida á construción dunha ruta de sendeirismo nun treito do río Mendo de 4 km entre Trasanquelos e Burricios no Concello de Oza-Cesuras, onde diferentes particulares viron invadidas as súas propiedades sen comunicación previa, e polo tanto tamén sen autorización.

Desde Augas de Galicia confirmaron á Sociedade Galega de Historia Natural que non tiñan constancia das devanditas obras nin deran autorización para realizalas.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:32:45
Nº Rexistro: 23026
Data envio: 29/09/2021 10:32:45.826

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola súa banda, a Consellería de Medio Rural informou igualmente da ausencia de permisos para as talas realizadas na marxe do río Mendo.

As parcelas afectadas presentan un hábitat prioritario para a Unión Europea, clasificado como «91E0* Bosque aluvial de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior». A zona conta coa presenza de numerosas especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, como a Chioglossa lusitanica, Elona quimperiana e Narcissus asturiensis, entre outras.

Na inspección realizada pola Sociedade Galega de Historia Natural, esta puido observar a eliminación da vexetación en varios tramos de río, nun ancho variable entre os 5 e os 8 metros aproximadamente. Ademais de deixarse o solo totalmente espido, nalgunha das parcelas afectadas cortouse todo o arborado autóctono (castiñeiros, carballos, abeleiras, loureiros, etc.), malia presentar algúns exemplares diámetros na base superiores aos 15 cm. Esta actuación afectou tamén a vexetación situada no dominio público hidráulico.

As sendas pola zona de servidume de tránsito dos ríos son especialmente lesivas para as comunidades ribeiráns de especies silvestres. O río é un ecosistema basicamente lineal e as infraestruturas ó longo de todo un tramo de ribeira impiden o normal desenvolvemento das actividades de alimentación e cría das especies do bosque ripario.

En casos coma este, no que segundo informacións recibidas, preténdese pavimentar a senda para maior comodidade dos paseantes, a afección aínda é moito máis grave, por destruír unha ampla superficie de solo fértil e facilitar o tránsito de todo tipo de vehículos.

A pretensión de realizar esta nova ruta na marxe do río Mendo colide co contexto que presenta a comarca, pois conta cun número elevado de sendas construídas,

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:32:45
Nº Rexistro: 23026
Data envio: 29/09/2021 10:32:45.826

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pero a maioría en estado de abandono. Basta percorrer as 20 sendas construídas polo Plan Mandeo, nas que non se roza coa periodicidade necesaria ou que, cando se fai, realízase de maneira extrema, danando innecesariamente a vexetación de ribeira, as árbores e as sebes, en prexuízo das especies de fauna e flora autóctonas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que valoración fai o goberno galego da denuncia deste atentado ecolóxico no río Mendopor parte da entidade Fragas do Mandeo e a Sociedade Galega de Historia Natural?

. Autorizou a Xunta a tala de especies autóctonas en fincas privadas nas marxes do río Mendo?

. É coñecedora a Xunta do proxecto dunha ruta de sendeirismo nun treito do río Mendo de 4 km entre Trasanquelos e Burricios no Concello de Oza-Cesuras?

. Realizou inspección e seguimento destas obras a Xunta? Ordenou a paralización das obras?

. Que medidas ten activado a Xunta ante o atentado ecolóxico provocado no río Mendo por parte do concello de Oza-Cesuras?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:32:45
Nº Rexistro: 23026
Data envio: 29/09/2021 10:32:45.826

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 29/09/2021 10:30:18

Xosé Luis Bará Torres na data 29/09/2021 10:30:27

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:17:27
Nº Rexistro: 23032
Data envio: 29/09/2021 12:17:27.591

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Begonte conta con máis de 3.000 habitantes dos cales máis de 300 están censados na parroquia de Baamonde.

A localidade de Begonte conta cun centro de Saúde con 2 médicas/os de familia co correspondente plantel de enfermería. A localidade de Baamonde conta tamén cun consultorio ao que o médico acudía unhas horas determinados días á semana e que dá asistencia á poboación da Vila e tamén a unha serie de parroquias ao rededor.

Con motivo da pandemia, este consultorio foi pechado co argumento de non poder establecerse a dobre vía para a circulación de usuarias e usuarios.

A normalidade vai volvendo trala vacinación masiva da poboación, pouco a pouco as medidas preventivas son cada vez máis adaptadas á realidade marcada pola pandemia que cada vez é máis parecida á situación previa, en cambio o consultorio de Baamonde non se reabre.

Entendemos a apertura dos consultorios en xeral como un esforzo de achegar a asistencia sanitaria á poboación para garantir a igualdade, accesibilidade e universalidade da asistencia sanitaria.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:17:27
Nº Rexistro: 23032
Data envio: 29/09/2021 12:17:27.591

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, a idade media da poboación neste concello é cada vez máis elevada, contando no 2018 con máis de 1.500 persoas maiores de 60 anos, entendemos que agora serán máis.

Non é pouco o esforzo económico e persoal que as persoas maiores teñen que facer para acudir a Begonte para recibir atención médica alí, é suficiente que teñan que ir ás cuestións relacionadas coa enfermería.

Entendemos que abrir este consultorio é unha cuestión de vontade política, as máis de 3.000 Tis do Concello obrígaos a manter polo menos 2 médicas/os, que teñen a obriga de dispensar asistencia dentro do concello de Begonte, polo tanto non se incrementa o gasto de ningún xeito.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Considera o Goberno da Xunta que toda a poboación do concello de Begonte ten as mesmas posibilidades de recibir asistencia sanitaria?

. Considera a Consellería de Sanidade que a poboación de Baamonde ten cuberta as necesidades de asistencia sanitaria de xeito adecuado?

. Ten en consideración a Consellería de Sanidade ás persoas con enfermidades crónicas neste contexto de pandemia e o inconvinte que supón para elas o desprazamento?

. Pensan que as persoas maiores do entorno da localidade de Baamonde están en igualdade de condicións que as da localidade de Begonte?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:17:27
Nº Rexistro: 23032
Data envio: 29/09/2021 12:17:27.591

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 29/09/2021 12:11:34

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 12:11:38

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 12:11:49

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:41:46
Nº Rexistro: 23040
Data envio: 29/09/2021 12:41:46.597

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a obriga de control e fiscalización da Xunta de Galiza sobre as empresas que xestionan residencias de titularidade pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza –e segundo os datos publicados no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais-- existen a día de hoxe dez residencias de titularidade pública xestionadas por empresas e entidades privadas en réxime de concesión: oito polas empresas do grupo DomusVI (Geriatros S.A. e Quavitae S.A) e dúas pola Fundación Valdegodos.

Este é un exemplo máis do modelo privatizador das residencias de maiores que drena cantidades inxentes de diñeiro público á empresa privada. Cómpre lembrar que no noso país, apenas o 20% das prazas son públicas e nin sequera todas elas están xestionadas directamente pola administración.

Malia todo, a Xunta de Galiza ten a obriga e responsabilidade de velar polo respecto dos dereitos fundamentais das persoas usuarias nestes centros, pola calidade na prestación do servizo e tamén polo cumprimento das obrigas estabelecidas nos pregos de concesión. Porén, isto non está a acontecer.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:41:46
Nº Rexistro: 23040
Data envio: 29/09/2021 12:41:46.597

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo recolle o Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes elaborado polo Consello de Contas:

Na verificación do procedemento de pago da facturación das estancias polas xefaturas territoriais detectouse que as residencias non xuntan coa factura mensual toda a documentación requirida para o pagamento. Non consta que se acompañe o organigrama e o cadro de persoal do centro coa súa identificación, número de afiliación á seguridade social e categoría profesional; nin tampouco os tc1 e tc2 da seguridade social; nin, no seu caso, as facturas dos servizos complementarios contratados.

O control efectuado nas xefaturas territoriais para a proposta e aprobación do pago da factura limítase á comprobación das incidencias relativas ás estancias dos usuarios declaradas pola entidade contratista. Tampouco se efectúa un control sobre os ingresos percibidos dos usuarios en concepto de copago do servizo.

O sinalado polo Consello de Contas é gravísimo, desde o punto de vista do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, porque evidencia unha deixadez de funcións inadmisíbel e unha actitude totalmente irregular por parte da administración pública.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Por que a Xunta de Galiza non desenvolve, con arranxo ao disposto na normativa vixente, o control das empresas beneficiarias de concesións públicas en residencias de maiores?

- Canto custa ás arcas públicas a concesión dos centros residenciais públicos?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:41:46
Nº Rexistro: 23040
Data envio: 29/09/2021 12:41:46.597

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Canto custa cada unha das concesións en cada un dos centros residenciais?

- Cantos centros están concesionados e a que empresas?

- Abriu algún expediente sancionador ou adoptar algunha medida a Xunta de Galiza contra as empresas e entidades concesionarias nos últimos catro anos?

- En caso afirmativo: en que centros, a que empresas, por que razóns e con que contido?

- Por que período de tempo teñen vixencia esas concesións? Con que condicións? Cando rematan?

- Vai adoptar algunha medida a Xunta de Galiza para recuperar a xestión pública destas residencias?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:41:46
Nº Rexistro: 23040
Data envio: 29/09/2021 12:41:46.597

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 12:18:21

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 12:18:25

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2021 12:18:32

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:53:11
Nº Rexistro: 23045
Data envio: 29/09/2021 12:53:11.810

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á evolución da economía galega e á valoración da Xunta de Galiza respecto do Informe de Conxuntura Socioeconómica do Foro económico de Galiza respecto do terceiro trimestre de 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de setembro de 2021 o Foro económico de Galiza facía público o seu Informe de Conxuntura Socioeconómica respecto do terceiro trimestre dese mesmo ano. En dito documento o foro analiza como o segundo trimestre do ano experimenta unha tendencia de recuperación cunha medra do 17,5% respecto ao segundo trimestre do ano anterior. É necesario recordar como naquela altura a economía internacional sufría unha contracción sen precedentes por mor da crise da covid-19, agravado polas restricións para conter as diferentes vagas e gromos da pandemia.

Malia estes datos positivos e aliñados coa evolución das economías da contorna, o Foro matiza como esta recuperación debe considerarse aínda como incompleta ao ter en conta que o PIB real aínda se atopa 4,2 puntos por baixo do nivel prepandemia. Este comportamento sería mellor que o do Estado e doutras zonas de forte industrialización na medida en que a caída foi tamén menor, como aconteceu, salvando as distancias, na crise de 2008.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:53:11
Nº Rexistro: 23045
Data envio: 29/09/2021 12:53:11.810

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, outra cuestión na que insiste o Foro é na desigualdade desta recuperación económica, singularmente se analizamos os diferentes sectores ou o impacto no emprego. Así, podemos ver como o medre do sector industrial é meirande no conxunto do Estado español e, porén, o medre do sector servizos é meirande en Galiza, amosando o evidente proceso de terciarización da nosa economía que era preexistente á irrupción da pandemia. Por outra banda, respecto do ámbito laboral é preocupante como o Informe sinala que se constata un deterioro na calidade do emprego (atendendo ao incremento do traballo a tempo parcial e á suba do colectivo de traballadores e traballadoras con contrato temporal ao tempo que se reducen os indefinidos) e un incremento da desigualdade entre homes e mulleres polo incremento do peso relativo do emprego a tempo parcial entre as mulleres.

É necesario que a Xunta de Galiza avalíe estes indicadores de cara a planificar a orientación da economía galega e corrixir as desigualdades e debilidades existentes.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

. Que actuacións correctoras de política económica vai impulsar o goberno galego para afrontar as debilidades no crecemento macroeconómico que amosa o informe de conxuntura do segundo trimestre de 2021?

. Considera o goberno galego que como xa aconteceu na crise de 2008 a caída de Galiza foi máis lenta pero tamén o será a recuperación? Que vai facer para acelerala?

. Como enfrontará o goberno galego a terciarización da economía galega e elementos como a crise industrial ou a caída no sector primario?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:53:11
Nº Rexistro: 23045
Data envio: 29/09/2021 12:53:11.810

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que vai facer o goberno galego para a que evitar que esta recuperación en termos macroeconómicos signifique agravar as desigualdades sociais e laborais?

. E para evitar que esta nova recuperación macroeconómica sexa a costa da maior precarización do emprego e da maior desigualdade das mulleres?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2021 12:48:32

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/09/2021 12:48:36

Daniel Pérez López na data 29/09/2021 12:48:46

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:45:49
Nº Rexistro: 23053
Data envio: 29/09/2021 13:45:49.064

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Rosana Pérez Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os criterios da Xunta de Galiza para a creación de novas residencias de maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza, a través da conselleira de Política Social, anunciou en días recentes que construirá unha nova residencia de maiores no Concello de Ribeira "a primeira do novo modelo" segundo avanzou o goberno galego.

Unha infraestrutura que fica á marxe das sete residencias cuxa construción está prevista nas sete cidades galegas.

Unha ledicia, deseguro, para a veciñanza de Ribeira e da comarca da Barbanza da que o Bloque Nacionalista Galego se alegra. Descoñecemos con que modelo de xestión funcionará o centro. Cómpre lembrar que a Xunta de Galiza xa é titular dun centro residencial nesta vila en mans da empresa DomusVI.

Ao grupo nacionalista gustaríanos coñecer que criterios utiliza a Xunta de Galiza para decidir a ubicación das novas infraestruturas sociais, concretamente de residencias de maiores toda vez que no noso país existe un enorme déficit de prazas públicas.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:45:49
Nº Rexistro: 23053
Data envio: 29/09/2021 13:45:49.064

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai moitos concellos e comarcas que precisan deste servizo público para garantir o dereito a unha vellez digna e nos que a Xunta de Galiza non prevé realizar ningún investimento e mesmo ten rexeitado expresamente calquera construción.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que criterios utiliza a Xunta de Galiza para determinar en que concellos se construirán as novas residencias de maiores?

- Que novas residencias de maiores ademais de Ribeira e as das 7 cidades, ten previsto levar a cabo nos próximos catro anos a Xunta de Galiza?

- Con que investimento?

- Seguirá favorecendo a empresa privada o Goberno galego concedéndolle a xestión dos centros públicos?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Rosana Pérez Fernández

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:45:49
Nº Rexistro: 23053
Data envio: 29/09/2021 13:45:49.064

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/09/2021 13:42:45

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 13:42:48

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 13:42:57

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2021 13:43:08

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:19:19
Nº Rexistro: 23070
Data envio: 29/09/2021 17:19:19.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Daniel Pérez López**, **Carme González Iglesias** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre os parques eólicos proxectados no concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A páxina web do Rexistro eólico de Galiza amosa varios proxectos para a instalación de parques eólicos no Concello de Ferrol, denominados CT/SUB:264.BRIÓN, CT/SUB:310.FERROL, e CT/SUB:222.MONTEVENTOSO, este último afectaría tamén ao concello de Narón.

O grupo parlamentar do BNG temos presentada, a través do artigo 9 do regulamento, unha solicitude para que se nos remita copia dos expedientes de eses proxectos, con data de rexistro do 13 de abril do 2021.

No momento en que redactamos a presente iniciativa aínda non se nos facilitou a documentación solicitada.

O grupo municipal do BNG do concello de Ferrol dirixiuse o 19 de abril do 2021 directamente á Dirección Xeral de Planificación enerxética e recursos naturais para solicitar información de eses proxectos e foille remitida a documentación ambiental de inicio, onde se concretan entre outros extremos o número e dimensións de aeroxeradores, ou o territorio que ocuparían as poligonais dos parques.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:19:19
Nº Rexistro: 23070
Data envio: 29/09/2021 17:19:19.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, carecemos de máis información ao respeito duns proxectos que teñen provocado gran alarma social nos concellos de Ferrol e Narón, xa que os lugares onde se prevé a instalación dos parques, nos altos da entrada da ría, na parroquia de Brión, e por detrás da liña de costa das praias de Doniños, San Xurxo e Ponzos, están moi próximos a zonas habitadas, e son ademais lugares de gran valor paisaxístico, natural, e cultural, de feito están ao pé de lugares que gozan de diferentes figuras de protección, entre eles o LIC Costa Ártabra. Todos eles lugares emblemáticos, moi visitados, inmensamente apreciados por todos os veciños e veciñas da comarca de Ferrol.

Por outra banda parece imposíbel evitar o impacto visual desde practicamente todo o casco urbano de Ferrol que tería o parque denominado Ferrol, na parroquia de Brión, xusto enriba do Castelo de San Felipe, a maior abundamento parte fundamental do denominado Conxunto arsenal castelos da Ría de Ferrol, proposto unanimemente polo Parlamento galego, e por iniciativa do BNG, para a súa declaración como patrimonio da humanidade no ano 2001.

É por isto que se formulan as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Cantos proxectos eólicos existen a día de hoxe que afecten aos ámbitos territoriais dos concellos de Ferrol e Narón?

2. Que documentación ten a Xunta de Galiza e os seus organismos dependentes relativa a estes proxectos? En que fase está cada un deles?

3. Ten realizado a Xunta de Galiza algún trámite relacionado con eles, ou emitido algún informe? Cantos departamentos da Xunta ou organismos dependentes están agora mesmo elaborando informes relativos a estes proxectos? Cales son? En que

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:19:19
Nº Rexistro: 23070
Data envio: 29/09/2021 17:19:19.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prazos estarán rematados e a disposición das persoas afectadas, entidades interesadas, e grupos políticos?

4. Por que a Xunta de Galiza incumpre reiteradamente a súa obriga de facilitar aos grupos parlamentares a información que obra no seu poder solicitada pola vía do artigo 9 do regulamento?

5. Por que a Xunta de Galiza mantén paralizada a ampliación da REDE NATURA prevista desde o ano 2008 que significaría a ampliación da zona protexida LIC Costa Ártabra?

6. Por que a Xunta de Galiza carece de iniciativas para a valorización do patrimonio histórico e arqueolóxico situados nestas zonas da Costa Ártabra e mantén en estado ruinoso mámoas e castros situados nas zonas próximas ás poligonais dos parques proxectados?

7. Coñece a Xunta de Galiza en que situación se atopa a solicitude impulsada unanimemente polo Parlamento Galego para a declaración do Conxunto arsenal castelos da ría de Ferrol como patrimonio da humanidade? Que consecuencias considera a Xunta de Galiza que terían os proxectos eólicos sobre as posibilidades de esta declaración? Considera que son compatíbeis? Cales son as prioridades da Xunta de Galiza a este respeito?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Carme González Iglesias

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:19:19
Nº Rexistro: 23070
Data envio: 29/09/2021 17:19:19.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2021 17:13:17

María do Carme González Iglesias na data 29/09/2021 17:13:19

Daniel Pérez López na data 29/09/2021 17:13:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/09/2021 17:13:34

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:48:42
Nº Rexistro: 23076
Data envio: 29/09/2021 17:48:42.519

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consultorio que o Sergas mantiña na rúa Manuel Comellas do concello de Ferrol, situada no barrio de Ferrol Vello, continua pechado tras a decisión da Area Sanitaria de Ferrol de pechalo coa escusa da pandemia da covid-19 en marzo do ano pasado, trasladando o servizo ao centro de saúde Fontenla Maristany.

O consultorio de Ferrol Vello tiña asignadas ao redor dun milleiro de tarxetas sanitarias. A situación actual, co consultorio pechado, é rexeitada enerxicamente pola veciñanza do barrio que reclama que se poña de novo en funcionamento. Hai que ter en conta que unha boa parte das persoas usuarias que vive no barrio son xente de avanzada idade, e ter que desprazarse até o Fontenla Maristany supón un trastorno para elas.

A Xunta de Galiza ven reducindo e concentrando servizos en detrimento dun modelo asistencial de proximidade e presencial, absolutamente necesario desde o punto de vista preventivo, e agora o consultorio de Ferrol Vello parece ter o mesmo futuro que o consultorio que existía na Graña e que atendía á veciñanza dunha parte da zona rural de Ferrol.

Para o BNG a Xunta debera reforzar a sanidade pública no seu conxunto e nomeadamente os servizos de atención primaria, reabrindo os consultorios pechados, e dotándoos dos recursos humanos e técnicos necesarios para recuperar definitivamente as

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:48:42
Nº Rexistro: 23076
Data envio: 29/09/2021 17:48:42.519

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consultas presenciais. Un servizo sanitario próximo ás persoas usuarias é preciso para unha correcta prestación da asistencia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza de cantas persoas eran atendidas no Consultorio de Ferrol Vello? Ten coñecemento a Xunta de Galiza de cal é a poboación do barrio de Ferrol Vello, e a súa media de idade? Por que razón obvia a Xunta de Galiza os prexuízos que causa esta medida ás persoas usuarias?

2. Como concilia a Xunta de Galiza a concentración da prestación de servizos e a posibilidade de que as persoas que prestan o servizo de atención primaria cheguen a coñecer ás persoas usuarias? Como concilia esta concentración coa atención presencial? Como concilia esta concentración coas medidas anti-covid?

3. Considera a Xunta de Galiza que as infraestruturas do Centro de saúde Fontenla Maristany son óptimas ou suficientes para a recuperación da atención presencial? Non supón un hándicap sumarlle poboación usuaria?

4. Considera a Xunta de Galiza que o peche do consultorio vai contribuír positivamente á recuperación do barrio? Non é contraditorio e antieconómico anunciar medidas de rehabilitación urbanística a cargo dos orzamentos da Xunta e ao mesmo tempo retirar servizos básicos?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Montserrat Prado Cores

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:48:42
Nº Rexistro: 23076
Data envio: 29/09/2021 17:48:42.519

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 17:46:47

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 17:46:50

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/09/2021 17:47:05

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:53:45
Nº Rexistro: 23105
Data envio: 30/09/2021 12:53:45.343

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O problema da variabilidade e a falta de atención por parte da Xunta de Galicia sobre as zonas de libre marisqueo da ría de Arousa ten sido obxecto de numerosas críticas e problemas xurdidos dende o sector traballador do mar. Sen embargo a posición rocosa e conformista do goberno da Xunta de Galicia ten fomentado a perda de capacidade produtiva da ría, o que vén aumentando o abandono de permisos de marisqueo que teñen caído en preto de 3000 na última década.

O modelo de xestión das zonas de libre marisqueo foi tamén un problema xerado pola Consellería do Mar, quen abandonou as súas responsabilidades entregando a capacidade de xestión ás propias confrarías pero sen dotar dos medios axeitados os recursos necesarios para elo. O obxectivo do Goberno galego de fomentar a existencia de dificultades e problemas estase a cumprir, pero a gravidade da situación aumenta no que corresponde á produción e aproveitamento do traballo por parte do sector do mar.

Nas recentes datas volven a existir problemas derivados do abandono da xestión que fixo a Xunta de Galicia dos bancos marisqueiros na ría de Arousa, fomentando a confrontación entre o sector que tanto rédito lle dá e ao igual que fixo noutros ámbitos como mexilloeiros fronte a bateeiros.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora a situación actual dos conflitos entre confrarías existentes con respecto á xestión dos bancos de libre marisqueo na ría de Arousa?
2. Ten a intención o goberno da Xunta de Galicia de funcionar como mediadora no que corresponde á xestión dos bancos de libre marisqueo na ría de Arousa?
3. Por que a Xunta de Galicia abandonou a xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:53:45
Nº Rexistro: 23105
Data envio: 30/09/2021 12:53:45.343

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 30 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2021 12:32:56

Patricia Otero Rodríguez na data 30/09/2021 12:33:03

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:55:26
Nº Rexistro: 23113
Data envio: 30/09/2021 12:55:26.241

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e **Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Nos últimos anos e na sociedade actual, o sector turístico ten que renovarse continuamente o que implica a necesidade de mellorar a calidade da oferta, así como unha loita continua contra o axuste estacional. Neste contexto xorden os xeodestinos. Temos aquí unha gran ferramenta na nosa terra para axudar ó sector turístico a saír desta crise no que está inmerso.

Os xeodestinos turísticos que existen actualmente en Galicia están agrupados por concellos das catro provincias galegas, onde espazos de interese natural e histórico agardan ao viaxeiro.

A Lei 7/2011 de turismo de Galicia, do 27 de outubro, recolle no seu artigo 23 o concepto de xeodestinos turísticos, que define como *"'as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseado nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais.* " O artigo sinala que será *"a consellería competente en materia de turismo"* a encargada de definir estes xeodestinos, previa consulta cos concellos e *"Cas entidades supramunicipais interesadas"*.

O ritmo de traballo arredor dos xeodestinos que a Xunta de Galicia amosou no 2011 - Lei de turismo en outubro e mapa en novembro - non veu acompañada dun desenvolvemento normativo posterior. E a actuación da Xunta de Galicia ten xerado tanto as queixas dos concellos como amplas dúbidas da situación real dos xeodestinos.

O escaso tempo transcorrido entre a presentación da lei e o mapa, fai albergar dúbidas razoables acerca de se a Xunta de Galicia - como dixo daquela - tivo oportunidade de contar coa opinión de todos os concellos de Galicia. Ademais, o mapa de xeodestinos nunca foi elevado á categoría de documento oficial. Non foi obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*. A pesares diso, o mapa foi revestido de oficialidade e, de feito, é o documento que a propia Xunta de Galicia vén tendo en conta á hora de distribuír as axudas públicas ós xeodestinos.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:55:26
Nº Rexistro: 23113
Data envio: 30/09/2021 12:55:26.241

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O Grupo Parlamentario Socialista lamenta a confusión xerada pola Xunta de Galicia en torno ó concepto de xeodestino, confusión que lle resta eficacia á hora de converterse no instrumento impulsor do turismo que recolle a Lei 7/2011. Algo que resulta especialmente grave neste momento de crise sociosanitaria, no que o sector turístico precisa claridade e políticas de estimulo para sobreporse ó efecto da covid.

O Parlamento galego aprobou por unanimidade o pasado mes de marzo unha proposición non de lei onde o Grupo Socialista instaba a Xunta de Galicia a que, unha vez atendidas as consultas e achegas relativas á modificación do Mapa de Xeodestinos presentadas polas entidades locais, e segundo o artigo 23 da Lei de turismo de Galicia, despois da consulta aos concellos e entidades supramunicipais, proceda á elaboración e publicación do mapa definitivo dos xeodestinos turísticos de Galicia, así como a que desenvolva un marco normativo que regule esta figura e a definición do seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa.

A Xunta de Galicia ten que abrir un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos.

E ese mapa resultante dese proceso, unha vez escoitadas as suxestións dos concellos e feitos os cambios oportunos, deberá adquirir un verdadeiro carácter oficial coa a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. **A**briu a Xunta de Galicia un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos?
2. Que está a facer a Xunta de Galicia para desenvolver o marco normativo, para definir con claridade o proceso de creación dos xeodestinos, así como a definición dos seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa?

Pazo do Parlamento, 30 de setembro do 2021

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:55:26
Nº Rexistro: 23113
Data envio: 30/09/2021 12:55:26.241

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 30/09/2021 12:36:22

Martín Seco García na data 30/09/2021 12:36:29

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:02
Nº Rexistro: 23132
Data envio: 30/09/2021 13:56:02.485

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de dispoñer da versión en galego nas redes sociais e aplicacións de intelixencia artificial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xeito de comunicarnos e relacionarnos co mundo e coas persoas cambiou moito nas últimas décadas e anos. Un dos principais motivos deste troco está relacionado coa aparición das redes sociais e da Intelixencia Artificial.

Estas plataformas mudaron de xeito radical a maneira de falar coas persoas, de coñecer xente, de traballar ou de empregar os instrumentos que nos rodean entre outros moitos aspectos. Neste sentido, todas as persoas viron as súas vidas afectadas por esta revolución dixital, mais se houbo alguén que o notou directamente foi a mocidade.

A mocidade está case dun xeito constante nas redes sociais e polo tanto unha grande parte da súa comunicación se leva a cabo nas mesmas. Deste xeito, resulta evidente que a presenza da lingua galega en todas estas plataformas se volve vital para a súa normalización.

As razóns que explican esta afirmación son moi sinxelas. A primeira é por unha sinxela cuestión de dereitos lingüísticos. Os e as galegas e calquera outro habitante do

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:02
Nº Rexistro: 23132
Data envio: 30/09/2021 13:56:02.485

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mundo ten dereito a poder ter as súas redes sociais ou a comunicarse cos instrumentos que a rodean en galego, na súa lingua.

A segunda está relacionada coa plena normalización da nosa lingua. Unha lingua non pode estar normalizada se non ten presenza nos espazos no que os seus falantes están ou participan dun xeito constante.

Por último, temos a razón do prestixio. Sermos capaces de permitir que o Facebook, o Instagram, o Twitter, o Tiktok, Siri, Whatsapp, Twitch ou moitas outras aplicacións estean en galego fornecerían á nosa lingua dun maior prestixio que facilitaría que moitas persoas desen o paso a falar galego.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Cal é a razón que explique que en pleno 2021 os e as galegas non teñamos a posibilidade de ter as nosas redes sociais ou de empregar a Intelixencia Artificial na nosa lingua?

. Está disposta a Xunta de Galiza a realizar os esforzos necesarios para que poidamos empregar todas as redes sociais e plataformas de Intelixencia Artificial en galego canto antes?

. Cando poderán os e as galegas empregar a nosa lingua nas súas redes sociais e aplicacións de Intelixencia Artificial?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:02
Nº Rexistro: 23132
Data envio: 30/09/2021 13:56:02.485

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 30/09/2021 13:52:05

Mercedes Queixas Zas na data 30/09/2021 13:52:09

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/09/2021 13:52:18

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:26
Nº Rexistro: 23135
Data envio: 30/09/2021 13:56:26.820

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Borja Verea Fraiz, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato e Sandra Vázquez Domínguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

O balance da actividade turística en Galicia correspondente ao pasado ano 2020 e ao que levamos do 2021 vén obviamente condicionado pola pandemia da Covid19 que provocou unha crise sen precedentes no conxunto da economía e, en consecuencia, tamén no ámbito turístico.

A dinámica do sector vén marcada por diferentes decisións de índole administrativa e sanitaria que afectaron ao desenvolvemento habitual da actividade.

Neste senso a actuación das administracións fanse aínda máis importante

propoñendo medidas de axuda adaptadas ás circunstancias de cada un dos axentes do sector turístico e consensuando as mesmas cos seus representantes.

Así dende o goberno galego puxéronse en marcha distintos plans de rescate xerais para o sector e liñas de axuda específicas para algún dos subsectores, que en momentos foron especialmente castigados.

Por efecto destas medidas, é polo que Galicia foi das comunidades autónomas que mellor afrontou os efectos da pandemia dende calquera punto de vista que se mire, e tamén no sector turístico.

Polo anteriormente exposto os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas

- Cal é a valoración que se fai dende o goberno galego da evolución do sector turístico en Galicia?
- Como valora as medidas postas en marcha polo goberno de Galicia para o apoio e reactivación do sector?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:26
Nº Rexistro: 23135
Data envio: 30/09/2021 13:56:26.820

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Borja Verea Fraiz na data 30/09/2021 13:52:44

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/09/2021 13:53:07

Marta Nóvoa Iglesias na data 30/09/2021 13:53:27

Cristina Sanz Arias na data 30/09/2021 13:53:44

José Antonio Armada Pérez na data 30/09/2021 13:53:59

Ovidio Rodeiro Tato na data 30/09/2021 13:54:14

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/09/2021 13:54:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:42
Nº Rexistro: 23137
Data envio: 30/09/2021 13:56:42.419

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Borja Verea Fraiz, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato e Sandra Vázquez Domínguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

O Xacobeo e o Camiño son vehículos excepcionais para a posta en valor de Galicia no exterior. A imaxe do Xacobeo se debe cualificar como excelente. A nivel social existe unha visión positiva de anteriores edicións, tratándose de una marca amable.

Ademais, os peregrinos e peregrinas son nosos mellores embaixadores. O 98,76% dos camiñantes preguntados afirma que recomendaría facer o Camiño de Santiago.

En base a isto, dende a Xunta de Galicia realizouse un importante esforzo orzamentario para a promoción do Xacobeo e do Camiño de Santiago, abarcando todas ferramentas que hoxe utilizan os viaxeiros.

Polo anteriormente exposto os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas

- Cal é a valoración do goberno galego sobre a promoción levada a cabo no Xacobeo, percorrido xa parte do 2021.?

- Que actuacións considera que tiveron un impacto mais relevante cara a promoción e divulgación do Xacobeo?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Borja Verea Fraiz na data 30/09/2021 13:48:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:42
Nº Rexistro: 23137
Data envio: 30/09/2021 13:56:42.419

grupo parlamentario popular de galicia

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/09/2021 13:48:46

Marta Nóvoa Iglesias na data 30/09/2021 13:49:08

Cristina Sanz Arias na data 30/09/2021 13:49:22

José Antonio Armada Pérez na data 30/09/2021 13:49:40

Ovidio Rodeiro Tato na data 30/09/2021 13:50:02

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/09/2021 13:50:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:58
Nº Rexistro: 23138
Data envio: 30/09/2021 13:56:58.956

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Borja Verea Fraiz, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato e Sandra Vázquez Domínguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Liderado pola Xunta de Galicia e contando coa colaboración do Clúster de Turismo de Galicia como entidade máis representativa do sector, o Plan director 2021-2023 Galicia destino seguro plasma o marco de traballo en materia turística para o referido período 2021–2023 e supón, ao igual que sucedeu coa anterior Estratexia de Turismo de Galicia 2020, un exemplo de colaboración público–privada á hora de deseñar a estratexia sectorial do turismo galego.

Así, este plan director debe servir non só para combater os efectos da crise, senón tamén para reinventar ao ecosistema turístico galego, situándoo na mellor situación competitiva posible ao remate da crise sanitaria. O obxectivo é posicionar a Galicia como un destino destacado despois da crise.

O Plan director Galicia destino seguro 2021-2023 está pensado como unha ferramenta indispensable para impulsar a recuperación do sector: consolidando a oferta segura, recuperando os niveis de ocupación e gastos previos á pandemia e promovendo un turismo de calidade, innovador e sustentable.

Polo exposto, os Deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- Como considera o goberno galego que axudará o Plan Director 2021-2023 Galicia destino seguro ao estímulo e apoio do sector turístico?

- Que liñas, misión e obxectivos estratéxicos se contemplan no Plan Director 2021-2023 Galicia destino seguro?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:58
Nº Rexistro: 23138
Data envio: 30/09/2021 13:56:58.956

grupo parlamentario popular de galicia

Borja Verea Fraiz na data 30/09/2021 13:44:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/09/2021 13:44:54

Marta Nóvoa Iglesias na data 30/09/2021 13:45:04

Cristina Sanz Arias na data 30/09/2021 13:45:25

José Antonio Armada Pérez na data 30/09/2021 13:45:45

Ovidio Rodeiro Tato na data 30/09/2021 13:46:00

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/09/2021 13:46:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23139
Data envio: 30/09/2021 14:06:23.195

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Borja Verea Fraiz, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato e Sandra Vázquez Domínguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

O goberno galego foi pioneiro na posta en marcha de medidas para garantir a seguridade dos viaxeiros que se achegan a Galicia, unha destas medidas foi o "seguro Coronavirus" que consensuado cos turoperadores e axencias de viaxe galegas, pon a disposición do viaxeiro para recuperar a súa confianza e reactivar o sector turístico.

O obxectivo é a de ofrecer tranquilidade aos turistas e peregrinos que visiten a comunidade mediante a cobertura dos custos sanitarios, de aloxamento ou transporte derivados dun posible caso de infección por covid-19.

Este seguro ofrece un plus de tranquilidade aos turistas e peregrinos e contribúe a reforzar a mensaxe de Galicia como destino seguro, de calidade e confiable na que precisamente o Goberno galego vén traballando desde o comezo da pandemia coa finalidade de recuperar a confianza dos visitantes neste Xacobeo 21-22, e forma parte do plan de choque do sector turístico que inclúe outras medidas como as axudas ás axencias de viaxes e ao sector da turoperación.

Polo anteriormente exposto os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta

- Que valoración fai o goberno galego sobre a posta en marcha do "Seguro Covid" para garantir a seguridade dos viaxeiros que se achegan a Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23139
Data envio: 30/09/2021 14:06:23.195

grupo parlamentario popular de galicia

Borja Verea Fraiz na data 30/09/2021 14:03:29

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/09/2021 14:03:48

Marta Nóvoa Iglesias na data 30/09/2021 14:04:10

Cristina Sanz Arias na data 30/09/2021 14:04:20

José Antonio Armada Pérez na data 30/09/2021 14:04:40

Ovidio Rodeiro Tato na data 30/09/2021 14:05:26

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/09/2021 14:05:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23140
Data envio: 30/09/2021 14:06:33.666

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Borja Verea Fraiz, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato e Sandra Vázquez Domínguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

O Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021 é un dos documentos clave no eido do desenvolvemento turístico de Galicia, con este plan avánzase no proceso de ordenación, regulación e posta en valor dun dos maiores símbolos de Galicia, as rutas xacobeas.

Sen dúbida amósase como a folla de ruta que englobe e ordene todas as accións concretas para sacar o máximo partido ao fenómeno xacobeo nos próximos anos.

A contribución do Camiño ao fortalecemento da unidade da marca Galicia, está baseado en tres piares fundamentais: 1. A experiencia do peregrino, 2. A transcendencia do propio Camiño e 3. Estratéxico e vertebrador da unidade da marca

O Plan constrúese co firme obxectivo de protexer e preservar o Camiño para garantir a pervivencia da súa identidade e aposta en valor do seu patrimonio cultural e natural, responder ás necesidades do peregrino do século XXI, así como fomentar a cohesión social e o equilibrio territorial e seguir constituíndo a identidade universal de Galicia e de Europa.

Polo anteriormente exposto os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas

- Que balance fai o goberno galego da aplicación das medidas contempladas no Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021?

- Como afectan estas medidas ao peregrino, ao propio Camiño, e ao sector turístico galego?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23140
Data envio: 30/09/2021 14:06:33.666

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Borja Verea Fraiz na data 30/09/2021 13:59:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/09/2021 13:59:49

Marta Nóvoa Iglesias na data 30/09/2021 14:00:05

Cristina Sanz Arias na data 30/09/2021 14:01:20

José Antonio Armada Pérez na data 30/09/2021 14:01:33

Ovidio Rodeiro Tato na data 30/09/2021 14:01:49

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/09/2021 14:02:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:32:40
Nº Rexistro: 23145
Data envio: 30/09/2021 16:32:40.548

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Mercedes Queixas Zas e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á demanda dunha solución para o sector da produción industrial de aluminio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade da Coruña segue inmersa nun proceso de desindustrialización ante o que o goberno galego parece asistir na distancia como simple observador, botando balóns fora, e renunciando a exercer a súas competencias, no que representa unha dimisión de feito das súas responsabilidades de goberno.

Neste proceso salienta a crise da planta de Alu Ibérica na Coruña, cuxo persoal, sometido por activa e por pasiva a todo tipo de tensións, está a vivir unha grave situación laboral e persoal.

En resumo, un comportamento empresarial delituoso e unha tolerancia gobernativa imposíbel de xustificar están a piques de consumar o peche definitivo da fábrica e a perda de 300 empregos industriais na comarca da Coruña.

A relación de incumprimentos empresariais é longa de reproducir, e a cronoloxía de feitos é coñecida, aínda que a Xunta de Galiza pretenda borrarse daquelas fotos que retrataron os acordos que están na orixe da actual situación, e que foron a causa e a garantía necesaria para conseguir, na altura, a conformidade da parte social.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:32:40
Nº Rexistro: 23145
Data envio: 30/09/2021 16:32:40.548

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade o administrador xudicial vén de solicitar na Audiencia o preconcurso, así como autorización para negociar un ERTE para todo o cadro de persoal.

Unha vez iniciados estes trámites o desenlace pode acelerarse, e non sería de recibo que aqueles que apadriñaron aquela solución queiran desentenderse.

Compre unha vontade decidida por parte dos gobernos para salvar a fábrica, a comezar por unha outra actitude, por exercer un liderado proactivo na procura de socios industriais e no deseño dun plan industrial.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Coñece a Xunta de Galiza a actual situación da fábrica de Alu Ibérica a nivel xudicial? Ten contacto coa representación do persoal ou coa nova administración da fábrica?

. Que valoración fai da información que lle transmiten cada unha das dúas partes?

. Por que a Xunta de Galiza veta calquera participación do goberno galego nunha posíbel solución industrial para a fábrica?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:32:40
Nº Rexistro: 23145
Data envio: 30/09/2021 16:32:40.548

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/09/2021 16:27:40

Daniel Pérez López na data 30/09/2021 16:27:44

Mercedes Queixas Zas na data 30/09/2021 16:27:51

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:49:55
Nº Rexistro: 23150
Data envio: 30/09/2021 16:49:55.734

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Súarez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura.**

A Axencia Galega das Industrias Culturais iniciou a súa traxectoria fai máis dunha década co obxectivo de impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego.

Neste tempo, o traballo da AGADIC foi clave para garantir o progreso da nosa cultura e acadar unhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras.

No contexto da pandemia, a AGADIC intensificou os seus esforzos para adaptarse ao novo escenario e contribuír, tamén, á recuperación do sector cultural.

Neste último exercicio reforzou as súas tradicionais liñas de apoio e botou a andar outras novas para atender as demandas dos axentes culturais. Así mesmo, presentou o Hub Audiovisual da Industria Cultural, un ambicioso proxecto dotado cun orzamento de 9,6M€ ata 2023 que ten a finalidade de apoiar aos profesionais culturais, creando puntos de encontro e xerando sinerxías.

No actual marco, no que pouco a pouco melloran os indicadores epidemiolóxicos, segue sendo fundamental impulsar aos profesionais deste ámbito, para que poidan ser competitivos no novo paradigma social e económico.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta oral en comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:49:55
Nº Rexistro: 23150
Data envio: 30/09/2021 16:49:55.734

grupo parlamentario popular de galicia

Cales son as liñas de actuación nas que traballa a Axencia Galega das Industrias Culturais?

Santiago de Compostela, 30 de setembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 30/09/2021 16:45:10

Ovidio Rodeiro Tato na data 30/09/2021 16:45:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 30/09/2021 16:45:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/09/2021 16:46:01

José Luis Ferro Iglesias na data 30/09/2021 16:46:15

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/09/2021 16:46:32

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2021 16:46:43

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:52:43
Nº Rexistro: 23153
Data envio: 30/09/2021 16:52:43.560

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Chantada encóntrase un convento denominado S. Salvador de Asma, que conta co recoñecemento BIC en plena Ribeira Sacra.

Parece ter a súa orixe no século IX, a súa fundación foi familiar, descoñécese ata cando se mantivo como dúplice e foi rexido por distintas ordes ata que chegou ao fin da súa existencia, ata o ano 1496 foi abadía . A partir do Trienio Liberal (1820-1823) as súas dependencias foron vendidas ao priorato de San Benito el Real de Valladolid. A orde Benedictina foi a que o conduciu dende o s.XII ata o 1835 no que o seu papel como mosteiro finaliza para comezar a desamortización.

Evidentemente o paso dos séculos foi deixando distintas señas no conxunto monumental, todas elas de gran valor. A igrexa atópase plenamente conservada e restaurada ofrecendo culto relixioso con normalidade, ten ao seu pé un cemiterio parroquial.

O convento anexo está en mans privadas, pechado a cal e canto e con evidentes signos de deterioro xa nos anos 80, non se conta con fotografías posteriores, xa daquela se vía que sufrira grandes modificacións que o seu propietario promoveu para acomodar

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:52:43
Nº Rexistro: 23153
Data envio: 30/09/2021 16:52:43.560

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o convento ás necesidades da actividade agrícola e gandeira e aparcamento de maquinaria.

A importancia histórico-artística e cultural do mosteiro de S. Salvador de Asma e indiscutible para toda a comarca chantadina. A súa influencia esténdese dende a arquitectura que inflúe no románico da zona como sobre a vida social e económica da zona posuíndo moitas terras de cultivo e actuando na Idade Media como Señorío Feudal.

É imperativo facer valer a normativa BIC, inspeccionar o monumento e proceder ás corrección oportunas para que posteriormente se poida abrir ao público.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Ten o Goberno da Xunta algún plan para a inspección e control da conservación dos elementos BIC da Ribeira Sacra?

. É consciente o Goberno galego do estado de deterioro do Mosteiro adxacente á igrexa de S. Salvador de Asma?

. No caso de que o estado sexa deplorable, como podemos sospeitar, que medidas sancionadoras se tomarán de cara ao propietario?

. Que medidas vai tomar a Xunta para garantir que este elemento BIC poida ser visitado?

. Vai a Xunta intervir para inspeccionar o mosteiro de S. Salvador de Asma co fin de avaliar o estado de conservación para devolvelo para o desfrute público?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:52:43
Nº Rexistro: 23153
Data envio: 30/09/2021 16:52:43.560

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 30/09/2021 16:48:49

Mercedes Queixas Zas na data 30/09/2021 16:48:53

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/09/2021 16:49:01

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:01:36
Nº Rexistro: 23157
Data envio: 30/09/2021 17:01:36.710

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Súarez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura.**

O sector audiovisual é un ámbito estratéxico para o desenvolvemento da cultura de Galicia. Nos últimos anos, o noso audiovisual experimentou un desenvolvemento moi importante, tanto en termos cuantitativos como cualitativos. Hoxe dá traballo a 2.000 persoas e xera ingresos por máis de 127M€.

Os bos resultados son froito dun extraordinario talento artístico e dunha notable competencia técnica e empresarial dos profesionais que participan, articulan e compoñen a industria cinematográfica. Tamén a Axencia Galega das Industrias Culturais, como órgano encargado de dar impulso ao tecido empresarial do sector cultural galego, xoga un papel clave nesta evolución.

Fai uns meses, a AGADIC presentou o proxecto Hub Audiovisual da Industria Cultural dotado cun orzamento de 9,6M€ ata 2023. Trátase dunha ambiciosa iniciativa que pretende seguir contribuíndo ao desenvolvemento do sector e apoiando aos seus profesionais.

Despois de múltiples encontros cos axentes culturais, no mes de setembro a Xunta de Galicia puxo en marcha a primeira convocatoria do Hub dedicada á atracción de rodaxes.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:01:36
Nº Rexistro: 23157
Data envio: 30/09/2021 17:01:36.710

grupo parlamentario popular de galicia

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cales foron os avances levados a cabo polo Goberno galego no impulso ao proxecto do Hub Audiovisual da Industria Cultural?

Santiago de Compostela, 30 de setembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 30/09/2021 16:59:09

Ovidio Rodeiro Tato na data 30/09/2021 16:59:20

María Elena Suárez Sarmiento na data 30/09/2021 16:59:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/09/2021 16:59:44

José Luis Ferro Iglesias na data 30/09/2021 17:00:03

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/09/2021 17:00:24

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2021 17:00:41

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:21:20
Nº Rexistro: 23161
Data envio: 30/09/2021 17:21:20.060

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e **Carme González Iglesias**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A illa de San Simón é un espazo de extraordinario valor cultural, natural, histórico e paisaxístico. En 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, e a illa e a súa enseada forman parte da Rede Natura 2000.

A illa ten un grande valor simbólico como espazo da memoria histórica galega: escenario da represión franquista entre 1936 e 1943, foi tamén lugar da loita pola liberdade, da solidariedade e da resistencia democrática fronte ao fascismo.

A páxina web da Xunta de Galicia fai referencia explícita a esta cuestión:

Un dos obxectivos da Illa de San Simón é o fomento da memoria histórica a través de accións de investigación, análise e divulgación sobre a base do acontecido no arquipélago, que entre 1936 e 1943 foi convertido en cárcere de presos políticos e espazo de represión polo réxime da Ditadura de Franco.

Este tráxico pasado ten convertido a San Simón nun símbolo da dignificación das súas vítimas, e no máis axeitado escenario para traballar na recuperación da nosa historia e afortalar na nosa sociedade os valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos e civís.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:21:20
Nº Rexistro: 23161
Data envio: 30/09/2021 17:21:20.060

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia esta declaración de intencións, a realidade é que a partir do ano 2009 desapareceron os contidos e a programación de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica democrática de iniciativa institucional, de xeito que a única actividade anual que se realiza na Illa relativa a esta temática está organizada polos colectivos memorialistas galegos.

A ausencia dun plan de usos da illa e dunha programación institucional estábel de iniciativa pública está a provocar de feito a privatización do espazo coa proliferación de actividades organizadas por empresas e de marcado interese comercial.

É habitual que empresas privadas desenvolvan na illa procuras do tesouro, festivais, ceas e todo tipo de celebracións e actos lúdicos que non son propios dun espazo con este significado e simbolismo.

Para o BNG constitúe unha auténtica ignominia e unha ofensa á memoria das vítimas que se organicen estas actividades lúdicas nun espazo que foi un lugar de cautiverio, de terror, de fame, de illamento e de morte, o máis terríbel de toda Galiza, no que estiveron encarceradas máis de 6.000 persoas e no que centos de presos morreron de fame, de enfermidade e por asasinatos centos delas. Acaso alguén imaxina que empresas privadas organicen ceas de Samaín e visitas con probas terroríficas en cemiterios ou campos de concentración?

Para os colectivos e persoas comprometidas coa recuperación da memoria histórica, a Illa de San Simón non pode ser un parque temático recreativo, un parque de atraccións, unha zona de acampamento, e tampouco a illa do tesouro.

É un lugar histórico, natural e cultural que merece coidado e dinamización. E que debe ser tratado con respecto e sensibilidade.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:21:20
Nº Rexistro: 23161
Data envio: 30/09/2021 17:21:20.060

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Que criterios segue a Xunta de Galiza para autorizar todo tipo de actividades lúdicas e recreativas na illa de san Simón?

. Considera a Xunta de Galicia que nas actividades desenvolvidas na illa de San Simón ocupa un lugar axeitado a recuperación da memoria histórica e nomeadamente o coñecemento e lembranza da etapa en que foi campo de concentración?

. Considera a Xunta de Galiza que un BIC que ademais é un lugar de memoria pode acoller todo tipo de actividades lucrativas e que ofenden a memoria das vítimas do franquismo?

. Ten previsto a Xunta de Galiza aprobar un Plan de usos da illa de San Simón e promovela como espazo simbólico da represión, da resistencia contra o terror franquista e da loita polas liberdades e os dereitos democráticos?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:21:20
Nº Rexistro: 23161
Data envio: 30/09/2021 17:21:20.060

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2021 17:17:32

Alexandra Fernández Gómez na data 30/09/2021 17:17:43

María do Carme González Iglesias na data 30/09/2021 17:17:50

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:32:57
Nº Rexistro: 23168
Data envio: 30/09/2021 17:32:57.079

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Alexandra Fernández Gómez** e **Carme González Iglesias**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o cumprimento por parte da Xunta de Galiza das obrigas derivadas da concesión da illa de San Simón e San Antón outorgada polo Ministerio de Medio Ambiente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A illa de San Simón é un ben pertencente ao dominio público marítimo-terrestre cuxa titularidade pertence ao Estado. Por Orde do 19 de setembro de 1997, o Ministerio de Medio Ambiente outorgou á Xunta de Galicia a concesión da ocupación de 33.361 m2 de terreos para usos relacionados cos recursos mariños. Posteriormente, con data de 12 de xullo de 2001, autorizábase a modificación da concesión anterior para levar a cabo as obras contidas no "Plan Director das Illas de San Simón e San Antonio", de conformidade coas condicións que substitúen na súa totalidade as contidas na Orde anterior.

Segundo esta concesión, a illa non poderá dedicarse a usos distintos dos incluídos na concesión, que recolle como uso principal o docente e cultural. Queda prohibido expresamente o uso hoteleiro e establécese o principio de acceso público e gratuíto.

Ademais da súa natureza de ben de dominio público, a Xunta de Galicia declarou as illas de San Simón e San Antonio Ben de Interese Cultural, coa categoría

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:32:57
Nº Rexistro: 23168
Data envio: 30/09/2021 17:32:57.079

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Sitio histórico. Neste sentido, as administracións con competencias na materia están obrigadas a cumprir o establecido na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia nomeadamente en relación coa obriga de aprobar plans especiais de protección.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1. Está cumprindo a Xunta de Galiza as obrigas derivadas da concesión da illa de San Simón e San Antón, outorgada polo Ministerio de Medio Ambiente na Orde do 12 de xullo de 2001?

2. Considera o goberno galego que a organización por empresas privadas de actividades hostaleiras como ceas se axustan ás condicións da concesión?

3. Considera a Xunta de Galiza que un BIC é un espazo axeitado para a organización de actividades lucrativas como ceas por parte de empresas privadas?

4. O edificio no que se desenvolven estas actividades hostaleiras están acondicionados para este uso?

5. Quen se fai cargo dos gastos de vixilancia, consumo enerxético e outros medios necesarios para a organización destas actividades lucrativas?

6. Existe algunha concesión de servizos na illa que inclúa a organización de actividades hostaleiras e concretamente a organización de ceas polas que as persoas asistentes pagan 30 euros, incluída a viaxe?

7. Estanse cumprindo as condicións da concesión no relativo ao acceso público e gratuíto a San Simón?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:32:57
Nº Rexistro: 23168
Data envio: 30/09/2021 17:32:57.079

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Está aprobado o Plan Especial de Protección do sitio histórico Illas de San Simón e San Antón, a que obriga a Lei de patrimonio cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

C**arme González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2021 17:28:23

María do Carme González Iglesias na data 30/09/2021 17:28:27

Alexandra Fernández Gómez na data 30/09/2021 17:28:35

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 18:19:23
Nº Rexistro: 23174
Data envio: 30/09/2021 18:19:23.844

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela, Luis Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Os ríos Deza e Asneiro (afluente do primeiro) levan décadas sufrindo episodios de contaminación reiterados. Este verán tiveron lugar polo menos cinco perfectamente visibles, un dos cales provocou efectos en forma de espuma branca que cubría o río case por completo, e que chegou a apreciarse con nitidez á altura do coto de Ximonde, decenas de quilómetros máis abaixo, para rematar desembocando –aínda perfectamente visible- na ría de Arousa. O último deses tres vertidos tivo lugar o 1 de setembro, pero a día de hoxe non coñecemos resultado algún da investigación que debería terse levado a cabo.

Estes vertidos, reiterados ó longo do tempo e nunca solucionados pola administración autonómica, están empeorando e acadando niveis esaxerados ante a pasividade da propia Xunta e do concello de Lalín, onde están radicados o parque empresarial e a depuradora dos que se supón que proceden na súa maioría.

Non pode permitirse nin un minuto máis esta situación de pasividade e desleixo ante un problema ecolóxico grave porque estamos falando de ecosistemas fluviais de gran valor ecolóxico (como o Asneiro, o Deza e o Ulla) que perderon a maior parte da riqueza piscícola e ambiental que tiñan no pasado e se están estragando de xeito constante, sobre todo considerando que o cambio climático provoca unha diminución do nivel dos nosos ríos, agravándose o problema ano a ano.

Ademais dos problemas ecolóxicos asociados á contaminación, os ríos afectados son obxecto de captación de augas para o consumo da poboación.

Dous dos episodios de contaminación referidos foron denunciados ante o Seprona e a Fiscalía pola asociación AEMS-Ríos con Vida e pola Sociedade Deportiva Río Deza no mes de agosto.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 18:19:23
Nº Rexistro: 23174
Data envio: 30/09/2021 18:19:23.844

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A Xunta de Galicia ten a obriga de protexer os ecosistemas fluviais de Galicia, principalmente en virtude de tres leis: a de pesca continental de Galicia, a de patrimonio natural de Galicia e a de protección ambiental de Galicia, cada unha con cadanseu réxime sancionador e coa posibilidade de adoptar medidas preventivas antes incluso de calquera sanción ante a mera posibilidade de danos medioambientais. Estas leis, contrariamente ó que parece considerar a Xunta, non son de aplicación opcional para a administración senón que impoñen obrigas concretas que especifican e particularizan a nivel galego o dereito a un medio ambiente adecuado que configura o artigo 45 da nosa Constitución e a lexislación básica estatal en materia medioambiental.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Investigou a Xunta de Galicia como titular principal da competencia de defensa dos ecosistemas fluviais os episodios de contaminación producidos nos ríos Asneiro e Deza este verán?

2.ª) En caso afirmativo, en que consistiu esa investigación e que medios se empregaron?

3.ª) En caso afirmativo, cal é o resultado desa investigación?

4.ª) Vai a Xunta a adoptar algún tipo de medida para impedir os vertidos nos ríos Asneiro e Deza?

5.ª) Cantas sancións impuxo a Xunta de Galicia nos últimos 10 anos por vertidos ós ríos Asneiro ou Deza?

6.ª) Por que importes?

7.ª) Que medidas preventivas adoptou a Xunta de Galicia nos últimos 10 anos para impedir a contaminación nos ríos Asneiro e Deza?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Julio Torrado Quintela
Luis Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 18:19:23
Nº Rexistro: 23174
Data envio: 30/09/2021 18:19:23.844

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/09/2021 16:56:15

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2021 16:56:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/09/2021 16:56:42

Patricia Otero Rodríguez na data 30/09/2021 16:56:57

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:31:15
Nº Rexistro: 22770
Data envio: 27/09/2021 11:31:15.287

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación da RTVG.

A Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia contempla no seu artigo 36 a existencia dun estatuto profesional, "instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos ofrecidos polas distintas canles de radio, televisión e internet respondendo aos principios xerais que inspiran a presente lei".

O dito estatuto profesional prevé a creación dun consello de informativos como órgano interno de participación das persoas profesionais da información da Corporación RTVG, coa fin de velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos nas súas canles. A súa organización e funcionamento aprobáraas o Consello de Administración, logo de escoitar as organizacións sindicais representativas.

A pesar de que a Comisión de Regulamento e Réxime Interior da CRTVG comezou hai anos coa redacción do proxecto do Estatuto profesional e do consello de informativos, mesmo abrindo un prazo para que entidades profesionais fixesen as súas achegas (o propio CPXG fíxoo en febreiro de 2019), non existe ningún deses documentos, esenciais para garantir a independencia do persoal traballador e a obxectividade da información emitida.

Por esa razón as deputadas que asinan preguntan:

1ª) En que situación se atopa a redacción do estatuto profesional da CRTVG que prevé á súa vez a creación do consello de informativos?

2ª) Cando prevé o Consello de Administración ter aprobados eses dous documentos?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:31:15
Nº Rexistro: 22770
Data envio: 27/09/2021 11:31:15.287

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/09/2021 10:54:10

Noelia Otero Lago na data 27/09/2021 10:54:52

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:31:47
Nº Rexistro: 22771
Data envio: 27/09/2021 11:31:47.282

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.

A igualdade debería ser un eixo transversal en calquera acción e dende logo é unha obriga cando estas accións son desenvolvidas por entidades públicas. Neste contexto, os medios de comunicación teñen unha responsabilidade engadida en tanto son os encargados de visibilizar e trasladar mensaxes que aseguren a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Dende hai anos, a CRTVG apela ao seu compromiso coa igualdade tanto na programación como nas políticas de recursos humanos. A CRTVG participa no Observatorio Galego de Violencia de Xénero e na súa Comisión Asesora de Publicidade non sexista e mantén un convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade para dar visibilidade e audibilidade ás mulleres dentro da programación.

Nos últimos tempos, a CRTVG lanzou campañas de promoción das vocacións científicas, técnicas e artísticas entre as nenas e sobre os retos e logros das mulleres rurais, mais o Grupo Parlamentario Socialista bota de menos un compromiso real e continuo fóra de campañas puntuais que, sendo necesarias, obedecen a un momento concreto.

Non esquezamos que os medios cumpren tamén unha función esencial na consecución dos obxectivos feministas por canto sitúan no espazo mediático persoas que se converterán en referentes de moi diversos ámbitos para as audiencias. É o caso do deporte, no que a presenza da muller nestes espazos da CRTVG é nula ou case nula.

Desta ausencia dá conta empírica a asociación feminista Xornalistas Galegas, que analizou polo miúdo a información deportiva do Telexornal do mediodía durante varias xornadas de xaneiro para demostrar a escasa presenza do deporte feminino nos medios e reivindicar un xusto 50%.

O estudo arroxa datos moi significativos e preocupantes, que dan conta da práctica ausencia do deporte feminino na TVG mesmo cando elas son ese día as protagonistas á vez que dá a alarma sobre a calidade dalgunhas informacións. Ademais, as autoras do traballo achegan recursos informativos alternativos, o que evidencia que efectivamente si hai posibilidade de contidos diarios sobre deporte de mulleres.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:31:47
Nº Rexistro: 22771
Data envio: 27/09/2021 11:31:47.282

1ª) Cal é a razón da case nula presenza do deporte feminino nos espazos informativos da CRTVG?

2ª) Considera necesario incrementar ata o 50 % a presenza do deporte feminino nos espazos informativos e na programación dos medios públicos galegos?

3ª) Pensa que coa escasa presenza do deporte feminino na súa grella a CRTVG cumpre verdadeiramente a súa función de servizo público e o seu compromiso coa igualdade?

4ª) Vai tomar a CRTVG algunha decisión para equilibrar os contidos do deporte masculino e feminino na súa programación?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/09/2021 11:03:45

Noelia Otero Lago na data 27/09/2021 11:04:00

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:32:18
Nº Rexistro: 22772
Data envio: 27/09/2021 11:32:18.455

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da RTVG.

Xusto cando a CRTVG está impartindo un curso en liña obrigatorio para o seu persoal sobre o acoso laboral, coñecemos que un traballador da TVG irá a xuízo o 15 de xuño logo de interpoñer unha demanda ante o Xulgado do Social número 2 de Santiago de Compostela. Nesa demanda denuncia a situación de acoso que leva sufrindo desde hai anos pola súa actividade sindical, política e, de forma especial, pola súa orientación sexual.

A situación de acoso e discriminatoria que sofre ao facer público o seu activismo LGTBI afectaría aos seus dereitos fundamentais e á conciliación da súa vida persoal e laboral, así como á promoción e formación profesional. Así, todas as súas demandas profesionais, de formación e de conciliación foron desouvidas en todo este tempo, sen que houbese xustificación para as sucesivas negativas.

O artigo 91.4.1 do Convenio Colectivo da CRTVG tipifica como falta moi grave toda actuación que supoña discriminación por razón de sexo, estado civil, idade, lingua, orixe racial ou étnica, condición social, relixión ou convicciónns, ideas políticas, orientación sexual, afiliación ou non a un sindicato ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O curioso é que este traballador chega a xudicializar o seu caso logo de non ter ningunha resposta ou solución por parte da Dirección de Recursos Humanos do ente público nin da comisión fronte ao acoso da CRTVG, que si se reuniu para tratar o asunto pero sen ningunha garantía e moito menos solución.

Diante destes feitos, inaceptables no tempo actual, as deputadas que asinan preguntan ao director xeral da CRTVG:

1ª) Como valora a denuncia interposta por un traballador da TVG por acoso laboral debido fundamentalmente a razóns de orientación sexual?

2ª) Era coñecedor o director xeral da CRTVG desta denuncia?

3ª) Logo da reunión da comisión fronte ao acoso da CRTVG por este caso, tomouse algunha decisión ao respecto?

4ª) Cantos casos de acoso semellantes se teñen presentado na CRTVG nos últimos anos? Déuselle solución a todos eles? Hai algún expediente máis aberto neste momento?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:32:18
Nº Rexistro: 22772
Data envio: 27/09/2021 11:32:18.455

5ª) Considera conveniente mudar a configuración da comisión de acoso da CRTVG para dotala de imparcialidade e efectividade, tal e como solicitan os sindicatos?

6ª) Dispón a CRTVG dalgunha ferramenta efectiva para evitar o acoso laboral por razóns de discriminación sexual?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/09/2021 11:17:35

Noelia Otero Lago na data 27/09/2021 11:17:52

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:32:46
Nº Rexistro: 22773
Data envio: 27/09/2021 11:32:46.183

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da RTVG.

Pese ao manifestado en reiteradas ocasións na Comisión Permanente de Control da CRTVG polo seu director xeral, a situación de precariedade laboral da CRTVG segue a ser algo endémico ao que tería que poñerse solución inmediata xa que presenta problemas estruturais serios que afectan sen dúbida á calidade do servizo.

A CRTVG atópase inmersa no proceso de negociación da OPE, que parece alongarse demais, pero mentres isto non se resolve, hai profesionais con contratos temporais que ven como se lles rematan o seus contratos mentres as baixas, vacacións ou licenzas non se cobren.

As únicas contratacións que se están a cubrir son as incapacidades temporais de longa duración e os de persoal traballador que se xubila, e na maior parte das ocasións estes contratos fanse a tempo parcial ata o punto que existe persoal con máis de 20 anos de experiencia que está contratado baixo esta fórmula.

Este grupo parlamentario xa denunciou esta situación en numerosas ocasións, por canto este problema laboral redunda nun maior deterioro dos medios públicos. A realidade é que a conflitividade laboral da CRTVG se resolve a golpe de denuncias, e que esa inestabilidade e precariedade laboral é xa case un sinal de identidade da Corporación.

Por iso as deputadas que asinan formula as seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado algunha solución para resolver con urxencia o problema dos e das profesionais con contratos temporais mentres non se resolva a OPE?

2ª) Cal é a razón de non cubrir as baixas, licenzas ou vacacións na CRTVG?

3ª) Pensa que alta contratación temporal e en precario da CRTVG está a afectar a calidade do servizo?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:32:46
Nº Rexistro: 22773
Data envio: 27/09/2021 11:32:46.183

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Noa Susana Díaz Varela na data 27/09/2021 11:18:59

Noelia Otero Lago na data 27/09/2021 11:19:18

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:33:16
Nº Rexistro: 22774
Data envio: 27/09/2021 11:33:16.367

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noela Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG.

A plataforma de traballadoras e traballadores da CRTVG "Defende a Galega", creada hai xa máis de tres anos, vén de presentar unha denuncia diante da Valedora do Pobo por incumprimento da Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia por parte da dirección xeral da corporación pública.

A denuncia fundaméntase en varias consideracións que teñen que ver con:

1. O nomeamento da dirección xeral e a posta en marcha do estatuto profesional e consello de informativos.

2. Control político, manipulación e falta de pluralismo.

3. Supresión da información local.

4. Emprego do castelán.

5. Cada vez menor espazo para a cultura.

6. Desmantelamento dos medios públicos galegos.

7. Falta de respecto á liberdade de expresión.

8. Ausencia de programación infantil.

9. Incumprimento das normas básicas para respectar e promover a igualdade.

Estas nove cuestións, debidamente documentadas, dan conta do flagrante incumprimento da Lei 9/2011 e son a mostra do errático rumbo que leva a CRTVG. Unha evidencia que leva anos denunciando o seu cadro de persoal, testemuña directa do que acontece, e ao que diante de tanto silencio por parte da dirección da corporación só lle resta pedir amparo á Valedora do Pobo.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:33:16
Nº Rexistro: 22774
Data envio: 27/09/2021 11:33:16.367

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora a denuncia interposta por traballadores e traballadoras da CRTVG diante da Valedora do Pobo?

2ª) Van tomar algunha medida para corrixir as situacións que se denuncian?

3ª) Cumprirán cos requirimentos que lles faga a Valedora do Pobo durante e despois da instrución?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/09/2021 11:24:03

Noelia Otero Lago na data 27/09/2021 11:25:24

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:55:18
Nº Rexistro: 23112
Data envio: 30/09/2021 12:55:18.126

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Alexandra Fernández Gómez** e **María González Albert**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e nas normas de funcionamento da Comisión de control da CRTVG, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre os datos, informes e/ou estudos que manexa a CRTVG para deseñar a programación da TVG e a súa distribución en franxas horarias.

Exposición de motivos

Na súa comparecencia relativa ao informe de servizo público o director xeral da Corporación argumentou a decisión de mover cara ás 23h a emisión de series e filmes na televisión pública de Galiza afirmando que se está a producir unha mudanza nos hábitos da audiencia.

De facto, citáronse cifras coas que se están a soster esa decisión. Porén, na devandita memoria de servizo público non se xustifican esas decisións, máis ao contrario, refírese unha mudanza mais a se adiantar o prime time.

O entretemento que propón a TVG segue a ser referencia nos medios públicos de Galicia, se ben estase a producir un desprazamento da audiencia que consome entretemento no prime time cara ao último tramo das tardes.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:55:18
Nº Rexistro: 23112
Data envio: 30/09/2021 12:55:18.126

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Relegar a ficción galega ao *late night* e á segunda canle (G2) no caso do cinema non favorece que esta chegue ao seu público potencial máis ao contrario.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Que datos, informes e/ou estudos manexa a CRTVG para deseñar a programación da TVG e a súa distribución en franxas horarias?

- Cre a dirección xeral que cumpre a misión de servizo público?

- Que estratexia ten a TVG para a ficción?

- Que papel lle atribúe a series.gal e á futura OTT?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

María González Albert

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:55:18
Nº Rexistro: 23112
Data envio: 30/09/2021 12:55:18.126

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/09/2021 12:53:09

María González Albert na data 30/09/2021 12:53:14

Alexandra Fernández Gómez na data 30/09/2021 12:53:25

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 09:37:17
Nº Rexistro: 22637
Data envio: 24/09/2021 09:37:17.745

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a obriga de empregar a Tarxeta Nova para acceder ao transporte escolar mesmo a alumnado de ensino obrigatorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días, varias familias de alumnas e alumnos que cursan estudos de FP básica, están a denunciar que a Xunta abriga a empregar a Tarxeta Nova en transporte escolar prestado polos servizos integrados da consellaría de infraestruturas e mobilidade a alumnado que ten de ensino obrigatorio e que cumpre os requisitos para ser alumnado lexítimo do transporte escolar

Esta solución, que é contraria á normativa vixente, obriga ademais do agravio que supón para este alumnado de FP básica, supón un prexuízo económico e de tempo importante para as familias.

A Tarxeta Nova tan só pode ser expedida pola entidade ABANCA, o que empuxa a abrir unha conta con esta entidade a aquelas familias que non a teñan, cos custes que iso supón.

Do mesmo xeito, esta tarxeta opera con reingresos quincenais dos custes do transporte, o que implica ter que cargar a tarxeta cada dúas semanas. O problema é que no caso da última quincena do curso ese remanente non pode ser retirado xa que a tarxeta tampouco permite reintegros de efectivo.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 09:37:17
Nº Rexistro: 22637
Data envio: 24/09/2021 09:37:17.745

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É importante destacar que o alumnado de FP básica, cursa estudos de ensino obrigatorio e que polo tanto debe serlle de aplicación o establecido no artigo primeiro da *Instrución conxunta 1/2021, da secretaría xeral técnica da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade do 25, de xuño sobre a xestión do Servizo de Transporte de Escolares no Curso Escolar 2021-2022* e polo tanto debe ser tratado a todos os efectos como usuario lexítimo de transporte escolar gratuíto.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Xunta de Galiza considerar usuarios lexítimos do transporte escolar gratuíto seguindo a normativa vixente a todo o alumnado da FP básica e en ningún caso esixir o uso da Tarxeta Nova nin mecanismo análogo algún para exercer este dereito?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 09:37:17
Nº Rexistro: 22637
Data envio: 24/09/2021 09:37:17.745

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/09/2021 09:35:29

Daniel Castro García na data 24/09/2021 09:35:38

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 09:35:48

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 10:10:30
Nº Rexistro: 22643
Data envio: 24/09/2021 10:10:30.870

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e **Daniel Castro García**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións a realizar diante da celebración dun foro que vulnera a Lei de Normalizacion Lingüística e branquea o capital depredador.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os días 29 e 30 de setembro e o 1 de outubro vai celebrarse na Illa da Toxa, no concello de O Grove o "III Foro La Toja", un evento no que van participar entre outros o presidente da Xunta de Galiza, o presidente do Goberno español, expresidentes do Goberno español, como Felipe González e Mariano Rajoy, Felipe VI e representantes do mundo da empresa ou das finanzas.

Baixo a beatífica imanxen dun "foro de debate intelectual e académico para fomentar o intercambio de ideas e experiencias" o que agocha é a intención de deseñar e decidir o noso futuro.

Durante tres días reúnense representantes da elite política, económica e intelectual, banqueiros, xefes de goberno presentes e pasados, afinando as súas estratexias de dominación e explotación da maioría ao servizo do poder dominante que representan, responsábeis do proceso acelerado da degradación das condicións de vida da maioría da poboación, empobrecemento e precariedade da clase traballadora e desmantelamento dos servizos públicos.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 10:10:30
Nº Rexistro: 22643
Data envio: 24/09/2021 10:10:30.870

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non ten xustificación o apoio da Xunta de Galiza e do Goberno español a un Foro creado para promover e divulgar a ideoloxía neoliberal en materia de doutrina económica, social e política internacional.

Un foro creado para amparar e branquear ao poder económico máis agresivo contra o pobo como son a banca ou as eléctricas, e anular o país no que se celebra, Galiza, eliminando o galego, e mesmo vulnerando abertamente a Lei de Normalización Lingüística.

Con todo o que está acontecendo en Galiza é unha provocación o papel relevante que lle dan neste encontro aos presidentes de Abanca e Iberdrola, máximos expoñentes da estafa bancaria, peche de oficinas e perda de postos de traballo por un lado, e do espolio enerxético polo outro.

O que tería que facer o Presidente da Xunta é deixar de estar abrazado ao gran capital e reclamar nese Foro, o fin da estafa bancaria, do espolio enerxético aos que nos están sometendo @s galeg@s e rematar co deterioro dos servizos públicos, na vez de apoiar eses comportamentos empresariais.

Este foro ao denominarse “Foro La Toja” incumpre co seu nome a lexislación que recoñece a oficialidade única dos topónimos galegos, a empezar pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

Representa un exercicio de ostentación e de desprezo pola toponimia propia de Galiza, e polo tanto d@s galeg@s, unha agresión á nosa máis grande sinal de identidade como é a lingua que non se pode consentir.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 10:10:30
Nº Rexistro: 22643
Data envio: 24/09/2021 10:10:30.870

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non ten ningunha xustificación que responsábeis políticos, que deberían ser os máximos garantes tanto do cumprimento da lexislación como da protección e promoción da nosa , participen en eventos que a deturpan, sen solicitar a rectificación precisa.

Esta deturpación súmase á que se realiza de xeito permanente, por exemplo, tanto no monólito que hai na entrada da Illa ou no nome do hotel no que se realizou o foro, que non respectan a toponimia oficial.

Temos que sumar que a Xunta, en resolución do 13 de agosto de 2021, declara como de "interese galego" a "Fundación La Toja", constituída en Barcelona, e presidida por Amancio López Seijas, presidente do grupo hoteleiro HOTUSA, sen que teña feito nada para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, a pesares de que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo.

A todo o anterior hai que engadir o escaso papel de mulleres entre as persoas relatores, e polo tanto mostra o pouco interese deste “selecto clube” polas reflexións e análises que poidamos facer as mulleres en temas de tanta relevancia.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cales son as razóns do evidente apoio político e institucional por parte da Xunta de Galiza a un Foro que responde ás premisas ideolóxicas e lingüísticas tan marcadas ?

. Presta a Xunta de Galiza algún apoio económico a este foro? Si é positiva a resposta, cal é a contía e en concepto de que?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 10:10:30
Nº Rexistro: 22643
Data envio: 24/09/2021 10:10:30.870

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que accións vai realizar a Xunta de Galiza para esixir o uso legal do topónimo A Toxa?

. Non considera que é obriga do Goberno galego velar, como mínimo, polo cumprimento da lexislación que protexe a lingua e a toponimia galega?

. Coida que o Presidente da Xunta pode asistir a un evento onde non se respecta o topónimo de A Toxa e non esixir que se rectifique?

. Que xestións ten realizado a Xunta de Galiza para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, toda vez que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo ?

. Ten previsto o Presidente da Xunta reclamar nese Foro, atendo á presenza dos presidentes de Abanca e Iberdrola, o fin da estafa bancaria á que está sometendo @s galeg@s? ou pola contra adulará eses comportamentos empresariais. concibíndoos como modelo económico a promover?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 10:10:30
Nº Rexistro: 22643
Data envio: 24/09/2021 10:10:30.870

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/09/2021 10:05:51

Daniel Castro García na data 24/09/2021 10:05:54

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 10:06:10

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2021 10:06:19

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 11:10:21
Nº Rexistro: 22653
Data envio: 24/09/2021 11:10:21.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e **Mercedes Queixas Zas,** , deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os problemas do transporte escolar en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de Xuño, a Consellaría de Educación publicaba a *Instrución conxunta 1/2021, da secretaría xeral técnica da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade do 25, de xuño sobre a xestión do Servizo de Transporte de Escolares no Curso Escolar 2021-2022.*

Esta orde, que regula a organización e funcionamento do transporte escolar, mantén na súa redacción aspectos que ano tras ano, veñen ocasionando problemas ao alumnado do noso país e aos centros de ensino á hora de acceder ao servizo de transporte.

A citada orde contempla no seu artigo o seguinte: *Esta Instrución será de aplicación directa durante o curso 2021-2022 ás rutas de transporte especial de escolares que cursen ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria en centros docentes públicos(...) Igualmente,* ***aplicarase en todo o que resulte de aplicación (...)*** *ao transporte de escolares que se presta mediante servizos integrados nos que existe reserva de praza a favor de escolares.*

Esta redacción, a todas luces ambigua e confusa, ocasiona interpretacións diverxentes e crea agravios tanto entre usuarios coma entre centros de ensino.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 11:10:21
Nº Rexistro: 22653
Data envio: 24/09/2021 11:10:21.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro dos problemas que se vén dando coa publicación desta orde ten que ver con que estas instrucións xestionan de maneira igual situacións sociais e académicas que son desiguais. Así por exemplo, establece no relativo as distancias dos usuarios lexítimos dos centros de ensino "*unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios"*

Resulta evidente que non é o mesmo percorrer a pé un espazo de 2 km por unha cidade ou por un lugar urbanizado, que por unha vía rural; co que isto implica para un alumno/a de 12 anos que ten que facer este traxecto de noite ou en días de choiva.

Esta redacción está a ocasionar moitos problemas en centros rurais mais tamén noutros que simplemente se atopan fóra do núcleo urbano, sen que estas instrucións que din literalmente: *Será usuario con dereito a transporte escolar gratuíto o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar,* resolva estas situacións; pola interpretación que fai a Xunta de Galiza da mesma.

Do mesmo xeito, nos últimos meses son moitas as denuncias de varios centros de ensino e familias pola obriga da Xunta de estar en posesión da Tarxeta Nova (expedida unicamente por ABANCA) para poder facer uso do transporte escolar, mesmo no caso alumnos e alumnas, de ensino obrigatorio.

Son estes tan só algúns dos exemplos dos problemas que a orde *de xuño sobre a xestión do Servizo de Transporte de Escolares no Curso Escolar 2021-2022* está a provocar na comunidade educativa.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Vai o goberno galego iniciar un proceso de diálogo cos axentes da comunidade educativa para avaliar a situación do transporte escolar en Galiza e buscar solucións aos problemas que se suceden curso tras curso?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 11:10:21
Nº Rexistro: 22653
Data envio: 24/09/2021 11:10:21.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Vai a Xunta de Galiza empregar criterios como as características dos traxectos, o ensino no rural ou a realidade específica dos centros á hora de establecer usuarios lexítimos de transporte escolar?

3. Valora o goberno galego ampliar o carácter de usuarios lexítimos de transporte escolar a todo o alumnado do ensino non universitario?

4. Ten previsto o goberno galego iniciar un proceso de devolución das competencias en materia de transporte escolar á Consellaría de Educación?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 11:08:10

Daniel Castro García na data 24/09/2021 11:08:14

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/09/2021 11:08:23

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 13:51:06
Nº Rexistro: 22729
Data envio: 24/09/2021 13:51:06.089

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a intervención pública no futuro dos terreos portuarios da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Porto da Coruña ten unha débeda de 330 millóns de Euros contraída para financiar a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira, dos cales 200 millóns corresponden a un préstamo concedido ao Porto da Coruña por Portos do Estado e o resto, a un empréstito do Banco Europeo de Investimentos.

Esta débeda e as condicións de pagamento establecidas representan unha grave hipoteca para o futuro do Porto e da propia cidade da Coruña.

Dunha banda, as condicións de pagamento do préstamo concedido por Portos do Estado son totalmente abusivas, pois inda que o montante total da débeda segue sendo de 200 millóns, só en intereses o porto xa leva pagados 39, 5 millóns. Unha lousa que ademais repercute no importe das taxas portuarias, restando competitividade ao noso porto respecto doutros portos de interese xeral.

Ademais, en virtude do establecido no Convenio de 2004 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galiza e Concello da Coruña, preténdese facer fronte ao pago desta débeda coa venda de activos do propio porto nos terreos que fiquen liberados de actividades portuarias no porto interior.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 13:51:06
Nº Rexistro: 22729
Data envio: 24/09/2021 13:51:06.089

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fronte a esta situación, os Orzamentos Xerais do Estado actualmente en vigor inclúen unha disposición adicional na que a Administración Xeral do Estado condona unha débeda de aprox. 400 millóns de euros do Porto de Valencia, froito da súa adecuación para albergar a Copa América de Vela.

É inaudito que, mentres o Estado asume unha débeda xerada por unha actuación que nada ten a ver coas actividades produtivas, se pretenda hipotecar o futuro da fachada litoral da Coruña pola débeda xerada pola construción dunha infraestrutura produtiva como é Porto Exterior.

Cómpre lembrar que a construción do porto exterior de Punta Langosteira foi unha decisión de Estado, anunciada polo Goberno Aznar como unha compensación a Galiza polo desastre do Prestige. Por esa razón os custos da súa construción non poden representar unha hipoteca para o futuro da cidade. Se os terreos sobre os que se asenta o porto interior foron gañados ao mar para o desenvolvemento de actividades portuarias, o razóabel é que os espazos que resulten desafectados desas actividades sexan devoltos á cidade.

Por estas razóns o Parlamento Galego e o Concello da Coruña pronunciáronse por unanimidade en distintas ocasións esixindo a condonación da débeda do Porto da Coruña con Portos do Estado ou a asignación, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, dunha cantidade equivalente, co obxecto de acometer a transformación da fachada marítima da Coruña (en colaboración co Concello e outras administracións) asegurando o mantemento da titularidade e usos públicos dos terreos.

Porén, pese a estes pronunciamentos unánimes, tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña parecen asumir o criterio de que se debe pagar por uns terreos que xa son públicos e levan semanas negociando a cantidade de diñeiro que debe achegar

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 13:51:06
Nº Rexistro: 22729
Data envio: 24/09/2021 13:51:06.089

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cada administración por facerse coa titularidade dos peiraos de Calvo Sotelo e Batería e proceder á súa urbanización, comprometéndose, ademais, a asignar unha cantidade que supera claramente o prezo de taxación destes terreos.

Os convenios de 2004 non poden determinar o deseño da nova fachada marítima da cidade, que marcará un punto de inflexión no trazado do seu desenvolvemento ad futurum, polo que tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña deberían estar xa a constituír unha fronte común para pedir a condonación da débeda do porto da Coruña.

Porque se o Goberno do Estado condonou a débeda do porto de Valéncia, non hai ningunha razón para non facer o propio coa da Coruña.

O futuro do porto da Coruña transcende o ámbito local para se converter nun asunto prioritario de país, polo que cómpre esixir un trato xusto e actuar con firme vontade política fronte a unha nova discriminación con Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que actuacións compromete a Xunta de Galiza para asegurar un proxecto de futuro para os terreos portuarios da Coruña que non supoña unha carga económica para a cidadanía e impida un trato discriminatorio?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 13:51:06
Nº Rexistro: 22729
Data envio: 24/09/2021 13:51:06.089

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2021 13:48:09

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 13:48:12

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22747
Data envio: 27/09/2021 09:29:40.600

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o nomeamento dun docente especialista en Educación Musical para o CEIP Sagrada Familia da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O terceiro curso escolar vivido en pandemia acaba de comezar da peor maneira posíbel por parte do goberno galego ao se confirmar a importante redución de profesorado na conformación dos claustros docentes no ensino público.

Reitéranse por toda Galiza as demandas e reclamacións das comunidades educativas en demanda dunha atención educativa de calidade e en equidade.

O Consello Escolar xunto co Claustro de profesorado do CEIP Sagrada Familia da Coruña é un bo exemplo.

Neste centro educativo, que conta con 18 unidades de Educación Primaria e 6 de Educación Infantil, estase a incumprir o catálogo de postos de traballo publicado no DOG do 6 de agosto de 2021 onde se adxudican dúas prazas de profesorado especialista en música para o curso 2020-2021 e das que finalmente só se cubriu unha no comezo do presente curso.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22747
Data envio: 27/09/2021 09:29:40.600

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con data de 1 de setembro o director do centro comunicou á inspección educativa que non fora cuberta a segunda praza de Educación Musical, tal e como figuraba recollida na Orde do 22 de xullo de 2021.

Esta deficiente atención educativa ao alumnado deste centro vese acrecentada polo feito de ser o actual director o único especialista de Educación Musical, o que está a imposibilitar o desenvolvemento do horario completo que lle corresponde ás súas funcións directivas. Unha eiva especialmente importante en tempos de pandemia en que se multiplican as dificultades engadidas á xa habitual xestión académica.

Recentemente, acaba de ser nomeada pola consellería unha docente para impartir Educación Musical en primaria que non posúe esta especialidade, xa que é especialista en Lingua Estranxeira (Inglés), que ademais non ten dedicación horaria completa no CEIP Sagrada Familia da Coruña, senón que ten que compartir a docencia neste centro co CEIP Vales Villamarín (Betanzos).

Unha decisión que en absoluto se pode entender como definitiva para resolver as carencias educativas do centro provocadas pola irregular xestión da consellería.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai nomear de urxencia o goberno un docente especialista de Educación Musical a tempo completo para o CEIP Sagrada Familia da Coruña, tal e como está a demandar a comunidade educativa, para garantirlle ao alumnado o dereito a unha educación de calidade?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22747
Data envio: 27/09/2021 09:29:40.600

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 09:23:20

Daniel Castro García na data 27/09/2021 09:23:23

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2021 09:23:31

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:48:50
Nº Rexistro: 22753
Data envio: 27/09/2021 09:48:50.147

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de dotar de máis persoal docente o IES Urbano Lugrís da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Comeza o terceiro curso escolar en tempo de pandemia como se para os responsábeis educativos do goberno da Xunta de Galiza nada tivese acontecido na nosa sociedade.

Tras 16 meses de pandemia, que obrigou a un sobreesforzo a toda a comunidade educativa galega, a resposta do Executivo está a ser, como se prevía, un curso 2021-2022 con menos persoal nas aulas, en particular nos centros de secundaria, a través dunha redución sen precedentes que mesmo vai impedir en moitos casos que se poidan cumprir os protocolos COVID decretados pola Xunta.

Xusto no momento en que máis reforzos se precisan, o que temos por parte da Xunta é un recorte de profesorado sen precedentes, algo máis de 500, no momento de comezar o curso.

A esta situación de precariedade que obriga aos centros a facer axustes imposíbeis para evitar minimizar a afectación negativa sobre a calidade e equidade

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:48:50
Nº Rexistro: 22753
Data envio: 27/09/2021 09:48:50.147

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educativa, súmase unha nova estratexia de eliminación de prazas de profesorado nos propios cadros de persoal.

Isto é o que está a acontecer no IES Urbano Lugrís (A Coruña).

No mes de xullo comunícaselle ao equipo directivo, por parte da inspección educativa, que manteñen para o presente curso o mesmo cadro de persoal dos dous cursos anteriores.

Esta decisión unilateral desatende que nestes dous últimos cursos o centro aumentou un curso de FPdual, un de FPBásica, unha completa sección bilingüe (e E-Dixgal).

Neste período de tempo tamén aumentou o alumnado, sobre todo nos primeiros cursos da ESO, que, debido á contorna sociocultural e económica, se caracteriza por ser alumnado maioritariamente de procedencia inmigrante, é dicir, alumnado vulnerable e que precisa elevada atención á diversidade

Malia os reiterados intentos do equipo directivo de revisar a decisión da consellería e se dirixir por escrito tanto á Inspección de Educación como ao Servizo de Persoal Docente, unha e outra vez desde xullo ata o día de hoxe, os correos enviados seguen sen resposta, o mesmo que as peticións de citas para fixar unha reunión para negociar opcións alternativas e máis acaídas ao centro.

No entanto, nesta altura en que o curso xa está en andamento, si recibiu a dirección a orde por correo electrónico (non instrución formal) de proporcionar do profesorado actual do IES Urbano Lugrís (A Coruña) ao CIFP Paseo das Pontes dous docentes completos para impartir os módulos de Comunicación e sociedade e Ciencias aplicadas.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:48:50
Nº Rexistro: 22753
Data envio: 27/09/2021 09:48:50.147

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un mandato que chega sen consulta previa nin diálogo e que implica que no IES Urbano Lugrís teñan que anular o traballo organizativo realizado para comezar o curso puntualmente, para refacer todos os horarios de Ensino Medio, volver facer reparto de horas por departamento, sacar os horarios e demais de Xade, volver metelos, cambiar horarios de profesorado e alumnado. Ademais de non poder ter en tempo a documentación requirida pola consellería: programacións, cursos de aula virtual, DOC etc.

Esta improvisación implica tamén cambios nos horarios no CIFP Paseo das Pontes.

A actividade académica do IES Urbano Lugrís medra ano tras ano e a comparativa actual neste curso 2021-2022, a respecto dos dous anteriores, é a seguinte:

- Aumento da matrícula de alumnado (sobre todo na ESO).

- Aumento de varios tipos de ensinanzas (FP dual, 2º FPB Informática, sección bilingüe en historia) e tamén E-Dixgal en 1º ESO.

- Continuidade dos proxectos de participación en PLAMBE, Club de lectura, Club de Ciencia, PFPP, varios Contratos-progama, Skills, Erasmus +…

Unha realidade de potenciación educativa que contrasta coa redución de profesorado ano tras ano.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 09:48:50
Nº Rexistro: 22753
Data envio: 27/09/2021 09:48:50.147

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai nomear de urxencia o goberno os dous docentes a tempo completo que precisa o IES Urbano Lugrís da Coruña para satisfacer as necesidades do CIFP Paseo das Pontes sen prexudicar o centro de referencia?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 09:46:26

Daniel Castro García na data 27/09/2021 09:46:30

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2021 09:46:41

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:09:14
Nº Rexistro: 22758
Data envio: 27/09/2021 10:09:14.147

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación e ao futuro do sector da automoción en Vigo e Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A automoción constitúe un sector estratéxico e fundamental para a industria de Vigo, e por extensión do conxunto de Galiza, que está a enfrontar importantes complexidades, onde aos retos estruturais que se derivan da transición no modelo produtivo e no cambio tecnolóxico e de vector enerxético, engádese tamén a retracción no propio mercado e, máis recentemente, a crise de aprovisionamento de microchips e outros compoñentes.

Compre subliñar, ademais, que neste sector existe unha crecente precariedade laboral que se expresa nunha elevadísima taxa de temporalidade, o aumento nos contratos a tempo parcial, o empobrecemento salariais e mais o empeoramento das condicións laborais, para alén dos efectos da aplicación arbitraria e inxusta dos ERTE que acabaron por transferir os custos da crise ás traballadoras e traballadores.

A inestabilidade produtiva derivada da falla de garantías de subministro de algúns insumos ten colocado nunha situación de risco e incerteza un número moi relevante de postos de traballo, directos e indirectos. Neste sentido, é moi significativo, que as paradas produtivas teñan afectado, dunha ou doutra maneira, a preto de 20 mil

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:09:14
Nº Rexistro: 22758
Data envio: 27/09/2021 10:09:14.147

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empregos. O Clúster de Empresas da Automoción de Galiza ten analizado na súa prospectiva que a crise de semicondutores pode prolongar os seus efectos até o 2023 e no caso da planta de *Stellantis* en Vigo estima nun mínimo de 80 mil unidades menos o impacto da mesma na produción deste 2021. Aliás, o encarecemento e falla de subministros en materiais como aceiro, aluminio ou complementos plásticos a nivel global está a agravar aínda máis esta situación.

Grandes fabricantes de microchips seguen anunciando investimentos millonarios noutras partes do mundo, como no caso de Alemaña, Italia ou Holanda, mais tanto o Goberno español como a propia Xunta de Galicia, continúan sen despregar ningún tipo de acción efectiva para blindar a competitividade e capacidade produtiva do sector da automoción non noso país.

É claro que a mellor maneira de asegurar o futuro do sector da automoción na área de Vigo e no conxunto de Galiza pasa por promover, de maneira activa, a instalación de fábricas de compoñentes nas proximidades da factoría principal. No entanto, a resposta por parte do Goberno español tense reducido a comprometer a instalación dunha fábrica de baterías en Barcelona e apoiar outra en Valencia, mais sen ningún tipo de compromiso concreto e verificable no relativo á área de Vigo e ao conxunto de Galiza, para alén da propaganda oca de que ten participado con entusiasmo o propio alcalde de Vigo nun ronsel de anuncios sen respaldo real. Ao tempo, Portugal vén de confirmar a instalación de plantas de compoñentes no seu territorio despois e que fose deslocalizada unha parte da produción sediada en Galiza. Tal e como están a denunciar organizacións sindicais, como a CIG, que Galiza non conte cunha planta de fabricación de batería suporía excluír, na práctica, o sector galego da automoción do taboleiro da fabricación do coche eléctrico.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:09:14
Nº Rexistro: 22758
Data envio: 27/09/2021 10:09:14.147

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario tamén actuar con decisión fronte a ameaza grave e real que representan a deslocalización produtiva para o sector do automóbil e que se materializa no feito de que nos últimos 8 anos non se teña constituído ningunha nova empresa do sector na área de Vigo e en que a produción estea equiparada á do ano 2007, antes da crise, mais soportada por un 40% menos de postos de traballo.

Como exemplo concreto e claro desta problemática está a compañía *Borgwarner*, na que mentres a planta de Vigo fica baixo a ameaza de peche a mesma multinacional anuncia a apertura dunha nova factoría de motores eléctricos en Viana do Castelo.

En definitiva, Vigo non estaría nesta altura incluída dentro do itinerario de cidades industriais para os fabricantes de coches europeos, como resultado dunha política industrial baleira onde unicamente se posta polo sector servizos e o turismo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

.Ten previsto o goberno galego, xunto co goberno español, no exercicio das súas competencias e de maneira coordinada, promover a instalación na área de Vigo dunha fábrica de baterías e poñer en marcha un plan para a atracción de plantas de fabricación para a súa instalación en Galiza dos novos compoñentes dos coches eléctricos, como motores de tracción, cargadores de a bordo, novos sistemas de tracción, inversores e portos de carga?

. Considera o goberno galego necesario impulsar un Plan Galego pola Automoción, que promova a instalación na Galiza de novos actores e actividades industriais relacionados co sector, que rachen coa excesiva dependencia actual dun

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:09:14
Nº Rexistro: 22758
Data envio: 27/09/2021 10:09:14.147

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

único gran fabricante, e que garantan a produción na Galiza de aqueles compoñentes críticos de máis valor engadido?

. Ten pensado goberno galego desenvolver unha política industrial que faga posible fabricar en Galiza calquera novo compoñente derivado da transición ao automóbil non contaminante tanto para eléctrico, gas ou hidróxeno?

. Vai o goberno galego constituír unha Mesa Galega da Automoción na que estean presentes a Xunta de Galiza, o clúster empresarial, as tres centrais sindicais máis representativas de Galiza e as tres universidades?

. Cre o goberno galego necesario poñer en marcha unha Tarifa Eléctrica Galega competitiva que reverta no sector industrial do país os beneficios de sermos produtores de electricidade?

. Vai o goberno galego despregar medidas concretas para garantir a protección da saúde, o rexuvenecemento dos cadros de persoal, a contratación por xornadas completas, a aplicación do convenio provincial do metal para empresas sen convenio propio como chan salarial, así como a adaptación da formación profesional pública á nova realidade tecnolóxica?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:09:14
Nº Rexistro: 22758
Data envio: 27/09/2021 10:09:14.147

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 27/09/2021 10:05:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/09/2021 10:05:11

María do Carme González Iglesias na data 27/09/2021 10:05:19

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:42:41
Nº Rexistro: 22764
Data envio: 27/09/2021 10:42:41.464

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de setembro, a conselleira de Infraestruturas enviou unha carta á alcaldesa de Tomiño, como resposta a unhas declaracións da rexedora críticas co anteproxecto de lei de mellora do ciclo integral da auga.

Para o BNG é absolutamente rexeitábel o ton conminatorio e de intimidación no que está redactada a carta, impropio dunha relación institucional normalizada. E consideramos absolutamente fóra de lugar que esta sexa a reacción dun cargo público da Xunta diante das declaracións feitas pola alcaldesa nun encontro de gobernos municipais organizado polo BNG.

Temos interese en saber se por parte da conselleira de infraestruturas se enviou unha carta semellante ás demais alcaldías que contan con estación de depuración xestionadas pola Xunta, ou se a carta intimidatoria só se dirixiu a un cargo público que exerceu o seu dereito lexítimo á crítica a unha norma que está a tramitar o goberno galego. Semella que a intención da administración autonómica é impoñer unha especie de lei mordaza ou lei do silencio, con efectos claramente disuasorios.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:42:41
Nº Rexistro: 22764
Data envio: 27/09/2021 10:42:41.464

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, parécenos absolutamente fóra de lugar a advertencia que fai a representante do goberno galego a respecto da necesidade de que o concello de Tomiño solucione de xeito "inmediato" as infiltracións de augas brancas na rede de colectores.

Ademais, consideramos improcedente que inste ao concello de Tomiño a iniciar o expediente administrativo correspondente para asumir a explotación depuradora "de xeito inmediato". Unha actitude claramente intimidatoria e que non ten sentido ningún, dado que foi a Xunta de Galiza quen construíu a depuradora en 2003 e quen asumiu a súa xestión desde o inicio, como fai con outras 27 EDAR.

Por último, chama poderosamente a atención que o contido da carta, que ten data do 23 de setembro, apareza publicado nun medio de comunicación o día 24 de setembro. Un feito que deixa ben ás claras o *modus operandi* da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera normal a Xunta o envío dunha carta intimidatoria á alcaldesa de Tomiño, como reacción polas súas críticas ao anteproxecto de lei de mellora do ciclo da auga?

- A cantas alcaldías enviou a conselleira de infraestruturas unha carta escrita neste ton?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:42:41
Nº Rexistro: 22764
Data envio: 27/09/2021 10:42:41.464

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Esixiu a conselleira a outras alcaldías a solucionar de forma inmediata as infiltracións de augas brancas na rede de colectores?

- Demandou a conselleira de infraestruturas a outras alcaldías a asunción de xeito inmediato da xestión de depuradoras explotadas por Augas de Galicia?

- Comparte o goberno galego que o dereito á crítica e á discrepancia son piares esenciais dun sistema democrático?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 10:41:19

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2021 10:42:24

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:36:05
Nº Rexistro: 22778
Data envio: 27/09/2021 11:36:05.319

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de cubrir o catálogo docente do CEIP Ramón de la Sagra (A Coruña) cun mestre de Educación Musical.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As familias de 1ºA de Educación Primaria do CEIP Ramón de la Sagra da Coruña son informadas a comezos do mes de setembro de que os seus fillos e fillas non poden contar cunha persoa titora para os primeiros días de clase, xa que a praza docente non foi adxudicada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, malia se tratar dun mestre de catálogo, ao que ten dereito o colexio segundo a *Orde do 12 de agosto de 2010 pola que se establecen o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.*

Este grupo de alumnado, que está a comezar unha nova etapa educativa como é a Educación Primaria, inicia o curso sen profesor/profesora titor/a de referencia, sendo atendido de forma alterna polo profesorado de centro en función das súas gardas.

Unha vez iniciado o curso académico actual nestas circunstancias de atención educativa precaria cun nivel educativo tan sensíbel, as familias, en comunicación coa dirección do colexio e coa inspección educativa, reciben a confirmación de que esta

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:36:05
Nº Rexistro: 22778
Data envio: 27/09/2021 11:36:05.319

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

praza docente non se vai cubrir definitivamente e que, polo tanto, a titoría de 1º A deberá ser cuberta con horas de profesores especialistas do centro.

Finalmente, a dirección do centro resolve adxudicar esta titoría de 1º A de Educación Primaria á mestra especialista de Educación Física.

Esta decisión, á parte de non dar cumprimento á boa atención educativa do grupo de 1º A garantindo o seu dereito a ter un docente titor, desencadea máis prexuízos no conxunto do centro:

- A especialista de Educación Física que será titora de 1º A abandona a cotitoría de 2º que xa tiña adscrita, co cal este grupo fica con medio titor.

- Todos os nenos e nenas de Educación Infantil deixan de ter psicomotricidade por falta de docente.

- Non haberá horas de apoio docente porque o horario do profesorado está ao límite do seu horario lectivo.

A situación provocada no grupo de 1º A está impedindo a correcta integración do grupo na dinámica escolar e imposibilita o seguimento do alumnado, retrasando a detección de posibles dificultades de aprendizaxe e a resposta educativa axeitada.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Xunta nomear de urxencia o docente a tempo completo no CEIP Ramón de la Sagra (A Coruña) que por catálogo lle corresponde, para poder atender como titor/a o grupo de 1º A, tal e como está a demandar a comunidade educativa, e así garantirlle ao alumnado o dereito a unha educación de calidade?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:36:05
Nº Rexistro: 22778
Data envio: 27/09/2021 11:36:05.319

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 11:33:38

Daniel Castro García na data 27/09/2021 11:33:41

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2021 11:33:49

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:44:46
Nº Rexistro: 22782
Data envio: 27/09/2021 11:44:46.292

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de agosto unha integrante da plataforma SOS Suído Seixo, colectivo que loita contra a creación da mina Alberta I na zona de Doade (Beariz) e os demais proxectos mineiros asociados que afectan aos concellos de Beariz, Avión, A Lama, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, recibiu a notificación do "inicio dun procedemento sancionador" por parte do Concello da Lama pola participación nunha concentración de arredor de 30 persoas diante do concello "portando pancartas co lema "Non á mina".

O deputado que subscribe esta iniciativa tamén participou nese acto, que tivo lugar o 16 de outubro de 2016 e que consistiu na presentación de alegacións no rexistro do concello contra o proxecto mineiro. En todo momento respectáronse as normas sanitarias vixentes, xa que as persoas participantes agardaron a súa vez nunha fileira, mentres o resto de participantes agardaban no exterior do concello. No lugar estivo presente unha patrulla da garda civil, que en ningún momento advertiu nin da ilegalidade do acto nin do incumprimento das normas sanitarias.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:44:46
Nº Rexistro: 22782
Data envio: 27/09/2021 11:44:46.292

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As persoas participantes nesta presentación de alegacións exercitaron un dereito fundamental, presentando escritos de alegacións e protestando contra un proxecto mineiro lesivo para os seus intereses e os do medio.

A actuación do concello da Lama, case un ano despois, denunciando a unha integrante da plataforma e propoñendo unha sanción de 100 euros, só pode entenderse como un intento de intimidación e de castigo ao movemento social de defensa do territorio, así como un exemplo de persecución dos máis elementais dereitos democráticos.

Cómpre ter en conta que se produce esta situación mentres a Xunta de Galiza segue sen aclarar cal é a situación do proxecto mineiro Alberta I, un proxecto que non cumpre coas garantías ambientais e que conta cun informe desfavorábel da Confederación Hidrográfica Miño Sil. A estas alturas, máis de dez meses despois da presentación das correspondentes preguntas e peticións de documentación por parte do grupo parlamentar do BNG sobre o estado de tramitación do proxecto mineiro, aínda non recibimos resposta por parte da Xunta de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Comparte a Xunta a actuación do Concello da Lama, que abriu un procedemento sancionador contra unha integrante da Plataforma SOS Suído Seixo, por participar nun acto de presentación de alegacións contra o proxecto mineiro Alberta I no que se respectaron as normas sanitarias en vigor?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:44:46
Nº Rexistro: 22782
Data envio: 27/09/2021 11:44:46.292

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comparte o goberno galego este tipo de procedementos que supoñen un intento de intimidación e de castigo ao movemento social que loita contra o proxecto mineiro Alberta I e en defensa do territorio?

Por que a Xunta de Galiza oculta a documentación e a información sobre o estado de tramitación do proxecto mineiro Alberta I?

Cando ten previsto o goberno galego dar resposta ás demandas de información e documentación presentadas polo grupo parlamentar do BNG o 16 de novembro de 2020?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2021 11:43:40

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2021 11:43:47

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 13:33:38
Nº Rexistro: 22848
Data envio: 27/09/2021 13:33:38.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP9.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de setembro a Unión Europea advertiu ao Estado español sobre a ilegalidade das prórrogas concedidas a Audasa para a xestión da AP 9, xa que non se respectou o procedemento comunitario en materia de contratación pública e concesións administrativas.

- A primeira prórroga, de UCD en 1977, supuxo a ampliación da concesión en 1 ano, de 2012 a 2013

- A segunda, do PSOE en 1994, ampliou a concesión en 10 anos, até 2023.

- A terceira, do PP no ano 2000, prorrogou a concesión por 25 anos máis, até o 2048.

A comunicación da Comisión Europea, en resposta a unha denuncia da asociación En Colectivo, pon de manifesto a actuación irregular do goberno español coa adopción de decisións que favoreceron os intereses da empresa concesionaria e supuxeron un grave prexuízo para as persoas usuarias e para a economía galega.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 13:33:38
Nº Rexistro: 22848
Data envio: 27/09/2021 13:33:38.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este caso conta xa co precedente dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que dictaminou en 2019 que Italia ampliou a concesión dunha autoestrada á "Società Autostrada Tirrénica" sen iniciar previamente un procedemento de licitación, infrinxindo a Directiva 2004/18/CE sobre contratación pública. No caso das prórrogas concedidas a Audasa en 1994 e 2000, tamén se incumpriron as normas de contratación pública da UE, nomeadamente a Directiva 93/37/CEE.

Cómpre ter en conta que grazas a estas decisións discriminatorias para Galiza, as galegas e galegos levamos pagados 1.091 millóns de euros en peaxes desde 2012. E Audasa -empresa privatizada polo goberno do PP en 2003- obtivo ingresos de máis de 3.000 millóns de euros e máis de 900 millóns de beneficios desde o inicio da concesión. E prevé beneficios de máis de 1.500 millóns de euros até o ano 2048. Todos estes feitos poñen en evidencia a aldraxe e o agravio da AP9, tantas veces denunciado polo BNG.

Mentres isto ocorre, outras autoestradas da mesma época que a AP9 remataron ou van rematar dentro de pouco tempo o seu período de concesión, de maneira que pasan a ser gratuítas. Un exemplo claro do trato discriminatorio do goberno central con Galiza, compartido por gobernos dunha e outra cor.

Tendo en conta as irregularidades sinaladas pola Comisión Europea, chama a atención a reacción do goberno galego. Primeiro nas declaracións da conselleira de Infraestruturas, que atribuíu as prórrogas a "decisións do pasado" e afirmou que había que agardar as decisións do goberno central ao respecto. Posteriormente, o presidente da Xunta xustificou as prórrogas concedidas ilegalmente e rebaixou a importancia da decisión do executivo comunitario.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 13:33:38
Nº Rexistro: 22848
Data envio: 27/09/2021 13:33:38.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como valora o goberno galego a decisión da Comisión Europea en relación coas prórrogas da AP 9?

. Considera o goberno galego que a concesión destas prórrogas foi unha decisión discriminatoria para Galiza?

. Comparte o goberno galego os argumentos da Comisión Europea en relación coa ilegalidade das prórrogas concedidas a AUDASA?

. Que opinión lle merece ao goberno galego que autoestradas da mesma xeración ca a AP9 pasen a ser gratuitas mentres que a autoestrada galega tería peaxes até 2048?

. Que iniciativas prevé adoptar o goberno galego para deixar sen efecto as prórrogas concedidas e lograr a gratuidade da AP9?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2021 13:26:41

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 13:33:38
Nº Rexistro: 22848
Data envio: 27/09/2021 13:33:38.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 27/09/2021 13:26:44

Paulo Ríos Santomé na data 27/09/2021 13:26:50

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22872
Data envio: 27/09/2021 18:31:59.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para prestar unha atención á saúde mental digna.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da saúde mental en Galiza, podemos cualificala como mínimo de parálise, a Xunta de Galiza non se ten actuado, non ten atendido as necesidades, non planificou e non adicou o orzamento preciso. É unha das grandes esquecidas nos 12 anos de Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, algo incomprensíbel dado o enorme número de persoas con necesidade de atención e as demoras. Non ten actuado a pesares dos indicadores que mostran un medre progresivo, grave empeoramento da mesma na poboación, coas consecuencias de sufrimento humano, de perda de vidas e dos custes sociais, laborais e sanitarios.

A pandemia agravou a situación e deixa en evidencia que se antes da COVID 19 os servizos de saúde mental eran raquíticos, agora son absolutamente insuficientes para atender as secuelas que deixa o virus tamén neste ámbito.

A pandemia trouxo illamento social, confinamento, afectación emocional pola perda de seres queridos, incerteza, angustia, ansiedade, depresión, medo ante o futuro. É urxente destinar recursos e medios para atender as necesidades de atención psicolóxica e psiquiátrica dunha cidadanía sometida ao estrés de perdas emocionais de seres queridos,

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22872
Data envio: 27/09/2021 18:31:59.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de perdas económicas e laborais e de perdas sociais. De feito hai expertos que advirten que a saúde mental vai ser a gran pandemia post covid 19 polo seu impacto na saúde das persoas.

A Xunta de Galiza non dá ningunha mostra de asumir a realidade, persiste en crear o seu relato paralelo. Non asume a dramática situación da Saúde Mental, que afecta a miles de persoas, a miles de familias. De novo desenténdese.

Unha realidade que non se pode abordar cun Plan que non pasa dun anuncio.

Non contempla orzamento para que a Xunta aborde a situación, senón que externaliza o problema.

Un plan insuficiente, pola escasa cantidade de profesionais, polo modelo asistencialista, non establece garantía de protección dos dereitos das persoas doentes, non contempla medidas para que se cumpra a convención internacional dos dereitos das persoas con discapacidade, non se garante a eliminación da contención mecánica...

Un Plan asentado na sedación dos problemas e non na abordaxe integral que a gravidade da situación da saúde mental en Galiza precisa.

Non ten cronograma, cando se van realizar as actuacións e o orzamento é un anuncio incumprido xa na primeira anualidade.

Cando a pandemia pase, os que tiñan dificultades, estarán peor, e sumaránselle @s nov@s damnificad@s.

Un exemplo dramático da situación da saúde mental é o Hospital de Conxo. Unha situación denunciada neste Parlamento en moitas ocasións, pola contención

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22872
Data envio: 27/09/2021 18:31:59.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mecánica, por suicidios evitábeis, por carencias manifestas, cando o informe da Valedora del Pueblo tras o informe do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura.

Dentro da saúde mental, ten que ter unha atención determinante a prevención ao suicidio. O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia, no noso país quitáronse a vida 3.652 persoas entre 2010 e 2020, 307 nese último ano,segundo os datos recollidos na memoria do IMELGA, converténdonos no país de maior taxa de suicidios do Estado, 13% por 100 mil habitantes, fronte ao 7,79 %. Uns datos alarmantes, xa que colocan esta causa de morte dos primeiros por causas non naturais e convérteno nun problema sanitario e social de primeira orde. A OMS estima que por cada morte por suicido consumada prodúcense 20 tentativas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Van aumentar os recursos, dispositivos e persoal para poder prestar a atención precisa na atención á saúde mental?

Cal é a aplicación do Plan de Saúde Mental, tras un ano da súa aprobación?

Coida o Goberno galego que coas contías contempladas nos orzamentos da Xunta para para saúde mental se vai reverter a situación de déficit endémico?

Vai proceder a crear nos Centros de Saúde de Atención Primaria prazas de psicólogxs clínicxs, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadorxs sociais... que permita a creación de equipas multidisciplinares e prestar unha atención integral?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22872
Data envio: 27/09/2021 18:31:59.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Teñen realizado algún estudo para determinar os efectos que a pandemia está a ter na saúde mental da poboación, de cara a establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia?

Coida que a Xunta de Galiza está tendo unha actuación na prevención, detección e atención ao suicidio acorde á magnitude da incidencia no noso país?

Que actuacións está realizando a Xunta diante da altísima prevalencia do suicidio en Galiza?

Teñen algún estudo sobre as características das persoas suicidas en Galiza?, si é así cal é o resultado do mesmo?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/09/2021 18:31:08

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22872
Data envio: 27/09/2021 18:31:59.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 27/09/2021 18:31:23

Olalla Rodil Fernández na data 27/09/2021 18:31:32

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 10:14:56
Nº Rexistro: 22880
Data envio: 28/09/2021 10:14:56.874

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, créase o Instituto Galego do Consumo e da Competencia no que veñen reguladas, como funcións do mesmo as seguintes:

a) Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles aos cales poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.

b) Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de persoas consumidoras e usuarias.

c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.

d) Elaborar e difundir información para facilitar ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis adecuados ás súas necesidades.

e) Impulsar a formación da cidadanía, como persoas consumidoras e usuarias, propoñendo aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a devandita formación sexa permanente.

f) Cooperar e colaborar coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 10:14:56
Nº Rexistro: 22880
Data envio: 28/09/2021 10:14:56.874

g) Potenciar a mediación e a arbitraxe para a resolución dos conflitos en materia de consumo, organizando e xestionando o funcionamento da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

h) Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.
i) Velar para que os produtos e servizos postos á disposición das persoas consumidores/as e usuarias incorporen a información e os niveis de seguridade legalmente exixibles, e realizar campañas de control nos diferentes sectores do mercado galego, de maneira especial as dirixidas a evitar a fraude, a publicidade enganosa ou a utilización de cláusulas abusivas.

j) Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do instituto.

k) As que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, corresponden ao Instituto Galego de Consumo.

l) A aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

m) Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia

Desde o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que se reforce o Instituto Galego de Consumo para que poda levar a cabo tódalas funcións para as que foi creado dito ente. Neste momento ante a multitude de reclamacións interpostas, non están a tramitar tódolos expedientes pendentes.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 10:14:56
Nº Rexistro: 22880
Data envio: 28/09/2021 10:14:56.874

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia reforzar o Instituto Galego de Consumo con máis persoal e con medidas concretas para facilitar a resolución dos expedientes o antes posible?
2. Cal é o número de reclamacións presentada ante este organismo por anos dende o 2016 ata a actualidade e de todas elas cantas foron resoltas?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/09/2021 10:11:58

Martín Seco García na data 28/09/2021 10:12:06

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:38:00
Nº Rexistro: 22900
Data envio: 28/09/2021 12:38:00.539

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Luis Bará Torres e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as frecuencias e liñas de autobuses das liñas O Barco de Valdeorras – A Gudiña e a súa conexión co tren de alta velocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de xuño de 2021 a Xunta de Galiza introduciu mudanzas nos horarios das liñas de autobuses que dentro das liñas de transporte público de Galiza comunican as comarcas de Valdeorras e Viana e nomeadamente as que servían para comunicar á comarca valdeorresa coas liñas de alta velocidade de ferrocarril que fan parada na estación da Gudiña.

Así no día 9 de xuño a rede de transporte público dependente da Xunta fixo públicos os cambios en dúas das liñas de autobús que percorren a zona que mencionamos.

- Para a liña O Barco-A Gudiña as saídas pasaron a ser ás 9:30 e ás 17:15 horas (O Barco de Valdeorras-A Gudiña) e ás 7:00 e ás 18:00 horas no sentido A Gudiña-O Barco.

- Para a liña O Barco de Valdeorras - O Bolo as saídas son agora ás 6:30 e ás 12:00 horas (7:15 e 18 horas O Bolo-O Barco).

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:38:00
Nº Rexistro: 22900
Data envio: 28/09/2021 12:38:00.539

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe lembrar que Valdeorras ten sido unha das grandes damnificadas nas últimas décadas das decisións tomadas polos sucesivos gobernos centrais no referido á conectividade por ferrocarril. Así, a pesares de ter sido a comarca un importante foco de viaxeiras e viaxeiros a través do tren entre outras cuestións polo seu afastamento aos núcleos urbanos do país e do Estado.

A pesares diso no deseño das novas liñas de comunicación de alta velocidade foi a entrada sur a Galiza, a través da Gudiña, a que finalmente foi decidida e promovida polo Estado central ao tempo que ese mesmo goberno central, independentemente das siglas das que estivera vestido en cada momento, foi paulatinamente pechando estacións, eliminando frecuencias e en definitiva depauperando até deixar practicamente inane o servizo na liña Palencia – A Coruña.

Así, na práctica, unha viaxeira valdeorresa que queira desprazarse até Madrid obrigatoriamente ten que facelo a través da liña que ten parada na Gudiña co que resulta fundamental que as frecuencias de autobuses que comunican O Barco de Valdeorras e A Gudiña sexan complementares ás liñas de ALVIA.

Iso deixou de ser así en xullo e agora se queres ir desde Valdeorras en tren a Madrid só poderás subir á Gudiña no bus que sae do Barco ás 5:45 e chega á Gudiña ás 6:45. O tren chega ás 8:24 horas polo que a espera será de 1:39 horas.

A outra posibilidade é coller o autobús que sae do Barco ás 9:30 horas e chega á Gudiña ás 10:30. Aquí o tren xa saíu ás 9:58 horas (é dicir, 32 minutos antes) polo que podes gardar ao tren das 13:42 horas (3 horas e 12 minutos máis tarde) no que non se pode cualificar máis que de despropósito.

O mesmo acontece ao regreso da capital do reino. Os trens da tarde chegan á Gudiña ás 17:40 e as 21:00 horas respectivamente mentres que o único autobús que sae

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:38:00
Nº Rexistro: 22900
Data envio: 28/09/2021 12:38:00.539

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da localidade cara Valdeorras faino ás 19:00 horas. De novo, inútil. E dobremente inútil o bus da mañá que arranca da localidade ás 7:00 horas mentres que os trens chegan ás 10:01h.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cales foron os motivos que levaron a modificar os horarios das liñas de autobuses A Gudiña-O Barco de Valdeorras e O Barco de Valdeorras-O Bolo?

. Tiveron en consideración ao facer esa mudanza horaria a compatibilidade cos horarios do tren ALVIA da Gudiña?

. Que funcionalidade buscaban para a veciñanza das comarcas de Viana e Valdeorras ao facer eses cambios horarios?

. Teñen detectado unha baixada no número de pasaxeiros e pasaxeiras deses autobuses após o cambio horario?

. Teñen previsto rectificar e tornar os autobuses a uns horarios compatíbeis cos horarios do ALVIA da Gudiña e polo tanto útiles para a cidadanía da zona?

. Cando teñen previsto realizar ese cambio?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:38:00
Nº Rexistro: 22900
Data envio: 28/09/2021 12:38:00.539

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2021 12:35:33

Paulo Ríos Santomé na data 28/09/2021 12:35:35

María González Albert na data 28/09/2021 12:35:40

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:04:02
Nº Rexistro: 22923
Data envio: 28/09/2021 13:04:02.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A "Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos" da Coruña, coñecida popularmente como “Circo de Artesáns”, é unha entidade cultural e social, tamén benéfica, e sen fins lucrativos, que foi fundada en 1847 e que no vindeiro 2022 cumprirá o seu 175 aniversario.

O Circo de Artesáns é unha entidade que naceu cunha vontade cultural, instrutiva e benfeitora decidida, e coa inspiración dos principios emancipatorios da Ilustración.

A historia desta verdadeira “casa do pobo coruñés” converteuna nunha institución emblemática e fundamental da Coruña, mais tamén con moita influencia no resto da Galiza. Por iso mesmo algúns, seguindo a Uxío Carré Aldao, a denominaron como o “Ateneo da Galiza”.

Permanecen na memoria do Circo de Artesáns as palestras dalgunhas das figuras máis relevantes da cultura galega e española: Manuel Murguía, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Ortega y Gasset, Miguel de Unamuno, Santiago Casares Quiroga, Castelao, Durán Loriga, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Lugrís Freire, Manuel Portela

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:04:02
Nº Rexistro: 22923
Data envio: 28/09/2021 13:04:02.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valladares, Basilio Álvarez, Ramón Suárez Picallo, Armando Cotarelo, Valentín Paz-Andrade, Ramón Pérez Costales, o "Médico Rodríguez", Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Alexandre Bóveda, Benito Vicetto, Tettamancy, Ángel del Castillo, Eladio Rodríguez González, Gonzalo Abente, Wenceslao Fernández Flórez, María Barbeito, Roberto Novoa Santos, Rafael González Villar, Sofía Casanova, Pi i Margall, etc.

Tamén participaron nela intelectuais internacionais da talla do francés Georges Duhamel e da chilena Gabriela Mistral.

Pola súa iniciativa criáronse institucións benéficas, como a "Cociña Económica" ou as "Escolas Populares Gratuítas". Nel desenvolvéronse importantes actividades benéficas que lle valeu recibir a Medalla de Ouro da Cruz Vermella Española.

Alén de todo iso, a popular Sociedade do Circo de Artesáns nos seus 174 anos existencia organizou numerosas e relevantes exposicións de pintura, representacións teatrais, proxeccións cinematográficas, debates, concertos, recitais de poesía, xogos florais, cursos, viaxes, banquetes, bailes sociais e festas populares. O Circo destacou polos seus grandes xogadores de xadrez e de billar e polos torneos que organizaba.

O Circo ten que ver cos comezos do feminismo. Pioneiras e precursoras do feminismo como Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, María Vinyals ("A Marquesa Vermella"), Amparo López-Jean, María Barbeito, Celia Brañas, Filomena Dato, Sofía Casanova, Carmen de Burgos e María de Maeztu interviron no seu Salón de Actos.

Tamén Portugal e a súa cultura non foron alleos á actividade do Circo, porque por aquí estivo Bernardino Machado, o ex-presidente da República Portuguesa e no seu exilio, e falou o filósofo Leonardo Coimbra e recitou o grande poeta Eugénio de Castro.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:04:02
Nº Rexistro: 22923
Data envio: 28/09/2021 13:04:02.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Circo formouse a primeira orquestra sinfónica da Galiza. Nel desenvolveron actividades musicais destacados músicos e compositores como Canuto Berea, Pablo Sarasate, Pascual Veiga, Xosé Baldomir, Castro Chané e un longo etcétera.

No seo desta vedraia Sociedade deu os primeiros pasos o teatro independente e profesional galego nos anos setenta do século pasado co grupo Teatro-Circo de Artesáns de Manuel Lourenzo e mais naceu na Galiza a primeira Universidade Popular, para formar á xente humilde e traballadora da cidade.

Aquí naceu a Academia Galega, a Asociación da Prensa da Coruña -a máis antiga das galegas-, as Irmandades da Fala e a Agrupación Cultural “O Facho”.

Varios monumentos da Coruña e comarca existen grazas aos recursos económicos dos socios do Circo, por exemplo, o de Concepción Arenal, o de Eduardo Pondal, o de Daniel Carballo e o dos “Mártires” na vila de Carral.

O Circo de Artesáns conta cunhas fermosas instalacións de 2.300 m2, en propiedade, situadas no centro da cidade da Coruña, onde destaca unha única, grande e valioso tesouro: a Biblioteca.

A Biblioteca conta cuns 15.000 volumes, moitos deles do século XIX e anteriores, para alén de moita documentación histórica de interese. Biblioteca e documentación están en estado de abandono e deteriorándose, precisando da intervención dalgunha institución para o seu ordenamento, catalogación informática e posta en valor.

Segundo os Estatutos da Sociedade os seus fondos non poden saír da súa sede e deben ser propiedade da Sociedade. Mais o Circo está aberto a que persoas que non son socias accedan á súa consulta e ás instalacións da Biblioteca.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:04:02
Nº Rexistro: 22923
Data envio: 28/09/2021 13:04:02.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Historiadores imprescindíbeis, como o recentemente falecido Xosé Ramón Barreiro Fernández, refírense nos seus libros ao Circo como unha entidade esencial da Galiza nos tres últimos séculos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É coñecedora a Xunta de Galiza da importancia dos fondos bibliográficos e documentas históricos da biblioteca da "Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos" da Coruña? É consciente do seu delicado estado de conservación?

. Que participación activa compromete o goberno galego de cara á celebración do 175 aniversario desta institución cultural, social e benéfica transcendental?

. Que medidas vai activar a Xunta de Galiza para asegurar a conservación e catalogación dixital dos fondos documentais e bibliográficos desta biblioteca relevante a nivel galego, así como accesíbel publicamente?

. Que recursos económicos compromete o goberno galego para este fin?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:04:02
Nº Rexistro: 22923
Data envio: 28/09/2021 13:04:02.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 13:02:55

Daniel Castro García na data 28/09/2021 13:02:58

Mercedes Queixas Zas na data 28/09/2021 13:03:06

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:47:48
Nº Rexistro: 22936
Data envio: 28/09/2021 13:47:48.493

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a adxudicación de contratos e as relacións contractuais entre Navantia e as súas subcontratas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As manifestacións públicas a respecto da lexislación sobre contratos públicos, realizadas por representantes gobernativos, representantes de sociedades mercantís de propiedade pública e de entes públicos, sempre son reiterativas da necesidade de aproveitar a enorme capacidade económica da contratación pública para promover obxectivos de carácter político ou estratéxico, entre eles tamén sempre están presentes a participación das PEMES, obxectivos sociais, e mesmo territoriais.

Nas actuais circunstancias, de crise económica e de emprego, de crise social, e no marco da execución das medidas para a recuperación, eses obxectivos veñen de ser refrendados en xeral para toda a política orzamentaria e de investimentos dos fondos públicos.

Mais as manifestacións públicas, e a declaración de obxectivos, por unha banda, e a realidade dos feitos por outra, diverxen profundamente, sendo a comarca de Ferrol un claro exemplo disto.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:47:48
Nº Rexistro: 22936
Data envio: 28/09/2021 13:47:48.493

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha comarca que sofre un gravísimo declive económico, social e demográfico, por causa das restricións impostas ao centro produtivo de Navantia na ría de Ferrol. Unha empresa pública de grandes dimensións e posibilidades, mais que co seu deseño actual resulta absolutamente incapaz de garantir ocupación estábel ao persoal de industria auxiliar, e mesmo totalmente incapaz de promover e consolidar unha industria complementaria local merecente de tal nome.

A empresa Electro Rayma, unha empresa comarcal especializada na montaxe eléctrica e de compoñentes electrónicos, e con unha prolongada experiencia no sector naval, ven de denunciar publicamente que mantén un contencioso económico coa empresa pública a respecto do resultado económico da execución dos últimos contratos realizados nos AOR para a armada australiana.

A negativa de Navantia a facilitar unha solución áxil e negociada, derivou na presentación dunha demanda xudicial por parte de ELECTRO RAYMA, e a partir da presentación da demanda, a subcontratista denuncia comportamentos por parte da dirección de Navantia dirixidos a deixala fora das novas contratacións.

A demora na solución do conflito económico, e a imposibilidade de optar a novos contratos afoga a viabilidade de ELECTRO RAYMA, colocándoa nunha situación insostíbel segundo denuncia a propia empresa.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Coñece a Xunta de Galiza cal é o impacto da actividade económica de Navantia na comarca de Ferrol e na Galiza?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:47:48
Nº Rexistro: 22936
Data envio: 28/09/2021 13:47:48.493

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que a Xunta de Galiza incumpre reiteradamente a Lei de fomento do sector naval de Galiza, o propio Estatuto de autonomía de Galiza, así como numerosas declaracións do Parlamento Galego a favor de participar no Consello de administración de Navantia?

. Coñece a Xunta de Galiza cal é o censo de empresas subcontratistas de Navantia na ría de Ferrol? Sabe cantas son da propia comarca? Sabe cantas empresas comarcais habituais subcontratistas de Navantia pecharon nos últimos 20 anos?

. Coñece a Xunta de Galiza como se resolven as discrepancias contractuais entre Navantia e as empresas subcontratistas? Coñece a Xunta de Galiza os problemas das PEMES para promover contenciosos xudiciais contra unha empresa principal? Conta a Xunta de Galiza con mecanismos para facilitar o financiamento das PEMES nestas circunstancias?

. Ten realizado a Xunta de Galiza algunha xestión ao respeito de esta nova crise empresarial na comarca de Ferrol para darlle unha solución que evite a perda de máis emprego?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 13:47:48
Nº Rexistro: 22936
Data envio: 28/09/2021 13:47:48.493

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 28/09/2021 13:44:36

Daniel Pérez López na data 28/09/2021 13:44:39

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/09/2021 13:44:47

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22951
Data envio: 28/09/2021 16:16:56.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As parroquias de Santo Estevo do Mato, San Vicente e Santiago de Castillón, sitúanse no Concello de Pantón, contan cun número de habitantes aproximado de máis de 200 habitantes habituais e que no verán supera e non contan cunha traída de augas, e por suposto, tampouco contan con saneamento.

Os mananciais sitos nestas parroquias sofren de contaminación das augas o que os invalida para o consumo con seguridade sanitaria.

En marzo do ano do ano 2017 aprobouse, por unanimidade, no Pleno do Concello seguinte moción proposta polo grupo municipal do BNG:

"A Redacción dun proxecto, así coma a súa execución para que á maior brevidade posible as persoas e os negocios destes territorios conten cun servizo de augas axeitado á normas de salubridade e sanitarias actuais, que contemple tamén as bases para un futuro saneamento."

Ante a inacción do goberno municipal levouse adiante unha queixa ante a valeduría do pobo, dada a imperiosa necesidade de que estas tres parroquias puideran contar con auga potable.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22951
Data envio: 28/09/2021 16:16:56.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debemos dicir que desgrazadamente esta denuncia tivo un efecto ben limitado xa que non conduciu a conseguir ningunha solución para este problema, sendo a súa resposta o traslado da resposta da alcaldía onde o Alcalde aseguraba recoñecer a necesidade pero que se faría seguindo unhas prioridades e segundo disposición orzamentaria.

Interpelado a posteriori, o Alcalde responde que ten solicitado o proxecto a Augas de Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai o goberno da Xunta, a través de Augas de Galiza, ou a través de calquera outro modo, resolver, o problema de falta de auga corrente potable nas parroquias sinaladas, á maior brevidade?

. Consideran vostedes que é asumible que na altura dos anos 20 do século XXI existan parrroquias sen auga corrente e potable e practicamente non haxa saneamento na maioría dos núcleos rurais?

. Ten efectivamente Augas de Galiza proxectada a traída de augas para estas parroquias e para cando?

. De non ter o proxecto considera a Xunta necesaria a súa intervención para garantir un servizo á cidadanía que dende a alcaldía non se da?

. Vai tomar algunha medida o goberno da Xunta para abordar a falta de auga potable corrente nos núcleos habitados do rural galego?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22951
Data envio: 28/09/2021 16:16:56.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai tomar algunha medida o goberno da Xunta para abordar a falta de saneamento na maioría dos núcleos de poboación do rural galego?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2021 16:12:00

María del Carmen Aira Díaz na data 28/09/2021 16:12:03

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:32:22
Nº Rexistro: 22955
Data envio: 28/09/2021 16:32:22.196

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa aos compromisos do Presidente da Xunta co alcalde tránsfuga de Viana do Bolo e aos seus orzamentos e prazos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de setembro de 2021 era coñecido a través da prensa un encontro entre o actual alcalde de Viana do Bolo, o tránsfuga Abelardo Carballo, e o Presidente da Xunta para abordar diversos investimentos para o concello.

Entre outras cuestións, a través da información facilitada polos medios de comunicación coñeceuse que entre eses compromisos estarían a rehabilitación da praza de abastos, a construción dun novo centro de día, dunha casa do maior ou a rehabilitación do campo da feira.

En concreto, presuntamente o señor Feijóo tería trasladado o compromiso de financiar a construción dun novo centro de día mediante fondos europeos, presuntamente pendente dun novo informe técnico.

Segundo a prensa estaría tamén enriba da mesa o compromiso, aínda para 2022, do Plan Básico municipal e Feijóo tamén tería anunciado a previsión de licitar a execución das obras do firme da OU-553 tamén para 2022, malia ser unha demanda histórica da zona e sempre condicionada a “dispoñibilidade orzamentaria”. Este último

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:32:22
Nº Rexistro: 22955
Data envio: 28/09/2021 16:32:22.196

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anuncio sorprende despois de que a Conselleira Vázquez anunciase publicamente en febreiro de 2021 que esta sería unha demanda ao goberno central, malia ser sobre unha estrada de xestión galega.

Á vista dos incumprimentos pretéritos con Viana do Bolo é necesario fiscalizar a folla de ruta da Xunta de Galiza e a existencia real de compromisos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cales son as datas e contías orzamentarias comprometidas realmente para os investimentos que o Presidente da Xunta comprometeu con Viana do Bolo?

. Cal é a previsión de orzamento e prazos para a reforma da praza de abastos de Viana do Bolo?

. Cal é a previsión de orzamento e prazos para a creación dunha casa do maior?

. Cal é a previsión de orzamento e prazos para a construción dun centro de día en Viana do Bolo? É posíbel co actual marco urbanístico? Están escollidos os terreos definitivamente e a Xunta dá o seu visto e prace? Cal vai ser a porcentaxe de financiamento da Xunta? E o modelo de xestión? Financiarase con fondos propios se non é posíbel facelo con fondos europeos? Foi remitida esta solicitude no marco dos proxectos solicitados ao Estado?

. Cal é a previsión de orzamento e prazos para a mellora do firme da OU-533? Que quilometraxe vai abranguer?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:32:22
Nº Rexistro: 22955
Data envio: 28/09/2021 16:32:22.196

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 28/09/2021 16:30:37

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/09/2021 16:30:39

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2021 16:30:48

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:40:59
Nº Rexistro: 22963
Data envio: 28/09/2021 16:40:59.081

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias así como que dende o Sergas se corrixan as carencias existentes nos centros hospitalarios existentes na actualidade.

Este verán, tras máis dunha década de atraso no Hospital de Montecelo, iniciáronse as tan esperadas obras de ampliación, pero aínda non se ten acadado ningún acordo en relación á xestión e funcionamento do aparcadoiro.

No ano 2016 asinouse un convenio entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e o Concello de Pontevedra, no que se habilita á Xunta de Galicia para a inclusión e xestión dun posible aparcadoiro.

No Plan funcional do Gran Montecelo aprobado pola Xunta de Galicia no ano 2017, se establece que o Plan funcional do aparcadoiro será dimensionado polo Sergas posteriormente.

No proxecto de execución establécese que na 2ª fase do mesmo, investiranse 25 millóns de euros, que se destinarán a reformas no actual edificio e á creación dun aparcadoiro cuberto que dea servizo a persoas usuarias, familiares e persoal do centro.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:40:59
Nº Rexistro: 22963
Data envio: 28/09/2021 16:40:59.081

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A día de hoxe existen numerosas dúbidas sobre varios aspectos do novo Montecelo, que son sistematicamente ninguneadas pola Xunta de Galicia sen ofrecer respostas concretas.

Unha destas é o aparcadoiro, anunciado de ata 1400 prazas. Mais aínda non foi concretado o sistema de xestión, sobre o que existe a percepción de que será privado (como está sendo habitual nos casos en que o actual goberno da Xunta de Galicia reordena os aparcamentos anexos aos centros hospitalarios, co paradigmático caso do Álvaro Cunqueiro no que tivo que intervir o Concello de Vigo para remedialo) ou se utilizará outro tipo de modelo, pensado na necesidade de utilización por parte da cidadanía.

Esta situación de indefinición e ambigüidade está a provocar moito malestar e preocupación entre sindicatos, asociacións do eido sanitario, así como entre á cidadanía, potencial usuaria deste centro.

Ao Grupo Socialista como xa ten manifestado en diversas ocasións parécenos inadmisible e intolerable que este aparcadoiro poida ser de pago, xa que entendemos que é un servizo público vinculado estreitamente a unha asistencia sanitaria de calidade, e por isto reclamamos a gratuidade do mesmo para persoas usuarias, familiares e persoal do centro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que, a día de hoxe, o Goberno galego non delimitou, o modelo de xestión do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo?
2. Ten previsto o Goberno galego un modelo de xestión gratuíto do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo?
3. Entende o Goberno galego o aparcadoiro dun centro de saúde, como é o Gran Montecelo, como un servizo vinculado ao dereito a unha atención sanitaria pública de calidade?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 16:40:59
Nº Rexistro: 22963
Data envio: 28/09/2021 16:40:59.081

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/09/2021 16:38:21

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2021 16:38:27

Marina Ortega Otero na data 28/09/2021 16:38:33

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:00:11
Nº Rexistro: 22967
Data envio: 28/09/2021 17:00:11.649

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as necesidades sanitarias no concello de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Soutomaior leva anos asistindo a un desmantelamento sistemático da súa sanidade pública. Un desmantelamento que se traduce nun número de facultativos insuficiente e con cupos disparatados, na non cobertura das ausencias dos profesionais, no peche do consultorio de Romariz ou na falta de persoal de enfermaría, técnico e administrativo.

Esta situación, que leva anos afectando á veciñanza, non fai senón ir a peor. Namentres, tanto a Xunta de Galiza como o goberno municipal de Soutomaior, no canto de traballar para que se dote de inmediato o noso concello de máis médicos, adícanse a dar bandazos e crear cortinas de fume. Cortinas de fume e bandazos como anunciar unha ampliación do centro de saúde de Arcade e despois paralizala, o que implicou unha modificación puntual do PXOM co conseguinte custe económico para as arcas municipais. Ou como, despois deste fracaso, sumarse á proposta do BNG de construír un novo centro de saúde, mais nuns terreos que tal e como está a denunciar a veciñanza poden traer graves problemas para a atención sanitaria no municipio.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:00:11
Nº Rexistro: 22967
Data envio: 28/09/2021 17:00:11.649

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, o proxecto deste novo centro de saúde iniciouse de maneira unilateral e sen diálogo algún, nin coa veciñanza nin cun grupo político como é o do BNG que representa a metade da veciñanza, para avaliar as posíbeis ubicacións.

A veciñanza de Soutomaior non precisa nin de sectarismo nin de unilateralidade. Moi pola contra, precisa de acordos e do diálogo permanente coa veciñanza e cos seus representantes públicos para acadar unha sanidade pública de Soutomaior que responda ás necesidades reais do noso concello. Necesidades que deben cristalizar nun proxecto ambicioso que garanta servizos que precisa o noso concello e que representantes sanitarios cuantifican en cando menos: 4 médicos a xornada completa, 5 enfermeirxs a xornada completa, servizo de Odontoloxía (en días alternos), servizo de xineconoloxía (en días alternos), servizo de fisioterapia (en días alternos), 2 traballadorexs de servizos xerais (administración), servizo de raios X e estudar e consensuar a posibilidade de unificación do servizo de urxencias con Pontesampaio e Vilaboa para atender as urxencias e non ter que desprazarse ao PAC da Parda.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai o goberno galego dotar o futuro centro de saúde de Arcade de 5 enfermeirxs a xornada completa, servizo de Odontoloxía (en días alternos), servizo de xinecoloxía (en días alternos), servizo de fisioterapia (en días alternos), 2 traballadorexs de servizos xerais (administración), servizo de raios X e estudar e consensuar a posibilidade de unificación do servizo de urxencias con Pontesampaio e Vilaboa para atender as urxencias e non ter que desprazarse ao PAC da Parda?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:00:11
Nº Rexistro: 22967
Data envio: 28/09/2021 17:00:11.649

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2021 16:57:27

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2021 16:57:30

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 16:57:37

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:17:34
Nº Rexistro: 22972
Data envio: 28/09/2021 17:17:34.899

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o incumprimento do caudal ecolóxico do río Verdugo no CH da Ponte do Inferno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai tempo que a empresa enerxética Naturgy está a facer un aproveitamento ilexítimo da explotación hidroeléctrica que, pese a caducidade da concesión, mantén no río Verdugo dende hai anos.

Esta empresa provocou nos últimos tempos unha nova agresión ao río Verdugo. Unha agresión motivada por unha modificación do caudal ecolóxico que someteu o ecosistema do Verdugo a unha seca forzada pola falla de caudal.

A seca, que afectou un metro en cada beira na franxa de vexetación de ribeira, motivou unha perda de auga de 1,71 hm³ así como o estreitamento do leito do río; poñendo en risco especies de flora e fauna que precisan dos caudais superiores.

Mais pese a esta agresión cometida pola empresa, o expediente sancionador de Augas de Galiza contra Naturgy Wind, SL. polos incumprimentos do réxime de caudais ecolóxicos resolveuse cunha sanción de tan só 7000 €. Unha contía que organizacións como *Ecoloxistas en Acción* cualifican de irrisoria e amparada nunha estimación infravalorada dos danos causados.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:17:34
Nº Rexistro: 22972
Data envio: 28/09/2021 17:17:34.899

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal e como denuncia *Ecoloxistas en Acción*, esta sanción foi catalogada incomprensibelmente como leve, non está sustentada en ningún informe de Augas de e podería ser tipificada como infracción grave segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai o goberno galego revisar o expediente sancionador contra Naturgy Wind, SL. polos incumprimentos do réxime de caudais ecolóxicos fixados para o Salto de Ponte Inferno e valorar a aplicación de sancións polo incumprimentos das diferentes normativas?

. Vai a Xunta de Galiza modificar a Lei de pesca continental no seu capítulo de infraccións e Sancións, incrementando a gravidade deste tipo de infraccións e aumentando sensibelmente a contía das sancións cando se trate de empresas obteñan beneficios millonarios?

. Vai o goberno galego iniciar os trámites para executar a caducidade da concesión da CH da Ponte do Inferno para o seu aproveitamento público e estudar a posibilidade de recuperar o caudal natural do río Verdugo?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:17:34
Nº Rexistro: 22972
Data envio: 28/09/2021 17:17:34.899

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 17:14:19

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2021 17:14:27

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:28:10
Nº Rexistro: 22976
Data envio: 28/09/2021 17:28:10.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o desenvolvemento da resolución pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de novembro de 2020 o Parlamento galego acordaba por unanimidade, a instancias dunha proposición non de lei defendida polo grupo parlamentario do BNG, instar a Xunta de Galiza a axilizar o expediente para incoar o expediente BIC para a Casa Cornide da Coruña.

Un acordo recollido no DOG na Resolución do 14 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide na Coruña.

Na resolución da incoación do procedemento para declarar BIC a Casa Cornide estabelécese o réxime de protección que supón o inicio da incoación.

Neste sentido, *a resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural o inmoble determinará a aplicación inmediata, aínda que provisoria, do réxime de protección previsto na LPCG para os bens xa declarados, segundo o seu artigo 17.4 e 17.5.d) e, complementariamente, o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE).*

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:28:10
Nº Rexistro: 22976
Data envio: 28/09/2021 17:28:10.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorridos catro meses, no grupo parlamentario do BNG verificamos que hai aspectos aquí regulados de suma importancia que se están a incumprir como é a normativa referida ás visitas públicas:

Visita pública: as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre o ben permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.

De momento, o réxime de visitas públicas non existe e descoñecemos que estratexias e accións está a desenvolver a Xunta de Galiza para que se resolva de inmediato este incumprimento por parte da familia Franco, actual propietaria.

Por outra banda, nesta resolución tamén se regula a respecto da protección dos bens inventariábeis da Casa Cornide:

• *Traslado: calquera traslado deberá ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural con indicación da orixe e destino, carácter temporal ou definitivo e condicións de conservación, seguridade, transporte e, se é o caso, aseguramento.*

Con anterioridade a esta resolución, fíxose pública nos medios de comunicación a través de denuncias veciñais a retirada en furgonetas de bens do interior da Casa Cornide por parte da familia Franco, co prexuízo que isto puido ocasionar no inventario completo do patrimonio cultural colectivo que continuamos descoñecendo se a Xunta de Galiza ten realizado definitivamente.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:28:10
Nº Rexistro: 22976
Data envio: 28/09/2021 17:28:10.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. É coñecedora a Xunta de Galiza do incumprimento da súa propia resolución a respecto da apertura da Casa Cornide ás visitas públicas?

. Que medidas ten activado o goberno para dar cumprimento á súa resolución?

. Como vai garantir a Xunta a inmediata apertura ao público da Casa Cornide?

. Teñen accedido os técnicos da Xunta á Casa Cornide para realizar o inventario dos bens mobles? Realizou a Xunta xa o necesario inventario?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 17:25:58

Daniel Castro García na data 28/09/2021 17:26:02

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:28:10
Nº Rexistro: 22976
Data envio: 28/09/2021 17:28:10.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 28/09/2021 17:26:10

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:42:05
Nº Rexistro: 22980
Data envio: 28/09/2021 17:42:05.122

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Durante os primeiros meses deste ano tivo lugar unha intensa mobilización social no concello de Begonte tras coñecer a intención da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de proceder á unificación dos CEIP de Baamonde e CEIP Virxe do Corpiño nun único centro, trasladando o alumnado do CEIP de Baamonde ao CEIP Virxe do Corpiño e empregar as instalacións do CEIP de Baamonde para un futuro conservatorio de música de incerta titularidade.

Este asunto tamén foi obxecto de preocupación deste grupo parlamentario que presentou diversas iniciativas, tanto preguntas ao Sr. conselleiro como de proposicións non de lei nas que se pedía que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade mantivese en funcionamento o CEIP de Baamonde, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro, dado que o número de alumnos se situaba seis veces por enriba do criterio establecido para pechar un centro educativo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Todas as iniciativas encamiñadas a manter o centro en funcionamento foron rexeitadas cos votos do Grupo Parlamentario do Partido Popular, que deste xeito deu cobertura a unha proposta que partiu do alcalde deste municipio que sempre consideramos, xunto coas nais e pais do alumnado do CEIP de Baamonde e veciños, fondamente carente de fundamento.

O certo é que o CEIP de Baamonde foi pechado e o seu alumnado trasladado ao CEIP Virxe do Corpiño.

Neste momento, xa iniciado o curso, non semella que exista ningún avance coñecido sobre o futuro uso das instalacións do centro.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten solicitado o Concello de Begonte a desafectación parcial ou completa do CEIP de Baamonde?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:42:05
Nº Rexistro: 22980
Data envio: 28/09/2021 17:42:05.122

2ª) Ten trasladado o Concello de Begonte algunha solicitude para a autorización dun conservatorio profesional de música nas instalacións do CEIP de Baamonde?

3ª) Se a ten trasladado, quen sería o titular dese conservatorio profesional de música?

4ª) Ten trasladado o Concello de Begonte á Consellería de Cultura, Educación e Universidade algún proxecto ou planificación sobre os usos das instalacións do CEIP de Baamonde?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/09/2021 17:34:53

Noa Susana Díaz Varela na data 28/09/2021 17:35:07

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:55:17
Nº Rexistro: 22989
Data envio: 28/09/2021 17:55:17.321

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital Provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias así como que dende o Sergas se corrixan as carencias existentes nos centros hospitalarios existentes na actualidade.

Este verán, tras máis dunha década de atraso no Hospital de Montecelo, iniciáronse as tan esperadas obras de ampliación, pero aínda non se ten acadado ningún acordo en relación aos futuros usos do hospital provincial.

Os sindicatos e asociacións máis representativas do persoal sanitario veñen reclamando dende hai anos un plan de usos deste centro, e que o destino do mesmo sexa sanitario ou socio-sanitario.

No ano 2017 aprobouse o Plan funcional do Gran Montecelo, e no mesmo establecíanse a estrutura e os servizos que ían desenvolverse no hospital de Montecelo e no hospital do Salnés pero non se definía o uso que ía a ter no futuro o actual hospital provincial nin o Centro de Especialidades de Mollabao.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos ao goberno da Xunta de Galicia que o futuro deste centro se decida de forma consensuada cos sindicatos e asociacións máis representativas e se comprometa a un uso sanitario ou socio-sanitario público do hospital provincial, convocando con carácter urxente unha mesa de traballo co fin de estar rematado este plan de usos antes de que finalicen as obras do gran Montecelo, e así poder facelo efectivo no menor tempo posible.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 17:55:17
Nº Rexistro: 22989
Data envio: 28/09/2021 17:55:17.321

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que no Plan de Usos do Hospital Montecelo, aprobado pola Xunta de Galicia no 2017, non se prevé o futuro uso do hospital provincial?

2. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia que o futuro uso do hospital provincial sexa de carácter público?

3. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia limitar o uso do hospital provincial a actividades de carácter sanitario ou socio-sanitario?

3.Vai o goberno da Xunta de Galicia a reunirse con representantes do sindicatos e asociacións sanitarias máis representativas co fin de chegar a un consenso sobre os futuros usos do hospital provincial?

4. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia ter delimitado estes usos do hospital provincial antes de que rematen as obras do Gran Montecelo?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/09/2021 17:53:29

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2021 17:53:36

Marina Ortega Otero na data 28/09/2021 17:53:43

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 18:05:46
Nº Rexistro: 22995
Data envio: 28/09/2021 18:05:46.518

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A situación do transporte sanitario terrestre en Galicia vén acumulando, case sistemáticamente, problemas derivados dunha ineficiente xestión e unha desatención do servizo por parte da Xunta de Galicia. O modelo de concesión do servizo tivo asociado, neste caso, problemas de carácter legal coa concesión dun dos últimos concursos (por valor de máis de 120 millóns de euros), xudicializado tras denuncias sobre favorecemento a determinadas empresas. Encontrouse despois con un continuo problema na relación laboral d traballadores coas empresas concesionarias, contando estas coa complicidade da Xunta de Galicia que evitou asumir a súa responsabilidade no control da prestación dos servizos públicos.

No plano asistencial, a necesidade de ambulancias medicalizadas é unha demanda insistente de usuarios e, moi sinaladamente, dos profesionais que prestan os seus servizos no propio transporte sanitario e nos centros sanitarios, especialmente aqueles que o fan nos servizos de urxencias. A pesares disto, a Xunta de Galicia racaneou esta dotación, o que deixou nunha dotación inferior á necesaria a moitas zonas que precisan destas ambulancias.

A capacidade asistencial do servizo de transporte sanitario ven sendo obxecto de situacións de notorio estrés e risco para os profesionais e para a cidadanía. O persoal que traballa neste servizo, mediante concesión, sostén a eficacia da asistencia a pesares dunhas condicións laborais difíciles e dunha dotación moi escasa de medios materiais e humanos. Estas circunstancias provocan algúns episodios de fatais desenlaces nos que os profesionais advirten da limitación destes recursos, e da imposibilidade de responder en moitas ocasións ás necesidades que aparecen con toda a eficiencia que o sistema merece.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 18:05:46
Nº Rexistro: 22995
Data envio: 28/09/2021 18:05:46.518

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o goberno da Xunta de Galicia que é posible iniciar o proceso de reversión ao sistema público, en titularidade e xestión directa, do sistema de transporte sanitario terrestre?

2. Ten algunha previsión o goberno da Xunta de Galicia de iniciar o proceso de reversión ao sistema público, en titularidade e xestión directa, do sistema de transporte sanitario terrestre programado? E no caso do urxente?

3. Considera o goberno da Xunta de Galicia que debe interceder para garantir as mellores condicións posibles para os profesionais do servizo concesionado de transporte sanitario debido á repercusión que ten para a calidade asistencia da cidadanía de Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2021 18:03:53

Marina Ortega Otero na data 28/09/2021 18:04:00

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 18:28:32
Nº Rexistro: 22998
Data envio: 28/09/2021 18:28:32.227

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a actualización dos datos do RUEPSS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o grupo DomusVI, que abrangue as empresas Geriatros S.A. e Quavitae S.A., a entidade xestiona doce residencias de maiores de titularidade pública en réxime de concesión. Porén, segundo os datos publicados no RUEPSS esta compañía xestiona oito centros.

As catro residencias nas que a información pública da Consellaría de Política Social e DomusVI non coincide son:

- Residencia de maiores de Vimianzo

- Residencia de maiores de Monforte

- Residencia de maiores de Viveiro

- Residencia de maiores de Ourense-centro

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 18:28:32
Nº Rexistro: 22998
Data envio: 28/09/2021 18:28:32.227

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que residencias de titularidade pública están xestionadas polo grupo DomusVI en Galiza?

. A que responde esta distorsión entre a información do RUEPSS e a empresa?

. Que medidas vai tomar o Goberno galego ao respecto?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2021 18:25:00

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2021 18:25:03

Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2021 18:25:11

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23002
Data envio: 28/09/2021 18:32:21.257

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 10:

1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.
2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.
3. Estas denominacións son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en tódolos casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

Un ano máis tarde, no Decreto 132/1984, do 6 de setembro, establecíase o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia, que na súa exposición de motivos afirmaba que "a toponimia forma parte esencial do patrimonio dun pobo ao tempo que fai patente a orixe ou as vicisitudes do decorrer histórico dos seus asentamentos humanos".

Diante desta declaración de principios que compartimos, sorprende a celebración en Galicia dun conclave que se presenta como "espazo de diálogo entre ambas beiras do Atlántico" e que, por terceiro ano consecutivo, leva por título 'Foro La Toja', en clara alusión ao lugar onde se desenvolve: a illa pontevedresa de A Toxa.

Certo que ese foro de debate, no que participan destacados representantes políticos e do eido económico mundial cun inaceptable desequilibrio de xénero entre as persoas intervenientes, ten carácter privado, pero non é menos certo que dada a relevancia dos oradores terá unha transcendencia internacional que porá o noso país, e máis concretamente a illa de A Toxa, na axenda de moitos medios de comunicación.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23002
Data envio: 28/09/2021 18:32:21.257

É por iso que ao Grupo Parlamentario Socialista lle preocupa que un ano máis este foro adopte unha denominación que non se corresponde coa toponimia oficial de A Toxa que figura no Decreto 219/1998, do 2 de xullo, do nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra. Resulta inaceptable esa deturpación da toponimia oficial, que conta coa unanimidade de todas as forzas políticas galegas, e que por conseguinte tamén deturpa o noso propio patrimonio cultural.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a denominación do 'Foro La Toja' que se desenvolve na illa de A Toxa?

2ª) Entende o Goberno galego que a denominación dese evento, de pretendida proxección internacional, afecta de maneira negativa a difusión do noso patrimonio cultural inmaterial?

3ª) Realizou a Xunta de Galicia algunha xestión para que, apelando ao cumprimento da toponimia oficial, os organizadores mudasen o nome do evento?

4ª) Valora o Goberno galego ampliar as funcións da Comisión de Toponimia a tarefas de control do cumprimento da normativa?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/09/2021 18:18:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/09/2021 18:19:10

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23005
Data envio: 28/09/2021 18:56:42.983

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Álvarez Martínez, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O anuncio da empresa Vestas de pechar as súas instalacións en Chavín (Viveiro) supón, por desgraza, un novo revés para a Mariña de Lugo, unha comarca que leva xa varios anos sufrindo as consecuencias da inacción e a falta de política industrial da Xunta de Galicia. A pesares de que o artigo 30.1 do noso Estatuto de autonomía atribúe ao Goberno galego a competencia exclusiva en "fomento e planificación da actividade económica de Galicia", o Partido Popular non fixo absolutamente nada ao respecto nos 12 anos ao fronte da Xunta de Galicia.

Ante a pasividade do Goberno da Xunta, o sector industrial galego perdeu arredor de 12.000 empregos nos anos anteriores á pandemia, e o seu peso no conxunto do PIB, o cal leva en caída moitos anos, redúcese a apenas un 16 %. Mentres, países da fachada atlántica como Irlanda, cunha cultura que garda moitos puntos de contacto coa galega, o peso da industria no PIB acada o 33 %.

Co Partido Popular, en Galicia pechan industrias e a Xunta de Galicia non promove as políticas necesarias para atraer empresas novas. Os dous millóns de metros cadrados de parcelas baleiras que suma Xestur son a mellor testemuña visual do fracaso da política industrial do Goberno autonómico. Mentres, os noso veciños do norte de Portugal atraen non só empresas estranxeiras senón que ofertan a empresas galegas condicións máis vantaxosas das que estas atopan por parte da Xunta de Galicia.

A Mariña lucense, que leva tempo inmersa na preocupación xerada pola multinacional Alcoa, suma agora a ameaza de peche dunha nova industria importante, para a comarca e a súa provincia, sen que chegue dende o Goberno galego un só proxecto, un só plan pensado para reactivar a economía lucense.

O PSdeG reclamou en varias ocasións ao Goberno da Xunta de Galicia un plan de industrialización para a Mariña lucense e para o conxunto da provincia de Lugo, sen obter outro resultado que o silencio. E cómpre lembrar que xunto coas competencias mencionadas no punto 1, do artigo 30 do noso Estatuto recolle competencias en industria (punto 2), así como os " programas xenéricos para Galicia estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas" (punto7b) e os " programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise".

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23005
Data envio: 28/09/2021 18:56:42.983

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A Mariña lucense está a sufrir unha crise industrial de perda de emprego e de proxectos de futuro, motivada porque a Xunta de Galicia non cumpre coas súas competencias nin fai o seu traballo.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten pensado a Xunta de Galicia levar a cabo un plan de reindustrialización para a Mariña lucense, con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 28/09/2021 17:27:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/09/2021 17:27:23

Martín Seco García na data 28/09/2021 17:27:37

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/09/2021 17:27:53

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:22:18
Nº Rexistro: 23023
Data envio: 29/09/2021 10:22:18.279

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza leve a cabo as medidas necesarias para garantir o mantemento do traballo na factoría de Vestas en Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Mariña leva moitos anos sufrindo unha constante desertización do sector industrial que daba e aínda dá traballo a moitos e moitas mariñás. Esta situación acelerouse na última década, tendo unhas graves consecuencias como o regueiro de desempregadas e desempregados dunha punta a outra da Mariña. Estes desempregados e desempregadas non son outra cousa que a consecuencia de peches e EREs de empresas referentes na comarca coma Ecar, Mobles Hermida, Sargadelos, Gres Burela, Construcións Mon e un longo etcétera que pecharon ou reduciron notablemente os seus planteis, xerando soamente en empregos directos unha perda duns 1000 traballadores.

A este inmenso baleirado empresarial temos que engadirlle a grave situación que seguimos a vivir coa factoría de Alcoa San Cibrao e máis recentemente coa fábrica de Vestas en Viveiro. Esta última ten enriba a ameaza dun peche que conlevaría a perda doutros 115 traballadores e traballadoras.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:22:18
Nº Rexistro: 23023
Data envio: 29/09/2021 10:22:18.279

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo isto provoca que a situación da comarca sexa aínda peor e para moitos e moitas menos entendible, xa que en pleno boom eólico como o que está a sufrir o noso país asistimos ao peche de fábricas de aeroxeradores coma Vestas.

Non é casualidade que todo o dito anteriormente ocorrese na década de goberno do Partido Popular en Galiza e que supuxo un golpe moi duro para a industria mariñá e galega levando a que a situación acadase un niveis de urxencia coma nunca antes se vivira.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que medidas ten pensado facer a Xunta de Galiza para garantir que se manteñan os 115 postos de traballo da factoría de Vestas en Viveiro?

. Como explica a Xunta de Galiza que en pleno boom eólico no noso país se estean a pechar empresas de construción de aeroxeradores?

. Está disposta a Xunta de Galiza a levar a cabo un Plan de Emprego e Industrialización na comarca da Mariña?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonzo

Carme González Iglesias

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:22:18
Nº Rexistro: 23023
Data envio: 29/09/2021 10:22:18.279

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 29/09/2021 10:17:22

María do Carme González Iglesias na data 29/09/2021 10:17:27

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/09/2021 10:17:32

Daniel Castro García na data 29/09/2021 10:17:44

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:33:01
Nº Rexistro: 23027
Data envio: 29/09/2021 10:33:01.763

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a construción ilegal dunha ruta polo río Mendo no concello de Oza-Cesuras (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entidade Fragas do Mandeo e a Sociedade Galega de Historia Natural acaba de denunciar o que cualificou como atentado ecolóxico no río Mendo en senllos escritos dirixidos á Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, á Consellería de Medio Rural e mais á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Esta última respondeu á denuncia Sociedade Galega de Historia Natural dando conta da incoación do expediente sancionador de referencia contra o Concello de Oza-Cesuras por obras sen autorización.

A denuncia está referida á construción dunha ruta de sendeirismo nun treito do río Mendo de 4 km entre Trasanquelos e Burricios no Concello de Oza-Cesuras, onde diferentes particulares viron invadidas as súas propiedades sen comunicación previa, e polo tanto tamén sen autorización.

Desde Augas de Galicia confirmaron á Sociedade Galega de Historia Natural que non tiñan constancia das devanditas obras nin deran autorización para realizalas. Pola súa banda, a Consellería de Medio Rural informou igualmente da ausencia de permisos para as talas realizadas na marxe do río Mendo.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:33:01
Nº Rexistro: 23027
Data envio: 29/09/2021 10:33:01.763

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As parcelas afectadas presentan un hábitat prioritario para a Unión Europea, clasificado como «91E0* Bosque aluvial de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior». A zona conta coa presenza de numerosas especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, como a Chioglossa lusitanica, Elona quimperiana e Narcissus asturiensis, entre outras.

Na inspección realizada pola Sociedade Galega de Historia Natural, esta puido observar a eliminación da vexetación en varios tramos de río, nun ancho variable entre os 5 e os 8 metros aproximadamente. Ademais de deixarse o solo totalmente espido, nalgunha das parcelas afectadas cortouse todo o arborado autóctono (castiñeiros, carballos, abeleiras, loureiros, etc.), malia presentar algúns exemplares diámetros na base superiores aos 15 cm. Esta actuación afectou tamén a vexetación situada no dominio público hidráulico.

As sendas pola zona de servidume de tránsito dos ríos son especialmente lesivas para as comunidades ribeiráns de especies silvestres. O río é un ecosistema basicamente lineal e as infraestruturas ó longo de todo un tramo de ribeira impiden o normal desenvolvemento das actividades de alimentación e cría das especies do bosque ripario.

En casos coma este, no que segundo informacións recibidas, preténdese pavimentar a senda para maior comodidade dos paseantes, a afección aínda é moito máis grave, por destruír unha ampla superficie de solo fértil e facilitar o tránsito de todo tipo de vehículos.

A pretensión de realizar esta nova ruta na marxe do río Mendo colide co contexto que presenta a comarca, pois conta cun número elevado de sendas construídas, pero a maioría en estado de abandono. Basta percorrer as 20 sendas construídas polo Plan Mandeo, nas que non se roza coa periodicidade necesaria ou que, cando se fai,

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:33:01
Nº Rexistro: 23027
Data envio: 29/09/2021 10:33:01.763

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realízase de maneira extrema, danando innecesariamente a vexetación de ribeira, as árbores e as sebes, en prexuízo das especies de fauna e flora autóctonas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o goberno galego da denuncia deste atentado ecolóxico no río Mendopor parte da entidade Fragas do Mandeo e a Sociedade Galega de Historia Natural?

. Autorizou a Xunta a tala de especies autóctonas en fincas privadas nas marxes do río Mendo?

. É coñecedora a Xunta do proxecto dunha ruta de sendeirismo nun treito do río Mendo de 4 km entre Trasanquelos e Burricios no Concello de Oza-Cesuras?

. Realizou inspección e seguimento destas obras a Xunta? Ordenou a paralización das obras?

. Que medidas ten activado a Xunta ante o atentado ecolóxico provocado no río Mendo por parte do concello de Oza-Cesuras?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 10:33:01
Nº Rexistro: 23027
Data envio: 29/09/2021 10:33:01.763

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/09/2021 10:31:13

Mercedes Queixas Zas na data 29/09/2021 10:31:16

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:17:37
Nº Rexistro: 23033
Data envio: 29/09/2021 12:17:37.982

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Begonte conta con máis de 3.000 habitantes dos cales máis de 300 están censados na parroquia de Baamonde.

A localidade de Begonte conta cun centro de Saúde con 2 médicas/os de familia co correspondente plantel de enfermería. A localidade de Baamonde conta tamén cun consultorio ao que o médico acudía unhas horas determinados días á semana e que dá asistencia á poboación da Vila e tamén a unha serie de parroquias ao rededor.

Con motivo da pandemia, este consultorio foi pechado co argumento de non poder establecerse a dobre vía para a circulación de usuarias e usuarios.

A normalidade vai volvendo trala vacinación masiva da poboación, pouco a pouco as medidas preventivas son cada vez máis adaptadas á realidade marcada pola pandemia que cada vez é máis parecida á situación previa, en cambio o consultorio de Baamonde non se reabre.

Entendemos a apertura dos consultorios en xeral como un esforzo de achegar a asistencia sanitaria á poboación para garantir a igualdade, accesibilidade e universalidade da asistencia sanitaria.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:17:37
Nº Rexistro: 23033
Data envio: 29/09/2021 12:17:37.982

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, a idade media da poboación neste concello é cada vez máis elevada, contando no 2018 con máis de 1.500 persoas maiores de 60 anos, entendemos que agora serán máis.

Non é pouco o esforzo económico e persoal que as persoas maiores teñen que facer para acudir a Begonte para recibir atención médica alí, é suficiente que teñan que ir ás cuestións relacionadas coa enfermería.

Entendemos que abrir este consultorio é unha cuestión de vontade política, as máis de 3.000 Tis do Concello obrígaos a manter polo menos 2 médicas/os, que teñen a obriga de dispensar asistencia dentro do concello de Begonte, polo tanto non se incrementa o gasto de ningún xeito.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera o Goberno da Xunta que toda a poboación do concello de Begonte ten as mesmas posibilidades de recibir asistencia sanitaria?

. Considera a Consellería de Sanidade que a poboación de Baamonde ten cuberta as necesidades de asistencia sanitaria de xeito adecuado?

. Ten en consideración a Consellería de Sanidade ás persoas con enfermidades crónicas neste contexto de pandemia e o inconvinte que supón para elas o desprazamento?

. Pensan que as persoas maiores do entorno da localidade de Baamonde están en igualdade de condicións que as da localidade de Begonte?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:17:37
Nº Rexistro: 23033
Data envio: 29/09/2021 12:17:37.982

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 12:13:08

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 12:13:14

María del Carmen Aira Díaz na data 29/09/2021 12:13:25

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:42:07
Nº Rexistro: 23042
Data envio: 29/09/2021 12:42:07.752

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a obriga de control e fiscalización da Xunta de Galiza sobre as empresas que xestionan residencias de titularidade pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza –e segundo os datos publicados no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais-- existen a día de hoxe dez residencias de titularidade pública xestionadas por empresas e entidades privadas en réxime de concesión: oito polas empresas do grupo DomusVI (Geriatros S.A. e Quavitae S.A) e dúas pola Fundación Valdegodos.

Este é un exemplo máis do modelo privatizador das residencias de maiores que drena cantidades inxentes de diñeiro público á empresa privada. Cómpre lembrar que no noso país, apenas o 20% das prazas son públicas e nin sequera todas elas están xestionadas directamente pola administración.

Malia todo, a Xunta de Galiza ten a obriga e responsabilidade de velar polo respecto dos dereitos fundamentais das persoas usuarias nestes centros, pola calidade na prestación do servizo e tamén polo cumprimento das obrigas estabelecidas nos pregos de concesión. Porén, isto non está a acontecer.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:42:07
Nº Rexistro: 23042
Data envio: 29/09/2021 12:42:07.752

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo recolle o Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes elaborado polo Consello de Contas:

Na verificación do procedemento de pago da facturación das estancias polas xefaturas territoriais detectouse que as residencias non xuntan coa factura mensual toda a documentación requirida para o pagamento. Non consta que se acompañe o organigrama e o cadro de persoal do centro coa súa identificación, número de afiliación á seguridade social e categoría profesional; nin tampouco os tc1 e tc2 da seguridade social; nin, no seu caso, as facturas dos servizos complementarios contratados.

O control efectuado nas xefaturas territoriais para a proposta e aprobación do pago da factura limítase á comprobación das incidencias relativas ás estancias dos usuarios declaradas pola entidade contratista. Tampouco se efectúa un control sobre os ingresos percibidos dos usuarios en concepto de copago do servizo.

O sinalado polo Consello de Contas é gravísimo, desde o punto de vista do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, porque evidencia unha deixadez de funcións inadmisíbel e unha actitude totalmente irregular por parte da administración pública.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que a Xunta de Galiza non desenvolve, con arranxo ao disposto na normativa vixente, o control das empresas beneficiarias de concesións públicas en residencias de maiores?

- Canto custa ás arcas públicas a concesión dos centros residenciais públicos?

- Canto custa cada unha das concesións en cada un dos centros residenciais?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:42:07
Nº Rexistro: 23042
Data envio: 29/09/2021 12:42:07.752

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantos centros están concesionados e a que empresas?

- Abriu algún expediente sancionador ou adoptar algunha medida a Xunta de Galiza contra as empresas e entidades concesionarias nos últimos catro anos?

- En caso afirmativo: en que centros, a que empresas, por que razóns e con que contido?

- Por que período de tempo teñen vixencia esas concesións? Con que condicións? Cando rematan?

- Vai adoptar algunha medida a Xunta de Galiza para recuperar a xestión pública destas residencias?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 12:39:30

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:42:07
Nº Rexistro: 23042
Data envio: 29/09/2021 12:42:07.752

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 12:39:34

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2021 12:39:55

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:53:27
Nº Rexistro: 23046
Data envio: 29/09/2021 12:53:27.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á evolución da economía galega e á valoración da Xunta de Galiza respecto do Informe de Conxuntura Socioeconómica do Foro económico de Galiza respecto do terceiro trimestre de 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de setembro de 2021 o Foro económico de Galiza facía público o seu Informe de Conxuntura Socioeconómica respecto do terceiro trimestre dese mesmo ano. En dito documento o foro analiza como o segundo trimestre do ano experimenta unha tendencia de recuperación cunha medra do 17,5% respecto ao segundo trimestre do ano anterior. É necesario recordar como naquela altura a economía internacional sufría unha contracción sen precedentes por mor da crise da covid-19, agravado polas restricións para conter as diferentes vagas e gromos da pandemia.

Malia estes datos positivos e aliñados coa evolución das economías da contorna, o Foro matiza como esta recuperación debe considerarse aínda como incompleta ao ter en conta que o PIB real aínda se atopa 4,2 puntos por baixo do nivel prepandemia. Este comportamento sería mellor que o do Estado e doutras zonas de forte industrialización na medida en que a caída foi tamén menor, como aconteceu, salvando as distancias, na crise de 2008.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:53:27
Nº Rexistro: 23046
Data envio: 29/09/2021 12:53:27.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, outra cuestión na que insiste o Foro é na desigualdade desta recuperación económica, singularmente se analizamos os diferentes sectores ou o impacto no emprego. Así, podemos ver como o medre do sector industrial é meirande no conxunto do Estado español e, porén, o medre do sector servizos é meirande en Galiza, amosando o evidente proceso de terciarización da nosa economía que era preexistente á irrupción da pandemia. Por outra banda, respecto do ámbito laboral é preocupante como o Informe sinala que se constata un deterioro na calidade do emprego (atendendo ao incremento do traballo a tempo parcial e á suba do colectivo de traballadores e traballadoras con contrato temporal ao tempo que se reducen os indefinidos) e un incremento da desigualdade entre homes e mulleres polo incremento do peso relativo do emprego a tempo parcial entre as mulleres.

É necesario que a Xunta de Galiza avalíe estes indicadores de cara a planificar a orientación da economía galega e corrixir as desigualdades e debilidades existentes.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que actuacións correctoras de política económica vai impulsar o goberno galego para afrontar as debilidades no crecemento macroeconómico que amosa o informe de conxuntura do segundo trimestre de 2021?

. Considera o goberno galego que como xa aconteceu na crise de 2008 a caída de Galiza foi máis lenta pero tamén o será a recuperación? Que vai facer para acelerala?

. Como enfrontará o goberno galego a terciarización da economía galega e elementos como a crise industrial ou a caída no sector primario?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 12:53:27
Nº Rexistro: 23046
Data envio: 29/09/2021 12:53:27.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que vai facer o goberno galego para a que evitar que esta recuperación en termos macroeconómicos signifique agravar as desigualdades sociais e laborais?

. E para evitar que esta nova recuperación macroeconómica sexa a costa da maior precarización do emprego e da maior desigualdade das mulleres?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 29/09/2021 12:49:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/09/2021 12:49:36

Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2021 12:49:45

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:45:38
Nº Rexistro: 23052
Data envio: 29/09/2021 13:45:38.125

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Rosana Pérez Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os criterios da Xunta de Galiza para a creación de novas residencias de maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza, a través da conselleira de Política Social, anunciou en días recentes que construirá unha nova residencia de maiores no Concello de Ribeira "a primeira do novo modelo" segundo avanzou o goberno galego.

Unha infraestrutura que fica á marxe das sete residencias cuxa construción está prevista nas sete cidades galegas.

Unha ledicia, deseguro, para a veciñanza de Ribeira e da comarca da Barbanza da que o Bloque Nacionalista Galego se alegra. Descoñecemos con que modelo de xestión funcionará o centro. Cómpre lembrar que a Xunta de Galiza xa é titular dun centro residencial nesta vila en mans da empresa DomusVI.

Ao grupo nacionalista gustaríanos coñecer que criterios utiliza a Xunta de Galiza para decidir a ubicación das novas infraestruturas sociais, concretamente de residencias de maiores toda vez que no noso país existe un enorme déficit de prazas públicas.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:45:38
Nº Rexistro: 23052
Data envio: 29/09/2021 13:45:38.125

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai moitos concellos e comarcas que precisan deste servizo público para garantir o dereito a unha vellez digna e nos que a Xunta de Galiza non prevé realizar ningún investimento e mesmo ten rexeitado expresamente calquera construción.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que criterios utiliza a Xunta de Galiza para determinar en que concellos se construirán as novas residencias de maiores?

- Que novas residencias de maiores ademais de Ribeira e as das 7 cidades, ten previsto levar a cabo nos próximos catro anos a Xunta de Galiza?

- Con que investimento?

- Seguirá favorecendo a empresa privada o Goberno galego concedéndolle a xestión dos centros públicos?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Rosana Pérez Fernández
Iria Carreira Pazos
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:45:38
Nº Rexistro: 23052
Data envio: 29/09/2021 13:45:38.125

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2021 13:43:39

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 13:43:43

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 13:43:50

Rosana Pérez Fernández na data 29/09/2021 13:43:58

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:19:37
Nº Rexistro: 23072
Data envio: 29/09/2021 17:19:37.967

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Daniel Pérez López**, **Carme González Iglesias** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os parques eólicos proxectados no concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A páxina web do Rexistro eólico de Galiza amosa varios proxectos para a instalación de parques eólicos no Concello de Ferrol, denominados CT/SUB:264.BRIÓN, CT/SUB:310.FERROL, e CT/SUB:222.MONTEVENTOSO, este último afectaría tamén ao concello de Narón.

O grupo parlamentar do BNG temos presentada, a través do artigo 9 do regulamento, unha solicitude para que se nos remita copia dos expedientes de eses proxectos, con data de rexistro do 13 de abril do 2021.

No momento en que redactamos a presente iniciativa aínda non se nos facilitou a documentación solicitada.

O grupo municipal do BNG do concello de Ferrol dirixiuse o 19 de abril do 2021 directamente á Dirección Xeral de Planificación enerxética e recursos naturais para solicitar información de eses proxectos e foille remitida a documentación ambiental de inicio, onde se concretan entre outros extremos o número e dimensións de aeroxeradores, ou o territorio que ocuparían as poligonais dos parques.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:19:37
Nº Rexistro: 23072
Data envio: 29/09/2021 17:19:37.967

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, carecemos de máis información ao respeito duns proxectos que teñen provocado gran alarma social nos concellos de Ferrol e Narón, xa que os lugares onde se prevé a instalación dos parques, nos altos da entrada da ría, na parroquia de Brión, e por detrás da liña de costa das praias de Doniños, San Xurxo e Ponzos, están moi próximos a zonas habitadas, e son ademais lugares de gran valor paisaxístico, natural, e cultural, de feito están ao pé de lugares que gozan de diferentes figuras de protección, entre eles o LIC Costa Ártabra. Todos eles lugares emblemáticos, moi visitados, inmensamente apreciados por todos os veciños e veciñas da comarca de Ferrol.

Por outra banda parece imposíbel evitar o impacto visual desde practicamente todo o casco urbano de Ferrol que tería o parque denominado Ferrol, na parroquia de Brión, xusto enriba do Castelo de San Felipe, a maior abundamento parte fundamental do denominado Conxunto arsenal castelos da Ría de Ferrol, proposto unanimemente polo Parlamento galego, e por iniciativa do BNG, para a súa declaración como patrimonio da humanidade no ano 2001.

É por isto que se formulan as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cantos proxectos eólicos existen a día de hoxe que afecten aos ámbitos territoriais dos concellos de Ferrol e Narón?

2. Que documentación ten a Xunta de Galiza e os seus organismos dependentes relativa a estes proxectos? En que fase está cada un deles?

3. Ten realizado a Xunta de Galiza algún trámite relacionado con eles, ou emitido algún informe? Cantos departamentos da Xunta ou organismos dependentes están agora mesmo elaborando informes relativos a estes proxectos? Cales son? En que

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:19:37
Nº Rexistro: 23072
Data envio: 29/09/2021 17:19:37.967

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prazos estarán rematados e a disposición das persoas afectadas, entidades interesadas, e grupos políticos?

4. Por que a Xunta de Galiza incumpre reiteradamente a súa obriga de facilitar aos grupos parlamentares a información que obra no seu poder solicitada pola vía do artigo 9 do regulamento?

5. Por que a Xunta de Galiza mantén paralizada a ampliación da REDE NATURA prevista desde o ano 2008 que significaría a ampliación da zona protexida LIC Costa Ártabra?

6. Por que a Xunta de Galiza carece de iniciativas para a valorización do patrimonio histórico e arqueolóxico situados nestas zonas da Costa Ártabra e mantén en estado ruinoso mámoas e castros situados nas zonas próximas ás poligonais dos parques proxectados?

7. Coñece a Xunta de Galiza en que situación se atopa a solicitude impulsada unanimemente polo Parlamento Galego para a declaración do Conxunto arsenal castelos da ría de Ferrol como patrimonio da humanidade? Que consecuencias considera a Xunta de Galiza que terían os proxectos eólicos sobre as posibilidades de esta declaración? Considera que son compatíbeis? Cales son as prioridades da Xunta de Galiza a este respeito?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Carme González Iglesias

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:19:37
Nº Rexistro: 23072
Data envio: 29/09/2021 17:19:37.967

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/09/2021 17:12:03

María do Carme González Iglesias na data 29/09/2021 17:12:07

Daniel Pérez López na data 29/09/2021 17:12:16

Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2021 17:12:24

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:48:31
Nº Rexistro: 23075
Data envio: 29/09/2021 17:48:31.529

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consultorio que o Sergas mantiña na rúa Manuel Comellas do concello de Ferrol, situada no barrio de Ferrol Vello, continua pechado tras a decisión da Area Sanitaria de Ferrol de pechalo coa escusa da pandemia da covid-19 en marzo do ano pasado, trasladando o servizo ao centro de saúde Fontenla Maristany.

O consultorio de Ferrol Vello tiña asignadas ao redor dun milleiro de tarxetas sanitarias. A situación actual, co consultorio pechado, é rexeitada enerxicamente pola veciñanza do barrio que reclama que se poña de novo en funcionamento. Hai que ter en conta que unha boa parte das persoas usuarias que vive no barrio son xente de avanzada idade, e ter que desprazarse até o Fontenla Maristany supón un trastorno para elas.

A Xunta de Galiza ven reducindo e concentrando servizos en detrimento dun modelo asistencial de proximidade e presencial, absolutamente necesario desde o punto de vista preventivo, e agora o consultorio de Ferrol Vello parece ter o mesmo futuro que o consultorio que existía na Graña e que atendía á veciñanza dunha parte da zona rural de Ferrol.

Para o BNG a Xunta debera reforzar a sanidade pública no seu conxunto e nomeadamente os servizos de atención primaria, reabrindo os consultorios pechados, e dotándoos dos recursos humanos e técnicos necesarios para recuperar definitivamente as

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:48:31
Nº Rexistro: 23075
Data envio: 29/09/2021 17:48:31.529

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consultas presenciais. Un servizo sanitario próximo ás persoas usuarias é preciso para unha correcta prestación da asistencia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza de cantas persoas eran atendidas no Consultorio de Ferrol Vello? Ten coñecemento a Xunta de Galiza de cal é a poboación do barrio de Ferrol Vello, e a súa media de idade? Por que razón obvia a Xunta de Galiza os prexuízos que causa esta medida ás persoas usuarias?

2. Como concilia a Xunta de Galiza a concentración da prestación de servizos e a posibilidade de que as persoas que prestan o servizo de atención primaria cheguen a coñecer ás persoas usuarias? Como concilia esta concentración coa atención presencial? Como concilia esta concentración coas medidas anti-covid?

3. Considera a Xunta de Galiza que as infraestruturas do Centro de saúde Fontenla Maristany son óptimas ou suficientes para a recuperación da atención presencial? Non supón un hándicap sumarlle poboación usuaria?

4. Considera a Xunta de Galiza que o peche do consultorio vai contribuír positivamente á recuperación do barrio? Non é contraditorio e antieconómico anunciar medidas de rehabilitación urbanística a cargo dos orzamentos da Xunta e ao mesmo tempo retirar servizos básicos?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 17:48:31
Nº Rexistro: 23075
Data envio: 29/09/2021 17:48:31.529

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/09/2021 17:46:10

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 17:46:13

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 17:46:21

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:53:57
Nº Rexistro: 23106
Data envio: 30/09/2021 12:53:57.427

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O problema da variabilidade e a falta de atención por parte da Xunta de Galicia sobre as zonas de libre marisqueo da ría de Arousa ten sido obxecto de numerosas críticas e problemas xurdidos dende o sector traballador do mar. Sen embargo a posición rocosa e conformista do goberno da Xunta de Galicia ten fomentado a perda de capacidade produtiva da ría, o que vén aumentando o abandono de permisos de marisqueo que teñen caído en preto de 3000 na última década.

O modelo de xestión das zonas de libre marisqueo foi tamén un problema xerado pola Consellería do Mar, quen abandonou as súas responsabilidades entregando a capacidade de xestión ás propias confrarías pero sen dotar dos medios axeitados os recursos necesarios para elo. O obxectivo do Goberno galego de fomentar a existencia de dificultades e problemas estase a cumprir, pero a gravidade da situación aumenta no que corresponde á produción e aproveitamento do traballo por parte do sector do mar.

Nas recentes datas volven a existir problemas derivados do abandono da xestión que fixo a Xunta de Galicia dos bancos marisqueiros na ría de Arousa, fomentando a confrontación entre o sector que tanto rédito lle dá e ao igual que fixo noutros ámbitos como mexilloeiros fronte a bateeiros.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a situación actual dos conflitos entre confrarías existentes con respecto á xestión dos bancos de libre marisqueo na ría de Arousa?
2. Ten a intención o goberno da Xunta de Galicia de funcionar como mediadora no que corresponde á xestión dos bancos de libre marisqueo na ría de Arousa?
3. Por que a Xunta de Galicia abandonou a xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro do 2021

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:53:57
Nº Rexistro: 23106
Data envio: 30/09/2021 12:53:57.427

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2021 12:33:43

Patricia Otero Rodríguez na data 30/09/2021 12:33:50

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:55:37
Nº Rexistro: 23115
Data envio: 30/09/2021 12:55:37.390

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e **Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Nos últimos anos e na sociedade actual, o sector turístico ten que renovarse continuamente o que implica a necesidade de mellorar a calidade da oferta, así como unha loita continua contra o axuste estacional. Neste contexto xorden os xeodestinos. Temos aquí unha gran ferramenta na nosa terra para axudar ó sector turístico a saír desta crise no que está inmerso.

Os xeodestinos turísticos que existen actualmente en Galicia están agrupados por concellos das catro provincias galegas, onde espazos de interese natural e histórico agardan ao viaxeiro.

A Lei 7/2011 de turismo de Galicia, do 27 de outubro, recolle no seu artigo 23 o concepto de xeodestinos turísticos, que define como *"'as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseado nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais.* " O artigo sinala que será *"a consellería competente en materia de turismo"* a encargada de definir estes xeodestinos, previa consulta cos concellos e *"Cas entidades supramunicipais interesadas"*.

O ritmo de traballo arredor dos xeodestinos que a Xunta de Galicia amosou no 2011 - Lei de turismo en outubro e mapa en novembro - non veu acompañada dun desenvolvemento normativo posterior. E a actuación da Xunta de Galicia ten xerado tanto as queixas dos concellos como amplas dúbidas da situación real dos xeodestinos.

O escaso tempo transcorrido entre a presentación da lei e o mapa, fai albergar dúbidas razoables acerca de se a Xunta de Galicia - como dixo daquela - tivo oportunidade de contar coa opinión de todos os concellos de Galicia. Ademais, o mapa de xeodestinos nunca foi elevado á categoría de documento oficial. Non foi obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*. A pesares diso, o mapa foi revestido de oficialidade e, de feito, é o documento que a propia Xunta de Galicia vén tendo en conta á hora de distribuír as axudas públicas ós xeodestinos.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:55:37
Nº Rexistro: 23115
Data envio: 30/09/2021 12:55:37.390

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O Grupo Parlamentario Socialista lamenta a confusión xerada pola Xunta de Galicia en torno ó concepto de xeodestino, confusión que lle resta eficacia á hora de converterse no instrumento impulsor do turismo que recolle a Lei 7/2011. Algo que resulta especialmente grave neste momento de crise sociosanitaria, no que o sector turístico precisa claridade e políticas de estimulo para sobreporse ó efecto da covid.

O Parlamento galego aprobou por unanimidade o pasado mes de marzo unha proposición non de lei onde o Grupo Socialista instaba a Xunta de Galicia a que, unha vez atendidas as consultas e achegas relativas á modificación do Mapa de Xeodestinos presentadas polas entidades locais, e segundo o artigo 23 da Lei de turismo de Galicia, despois da consulta aos concellos e entidades supramunicipais, proceda á elaboración e publicación do mapa definitivo dos xeodestinos turísticos de Galicia, así como a que desenvolva un marco normativo que regule esta figura e a definición do seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa.

A Xunta de Galicia ten que abrir un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos.

E ese mapa resultante dese proceso, unha vez escoitadas as suxestións dos concellos e feitos os cambios oportunos, deberá adquirir un verdadeiro carácter oficial coa a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. **A**briu a Xunta de Galicia un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos?
2. Que está a facer a Xunta de Galicia para desenvolver o marco normativo, para definir con claridade o proceso de creación dos xeodestinos, así como a definición dos seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa?

Pazo do Parlamento, 30 de setembro do 2021

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:55:37
Nº Rexistro: 23115
Data envio: 30/09/2021 12:55:37.390

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 30/09/2021 12:37:38

Martín Seco García na data 30/09/2021 12:37:48

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:59:23
Nº Rexistro: 23117
Data envio: 30/09/2021 12:59:23.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Alexandra Fernández Gómez** e **María González Albert**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre os datos, informes e/ou estudos que manexa a CRTVG para deseñar a programación da TVG e a súa distribución en franxas horarias.

Exposición de motivos

Na súa comparecencia relativa ao informe de servizo público o director xeral da Corporación argumentou a decisión de mover cara ás 23h a emisión de series e filmes na televisión pública de Galiza afirmando que se está a producir unha mudanza nos hábitos da audiencia.

De facto, citáronse cifras coas que se están a soster esa decisión. Porén, na devandita memoria de servizo público non se xustifican esas decisións, máis ao contrario, refírese unha mudanza mais a se adiantar o prime time.

O entretemento que propón a TVG segue a ser referencia nos medios públicos de Galicia, se ben estase a producir un desprazamento da audiencia que consome entretemento no prime time cara ao último tramo das tardes.

Relegar a ficción galega ao *late night* e á segunda canle (G2) no caso do cinema non favorece que esta chegue ao seu público potencial máis ao contrario.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:59:23
Nº Rexistro: 23117
Data envio: 30/09/2021 12:59:23.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que datos, informes e/ou estudos manexa a CRTVG para deseñar a programación da TVG e a súa distribución en franxas horarias?

- Cre a dirección xeral que cumpre a misión de servizo público?

- Que estratexia ten a TVG para a ficción?

- Que papel lle atribúe a series.gal e á futura OTT?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

María González Albert

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:59:23
Nº Rexistro: 23117
Data envio: 30/09/2021 12:59:23.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 30/09/2021 12:57:40

María González Albert na data 30/09/2021 12:57:44

Alexandra Fernández Gómez na data 30/09/2021 12:57:52

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:11
Nº Rexistro: 23133
Data envio: 30/09/2021 13:56:11.610

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de dispoñer da versión en galego nas redes sociais e aplicacións de intelixencia artificial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xeito de comunicarnos e relacionarnos co mundo e coas persoas cambiou moito nas últimas décadas e anos. Un dos principais motivos deste troco está relacionado coa aparición das redes sociais e da Intelixencia Artificial.

Estas plataformas mudaron de xeito radical a maneira de falar coas persoas, de coñecer xente, de traballar ou de empregar os instrumentos que nos rodean entre outros moitos aspectos. Neste sentido, todas as persoas viron as súas vidas afectadas por esta revolución dixital, mais se houbo alguén que o notou directamente foi a mocidade.

A mocidade está case dun xeito constante nas redes sociais e polo tanto unha grande parte da súa comunicación se leva a cabo nas mesmas. Deste xeito, resulta evidente que a presenza da lingua galega en todas estas plataformas se volve vital para a súa normalización.

As razóns que explican esta afirmación son moi sinxelas. A primeira é por unha sinxela cuestión de dereitos lingüísticos. Os e as galegas e calquera outro habitante do

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:11
Nº Rexistro: 23133
Data envio: 30/09/2021 13:56:11.610

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mundo ten dereito a poder ter as súas redes sociais ou a comunicarse cos instrumentos que a rodean en galego, na súa lingua.

A segunda está relacionada coa plena normalización da nosa lingua. Unha lingua non pode estar normalizada se non ten presenza nos espazos no que os seus falantes están ou participan dun xeito constante.

Por último, temos a razón do prestixio. Sermos capaces de permitir que o Facebook, o Instagram, o Twitter, o Tiktok, Siri, Whatsapp, Twitch ou moitas outras aplicacións estean en galego fornecerían á nosa lingua dun maior prestixio que facilitaría que moitas persoas desen o paso a falar galego.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é a razón que explique que en pleno 2021 os e as galegas non teñamos a posibilidade de ter as nosas redes sociais ou de empregar a Intelixencia Artificial na nosa lingua?

. Está disposta a Xunta de Galiza a realizar os esforzos necesarios para que poidamos empregar todas as redes sociais e plataformas de Intelixencia Artificial en galego canto antes?

. Cando poderán os e as galegas empregar a nosa lingua nas súas redes sociais e aplicacións de Intelixencia Artificial?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:56:11
Nº Rexistro: 23133
Data envio: 30/09/2021 13:56:11.610

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/09/2021 13:52:55

Mercedes Queixas Zas na data 30/09/2021 13:52:58

Daniel Castro García na data 30/09/2021 13:53:06

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:32:51
Nº Rexistro: 23146
Data envio: 30/09/2021 16:32:51.454

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Mercedes Queixas Zas e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á demanda dunha solución para o sector da produción industrial de aluminio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade da Coruña segue inmersa nun proceso de desindustrialización ante o que o goberno galego parece asistir na distancia como simple observador, botando balóns fora, e renunciando a exercer a súas competencias, no que representa unha dimisión de feito das súas responsabilidades de goberno.

Neste proceso salienta a crise da planta de Alu Ibérica na Coruña, cuxo persoal, sometido por activa e por pasiva a todo tipo de tensións, está a vivir unha grave situación laboral e persoal.

En resumo, un comportamento empresarial delituoso e unha tolerancia gobernativa imposíbel de xustificar están a piques de consumar o peche definitivo da fábrica e a perda de 300 empregos industriais na comarca da Coruña.

A relación de incumprimentos empresariais é longa de reproducir, e a cronoloxía de feitos é coñecida, aínda que a Xunta de Galiza pretenda borrarse daquelas fotos que retrataron os acordos que están na orixe da actual situación, e que foron a causa e a garantía necesaria para conseguir, na altura, a conformidade da parte social.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:32:51
Nº Rexistro: 23146
Data envio: 30/09/2021 16:32:51.454

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade o administrador xudicial vén de solicitar na Audiencia o preconcurso, así como autorización para negociar un ERTE para todo o cadro de persoal.

Unha vez iniciados estes trámites o desenlace pode acelerarse, e non sería de recibo que aqueles que apadriñaron aquela solución queiran desentenderse.

Compre unha vontade decidida por parte dos gobernos para salvar a fábrica, a comezar por unha outra actitude, por exercer un liderado proactivo na procura de socios industriais e no deseño dun plan industrial.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Coñece a Xunta de Galiza a actual situación da fábrica de Alu Ibérica a nivel xudicial? Ten contacto coa representación do persoal ou coa nova administración da fábrica?

. Que valoración fai da información que lle transmiten cada unha das dúas partes?

. Por que a Xunta de Galiza veta calquera participación do goberno galego nunha posíbel solución industrial para a fábrica?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:32:51
Nº Rexistro: 23146
Data envio: 30/09/2021 16:32:51.454

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/09/2021 16:28:27

Daniel Pérez López na data 30/09/2021 16:28:30

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/09/2021 16:28:40

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:52:53
Nº Rexistro: 23154
Data envio: 30/09/2021 16:52:53.794

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Chantada encóntrase un convento denominado S. Salvador de Asma, que conta co recoñecemento BIC en plena Ribeira Sacra.

Parece ter a súa orixe no século IX, a súa fundación foi familiar, descoñécese ata cando se mantivo como dúplice e foi rexido por distintas ordes ata que chegou ao fin da súa existencia, ata o ano 1496 foi abadía . A partir do Trienio Liberal (1820-1823) as súas dependencias foron vendidas ao priorato de San Benito el Real de Valladolid. A orde Benedictina foi a que o conduciu dende o s.XII ata o 1835 no que o seu papel como mosteiro finaliza para comezar a desamortización.

Evidentemente o paso dos séculos foi deixando distintas señas no conxunto monumental, todas elas de gran valor. A igrexa atópase plenamente conservada e restaurada ofrecendo culto relixioso con normalidade, ten ao seu pé un cemiterio parroquial.

O convento anexo está en mans privadas, pechado a cal e canto e con evidentes signos de deterioro xa nos anos 80, non se conta con fotografías posteriores, xa daquela se vía que sufrira grandes modificacións que o seu propietario promoveu para acomodar

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:52:53
Nº Rexistro: 23154
Data envio: 30/09/2021 16:52:53.794

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o convento ás necesidades da actividade agrícola e gandeira e aparcamento de maquinaria.

A importancia histórico-artística e cultural do mosteiro de S. Salvador de Asma e indiscutible para toda a comarca chantadina. A súa influencia esténdese dende a arquitectura que inflúe no románico da zona como sobre a vida social e económica da zona posuíndo moitas terras de cultivo e actuando na Idade Media como Señorío Feudal.

É imperativo facer valer a normativa BIC, inspeccionar o monumento e proceder ás corrección oportunas para que posteriormente se poida abrir ao público.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten o Goberno da Xunta algún plan para a inspección e control da conservación dos elementos BIC da Ribeira Sacra?

. É consciente o Goberno galego do estado de deterioro do Mosteiro adxacente á igrexa de S. Salvador de Asma?

. No caso de que o estado sexa deplorable, como podemos sospeitar, que medidas sancionadoras se tomarán de cara ao propietario?

. Que medidas vai tomar a Xunta para garantir que este elemento BIC poida ser visitado?

. Vai a Xunta intervir para inspeccionar o mosteiro de S. Salvador de Asma co fin de avaliar o estado de conservación para devolvelo para o desfrute público?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 16:52:53
Nº Rexistro: 23154
Data envio: 30/09/2021 16:52:53.794

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/09/2021 16:49:35

Mercedes Queixas Zas na data 30/09/2021 16:49:38

María del Carmen Aira Díaz na data 30/09/2021 16:49:46

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:21:29
Nº Rexistro: 23162
Data envio: 30/09/2021 17:21:29.716

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e **Carme González Iglesias**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A illa de San Simón é un espazo de extraordinario valor cultural, natural, histórico e paisaxístico. En 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, e a illa e a súa enseada forman parte da Rede Natura 2000.

A illa ten un grande valor simbólico como espazo da memoria histórica galega: escenario da represión franquista entre 1936 e 1943, foi tamén lugar da loita pola liberdade, da solidariedade e da resistencia democrática fronte ao fascismo.

A páxina web da Xunta de Galicia fai referencia explícita a esta cuestión:

Un dos obxectivos da Illa de San Simón é o fomento da memoria histórica a través de accións de investigación, análise e divulgación sobre a base do acontecido no arquipélago, que entre 1936 e 1943 foi convertido en cárcere de presos políticos e espazo de represión polo réxime da Ditadura de Franco.

Este tráxico pasado ten convertido a San Simón nun símbolo da dignificación das súas vítimas, e no máis axeitado escenario para traballar na recuperación da nosa historia e afortalar na nosa sociedade os valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos e civís.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:21:29
Nº Rexistro: 23162
Data envio: 30/09/2021 17:21:29.716

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia esta declaración de intencións, a realidade é que a partir do ano 2009 desapareceron os contidos e a programación de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica democrática de iniciativa institucional, de xeito que a única actividade anual que se realiza na Illa relativa a esta temática está organizada polos colectivos memorialistas galegos.

A ausencia dun plan de usos da illa e dunha programación institucional estábel de iniciativa pública está a provocar de feito a privatización do espazo coa proliferación de actividades organizadas por empresas e de marcado interese comercial.

É habitual que empresas privadas desenvolvan na illa procuras do tesouro, festivais, ceas e todo tipo de celebracións e actos lúdicos que non son propios dun espazo con este significado e simbolismo.

Para o BNG constitúe unha auténtica ignominia e unha ofensa á memoria das vítimas que se organicen estas actividades lúdicas nun espazo que foi un lugar de cautiverio, de terror, de fame, de illamento e de morte, o máis terríbel de toda Galiza, no que estiveron encarceradas máis de 6.000 persoas e no que centos de presos morreron de fame, de enfermidade e por asasinatos centos delas. Acaso alguén imaxina que empresas privadas organicen ceas de Samaín e visitas con probas terroríficas en cemiterios ou campos de concentración?

Para os colectivos e persoas comprometidas coa recuperación da memoria histórica, a Illa de San Simón non pode ser un parque temático recreativo, un parque de atraccións, unha zona de acampamento, e tampouco a illa do tesouro.

É un lugar histórico, natural e cultural que merece coidado e dinamización. E que debe ser tratado con respecto e sensibilidade.

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:21:29
Nº Rexistro: 23162
Data envio: 30/09/2021 17:21:29.716

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que criterios segue a Xunta de Galiza para autorizar todo tipo de actividades lúdicas e recreativas na illa de san Simón?

. Considera a Xunta de Galicia que nas actividades desenvolvidas na illa de San Simón ocupa un lugar axeitado a recuperación da memoria histórica e nomeadamente o coñecemento e lembranza da etapa en que foi campo de concentración?

. Considera a Xunta de Galiza que un BIC que ademais é un lugar de memoria pode acoller todo tipo de actividades lucrativas e que ofenden a memoria das vítimas do franquismo?

. Ten previsto a Xunta de Galiza aprobar un Plan de usos da illa de San Simón e promovela como espazo simbólico da represión, da resistencia contra o terror franquista e da loita polas liberdades e os dereitos democráticos?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:21:29
Nº Rexistro: 23162
Data envio: 30/09/2021 17:21:29.716

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 30/09/2021 17:18:32

Alexandra Fernández Gómez na data 30/09/2021 17:18:34

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2021 17:18:40

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:33:21
Nº Rexistro: 23170
Data envio: 30/09/2021 17:33:21.373

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Alexandra Fernández Gómez** e **Carme González Iglesias**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o cumprimento por parte da Xunta de Galiza das obrigas derivadas da concesión da illa de San Simón e San Antón outorgada polo Ministerio de Medio Ambiente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A illa de San Simón é un ben pertencente ao dominio público marítimo-terrestre cuxa titularidade pertence ao Estado. Por Orde do 19 de setembro de 1997, o Ministerio de Medio Ambiente outorgou á Xunta de Galicia a concesión da ocupación de 33.361 m2 de terreos para usos relacionados cos recursos mariños. Posteriormente, con data de 12 de xullo de 2001, autorizábase a modificación da concesión anterior para levar a cabo as obras contidas no "Plan Director das Illas de San Simón e San Antonio", de conformidade coas condicións que substitúen na súa totalidade as contidas na Orde anterior.

Segundo esta concesión, a illa non poderá dedicarse a usos distintos dos incluídos na concesión, que recolle como uso principal o docente e cultural. Queda prohibido expresamente o uso hoteleiro e establécese o principio de acceso público e gratuíto.

Ademais da súa natureza de ben de dominio público, a Xunta de Galicia declarou as illas de San Simón e San Antonio Ben de Interese Cultural, coa categoría

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:33:21
Nº Rexistro: 23170
Data envio: 30/09/2021 17:33:21.373

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Sitio histórico. Neste sentido, as administracións con competencias na materia están obrigadas a cumprir o establecido na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia nomeadamente en relación coa obriga de aprobar plans especiais de protección.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Está cumprindo a Xunta de Galiza as obrigas derivadas da concesión da illa de San Simón e San Antón, outorgada polo Ministerio de Medio Ambiente na Orde do 12 de xullo de 2001?

2. Considera o goberno galego que a organización por empresas privadas de actividades hostaleiras como ceas se axustan ás condicións da concesión?

3. Considera a Xunta de Galiza que un BIC é un espazo axeitado para a organización de actividades lucrativas como ceas por parte de empresas privadas?

4. O edificio no que se desenvolven estas actividades hostaleiras están acondicionados para este uso?

5. Quen se fai cargo dos gastos de vixilancia, consumo enerxético e outros medios necesarios para a organización destas actividades lucrativas?

6. Existe algunha concesión de servizos na illa que inclúa a organización de actividades hostaleiras e concretamente a organización de ceas polas que as persoas asistentes pagan 30 euros, incluída a viaxe?

7. Estanse cumprindo as condicións da concesión no relativo ao acceso público e gratuíto a San Simón?

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 17:33:21
Nº Rexistro: 23170
Data envio: 30/09/2021 17:33:21.373

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Está aprobado o Plan Especial de Protección do sitio histórico Illas de San Simón e San Antón, a que obriga a Lei de patrimonio cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

C**arme González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2021 17:30:19

María do Carme González Iglesias na data 30/09/2021 17:30:23

Alexandra Fernández Gómez na data 30/09/2021 17:30:29

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 18:19:35
Nº Rexistro: 23175
Data envio: 30/09/2021 18:19:35.489

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela, Luis Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Os ríos Deza e Asneiro (afluente do primeiro) levan décadas sufrindo episodios de contaminación reiterados. Este verán tiveron lugar polo menos cinco perfectamente visibles, un dos cales provocou efectos en forma de espuma branca que cubría o río case por completo, e que chegou a apreciarse con nitidez á altura do coto de Ximonde, decenas de quilómetros máis abaixo, para rematar desembocando –aínda perfectamente visible- na ría de Arousa. O último deses tres vertidos tivo lugar o 1 de setembro, pero a día de hoxe non coñecemos resultado algún da investigación que debería terse levado a cabo.

Estes vertidos, reiterados ó longo do tempo e nunca solucionados pola administración autonómica, están empeorando e acadando niveis esaxerados ante a pasividade da propia Xunta e do concello de Lalín, onde están radicados o parque empresarial e a depuradora dos que se supón que proceden na súa maioría.

Non pode permitirse nin un minuto máis esta situación de pasividade e desleixo ante un problema ecolóxico grave porque estamos falando de ecosistemas fluviais de gran valor ecolóxico (como o Asneiro, o Deza e o Ulla) que perderon a maior parte da riqueza piscícola e ambiental que tiñan no pasado e se están estragando de xeito constante, sobre todo considerando que o cambio climático provoca unha diminución do nivel dos nosos ríos, agravándose o problema ano a ano.

Ademais dos problemas ecolóxicos asociados á contaminación, os ríos afectados son obxecto de captación de augas para o consumo da poboación.

Dous dos episodios de contaminación referidos foron denunciados ante o Seprona e a Fiscalía pola asociación AEMS-Ríos con Vida e pola Sociedade Deportiva Río Deza no mes de agosto.

A Xunta de Galicia ten a obriga de protexer os ecosistemas fluviais de Galicia, principalmente en virtude de tres leis: a de pesca continental de Galicia, a de

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 18:19:35
Nº Rexistro: 23175
Data envio: 30/09/2021 18:19:35.489

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

patrimonio natural de Galicia e a de protección ambiental de Galicia, cada unha con cadanseu réxime sancionador e coa posibilidade de adoptar medidas preventivas antes incluso de calquera sanción ante a mera posibilidade de danos medioambientais. Estas leis, contrariamente ó que parece considerar a Xunta, non son de aplicación opcional para a administración senón que impoñen obrigas concretas que especifican e particularizan a nivel galego o dereito a un medio ambiente adecuado que configura o artigo 45 da nosa Constitución e a lexislación básica estatal en materia medioambiental.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Investigou a Xunta de Galicia como titular principal da competencia de defensa dos ecosistemas fluviais os episodios de contaminación producidos nos ríos Asneiro e Deza este verán?

2.ª) En caso afirmativo, en que consistiu esa investigación e que medios se empregaron?

3.ª) En caso afirmativo, cal é o resultado desa investigación?

4.ª) Vai a Xunta a adoptar algún tipo de medida para impedir os vertidos nos ríos Asneiro e Deza?

5.ª) Cantas sancións impuxo a Xunta de Galicia nos últimos 10 anos por vertidos ós ríos Asneiro ou Deza?

6.ª) Por que importes?

7.ª) Que medidas preventivas adoptou a Xunta de Galicia nos últimos 10 anos para impedir a contaminación nos ríos Asneiro e Deza?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Julio Torrado Quintela
Luis Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 18:19:35
Nº Rexistro: 23175
Data envio: 30/09/2021 18:19:35.489

Pablo Arangüena Fernández na data 30/09/2021 16:58:04

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2021 16:58:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/09/2021 16:58:27

Patricia Otero Rodríguez na data 30/09/2021 16:58:38

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGOXSs9vbDZ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/